IES DE PONTE CALDELAS

# *PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA*

**CURSO 2022/2023**

# *DEPARTAMENTO DE FILOSOFÍA*

**INDICE:**


1. **COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO** (PAX. 3)
2. **NORMATIVA E CONTEXTUALIZACIÓN** (PAX. 4-5)
3. **PROGRAMACIÓN DE VALORES ÉTICOS EN 2º e 4º ESO** (PAX. 13-41)
4. **PROGRAMACIÓN DE FILOSOFÍA EN 4ºESO** (PAX. 42-60)
5. **PROGRAMACION DE HISTORIA DA FILOSOFÍA EN 2º BACHARELATO** (PAX. 61-77)
6. **PROGRAMACIÓN DE PSICOLOXÍA EN 2º BACHARELATO** (PAX 78-100)
7. **PROGRAMACIÓN DE PROBLEMAS ÉTICOS ACTUAIS EN 2º BACHARELATO (**PAX.101-120**)**
8. **CONCRECIÓN DE ELEMENTOS TRANSVERSAIS.**(PAX. 121-124)
9. **MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.** (PAX. 125)
10. **DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS.** (PAX. 126)
11. **INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.** (PAX. 127-128)
12. **MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.** (PAX. 129)
13. **ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.** (PAX. 130)

## 1- COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO

O **Departamento de Filosofía** está formado por 2 profesoras: Begoña Rivas (xefa do Departamento) e Cristina Rigueira (media xornada de 10 horas). O reparto de materias e horas lectivas no presente curso é o seguinte:

| PROFESORADO DO DEPARTAMENTO | MATERIAS | CURSOS | GRUPOS | HORAS SEMANAIS |
|---|---|---|---|---|
| Cristina Rigueira | Valores éticos | 2º ESO | A | 1 |
| Cristina Rigueira | Valores éticos | 2º ESO | B | 1 |
| Cristina Rigueira | Valores éticos | 2º ESO | C | 1 |
| Cristina Rigueira | Educación en Valores cívicos e éticos | 3º ESO | A | 1 |
| Cristina Rigueira | Educación en Valores cívicos e éticos | 3º ESO | B | 1 |
| Cristina Rigueira | Educación en Valores cívicos e éticos | 3º ESO | C | 1 |
| Begoña Rivas | Valores éticos | 4º ESO | A+B | 1 |
| Cristina Rigueira | Valores éticos | 4º ESO | C | 1 |
| Cristina Rigueira | Filosofía | 4º ESO | A+C | 3 |
| Begoña Rivas | Filosofía | 1º Bacharelato | A | 3 |
| Begoña Rivas | Filosofía | 1º Bacharelato | B | 3 |
| Begoña Rivas | Antropoloxía | 1º Bacharelato | B | 4 |
| Begoña Rivas | Historia da Filosofía | 2º Bacharelato | B | 4 |
| Begoña Rivas | Psicoloxía | 2º Bacharelato | A+B | 3 |
| Begoña Rivas | Problemas éticos actuais | 2º Bacharelato | A+B | 1 |
| **TOTAL HORAS** | | | | **29** |

Begoña Rivas asume tamén a titoría de 2ºBacharelato B

## 2- NORMATIVA

1. Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación. ( LOE) - ( Texto consolidado. Última modificación: 29 Xullo de 2015)
2. Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa. (BOE, 10 decembro do 2013).
3. Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG, 29 de xuño de 2015).
4. Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato. (BOE, 29 de xaneiro do 2015).

## Contextualización da programación:

-**Contexto socio-económico, lingüístico e educativo:** O IES de Ponte Caldelas localízase nunha comarca de carácter marcadamente rural con todos os condicionantes socioeconómicos que isto implica: crise demográfica, economía subsidiaria dos núcleos urbanos, redes de comunicación moi deficientes, escasa oferta laboral no entorno propio e un marcado sesgo de xénero no tocante ás ocupacións profesionais e responsabilidades familiares. Gran parte do alumnado ten a súa residencia entre 5 e 20 km de distancia e desprázase ao instituto en transporte escolar. O alumnado procede dunha estensa zona xeográfica: concellos de Ponte Caldelas, Fornelos de Montes e A Lama.

O ámbito doméstico do alumnado caracterízase pola diferenza de oportunidades e expectativas no proxecto de vida e o entorno familiar dunha parte sinalada do alumnado caracterízase pola baixa cualificación académica e profesional que, sumada ás actuais dificultades socioeconómicas da comarca, repercuten na vida académica da mocidade e, por suposto, nas súas expectativas vitais. .

Neste contexto de dispersión territorial co centro escolar como nudo gravitatorio da socialización, o alumnado acode ao instituto con regularidade e amosa unha pautas de convivencia no centro positivas e integradoras, sendo en cambio difícil trasladar estas actitudes positivas ao eido dos resultados académicos.

Os seus resultados académicos son modestos nos primeiros cursos da ESO. Á falta de esforzo xeneralizada súmanselle carencias notables na expresión escrita e oral e na capacidade de incorporar novos coñecementos sobre unha base solidamente construída; ademais moitas familias non poden proporcionar apoio nas tarefas escolares.Tras a ESO, quen continúa os estudos de Bacharelato adoita ter bos resultados e valora a súa formación como un camiño que lle facilitará opcións profesionais fóra da comarca. Respecto deste nivel de ensino postobrigatorio, compre sinalar a súa constante redución de matrícula, que incide sinaladamente na oferta da optatividade.

O equipo docente do centro caracterízase pola implicación na mellora da calidade do ensino, por unha valoración moi positiva da acción interdisciplinar e transversal e a colaboración na función orientadora. A plantilla do centro tamén vive unha constante reducción tanto en número como en estabilidade o que, de ano en ano, compromete o deseño dun proxecto pedagóxico estable.

Linguísticamente, debido a ubicación xeográfica e o carácter rural desta comarca, o alumnado adoita ter o galego como língoa materna, pero advírtese como ano tras ano e a medida que avanza en idade, o castelán pasa a ser a língoa na que adoita comunicarse. A presenza de prexuízos lingüísticos e a perda progresiva de falantes do noso alumnado fai necesario incrementar os esforzos para favorecer que o alumnado adquira competencia lingüística plena na lingua propia de Galicia e que tal e como recolle o decreto que regula o desenvolvemento da ESO, remate esta etapa obrigatoria coñecendo e valorando a importancia do uso do noso idioma como elemento fundamental para o mantemento da nosa identidade. Por tal motivo, este Departamento considera fundamental impartir as clases en galego e reforzar as estratexias que posibiliten que o alumnado galegofalante non abandone a súa lingua e que o alumnado castelánfalante poida incorporarse ao galego nas situacións comunicativas que se desenvolvan no centro. A comunicación escrita e oral será preferiblemente en galego, se ben o alumnado que se exprese en castelán será atendido exactamente igual e algúns recursos didácticos empregados están en castelán.

Segundo recolle o P.E.C., a acción pedagóxica do centro artéllase en 3 grandes eixos de actuación:

**1.** Unha educación para a convivencia: unha coeducación participativa, democrática, integral, que conduza a un respecto pola diversidade en xeral: de xénero, cultural, ideolóxica, étnica, etc. E en particular unha coeducación centrada en relacións afectivas e sexuais responsables.

**2.** Unha educación que valore o coñecemento e a adquisición do saber como unha parte fundamental do desenvolvemento persoal.

**3.** Unha educación implicada na contorna, que fomente o aprecio e valoración do patrimonio e a cultura propia e contribúa á súa preservación.

As materias que imparte este Departamento: Valores éticos, Filosofía, Historia da Filofía. Psicoloxía son parte fundamental desta acción pois traballan e defenden directamente os valores vinculados a estes principios.

## 3- PROGRAMACIÓN DA ÁREA DE VALORES ÉTICOS EN SECUNDARIA (2º e 4ºESO )

**1.INTRODUCIÓN.**
**2.OBXECTIVOS DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA.**
**3 .CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.**
**4.VALORES ÉTICOS 2º ESO.**
4.1.Obxectivos da materia.
4.2.Contidos
4.3.Competencias,temporalización dos estándares de aprendizaxe avaliables, grao mínimo de consecución de estes e procedementos e instrumentos de avaliación.
4.4.Metodoloxía , materiais e recursos didáctico
4.5.Criterios sobre avaliación e cualificación do alumnado.
**5.VALORES ÉTICOS 4º ESO.**
5.1.Obxectivos da materia.
5.2.Contidos
5.3.Competencias,temporalización dos estándares de aprendizaxe avaliables, grao mínimo de consecución de estes e procedementos e instrumentos de avaliación.
5.4.Metodoloxía , materiais e recursos didáctico
5.5.Criterios sobre avaliación e cualificación do alumnado.

# 1- Introdución.

A materia de Valores Éticos ten como obxectivo básico orientar o alumnado adolescente na escolla do seu proxecto de vida persoal. A orientación de Valores Éticos permitirá que ese proxecto se vaia enchendo de xeito acorde coa racionalidade práctica. Isto supón que o proxecto, por racional, vai requirir virtudes intelectuais como o rigor, a coherencia, a honradez intelectual ou o apego á realidade. Pola dimensión práctica desa racionalidade, o proxecto requirirá que o alumnado vaia construíndo, desde a reflexión, un código ético de valores e normas que determinarán as súas decisións para guiar a súa conduta de tal xeito que realce a súa dignidade persoal e, ao mesmo tempo, permita a súa realización plena e feliz como persoas e a promoción de relacións sociais marcadas polo recoñecemento das outras persoas, o respecto cara a elas, e pola finalidade de alcanzar cotas cada vez maiores de xustiza, tanto no nivel máis próximo á persoa como no nivel global.

O currículo da materia está estruturado en seis bloques temáticos con enfoques, perspectivas e niveis de fondura diferente. Son os seguintes:

**A dignidade da persoa.**

**A comprensión, o respecto e a igualdade nas relacións interpersoais**

**A reflexión ética**

**A xustiza e a política**

**Os valores éticos, o dereito, a Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH) e outros tratados internacionais sobre dereitos humanos**

**Os valores éticos e a súa relación coa ciencia e a tecnoloxía**.

Debido o distinto desenvolvemento cognitivo do alumnado nesta etapa os alumnos e as alumnas de primeiro de ESO traballan o referido á personalidade e á súa constitución, a ineludibilidade dos problemas morais e a introdución á reflexión ética e polítical. En terceiro de ESO, curso final do ciclo, os temas atinxen á configuración da vida social e política, pondo como criterio ético básico dunha sociedade xusta o respecto á DUDH e os valores que a conforman, e vendo que tanto a Constitución Española como o Estatuto de Autonomía de Galicia se axustan a este criterio e o enriquecen.,

No plano didáctico, Valores Éticos contribúe á consecución das competencias clave. Resulta evidente que o obxectivo de alcanzar maiores competencias sociais e cívicas está na súa propia constitución como materia. Pero a reflexión ética tamén require a posta en práctica da competencia comunicación lingüística, pola necesidade de rigor e claridade na exposición das propias ideas, e da capacidade dialóxica para comprender os puntos de vista alleos e aprender deles. Tamén resulta indispensable fomentar tanto a competencia de aprender a aprender como a de sentido da iniciativa e espírito emprendedor, pois ambas inciden na necesidade de crecemento persoal, tanto na orde do exercicio dos procesos cognitivos como na do aprecio pola creatividade, o sentido crítico e o non estancamento.

Para a reflexión ética, ademais, é necesario coñecer e dialogar con pensadores/as que, coas súas teorías antropolóxicas, éticas e políticas, foron moldeando tanto a nosa cultura como os valores de respecto, nonviolencia, liberdade, igualdade entre as persoas, solidariedade e pluralismo; valores que son o corazón da Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH). É desde eses valores como tamén se analiza o traballo científico e tecnolóxico, polo que tamén se traballa a competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

Por último, a materia préstase a desenvolver nos alumnos e nas alumnas, tanto en traballos colaborativos como en tarefas individuais, **a competencia dixital,** que lles permita acceder e

seleccionar información, procesala e plasmar as súas creacións en produtos cunha innegable capacidade para a comunicación.

## 2. Obxectivos da educación secundaria obrigatoria.

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

**a)** Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

**b)** Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

**c)** Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

**d)** Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos

**e)**Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

**f)** Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

**g)** Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

**h)** Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

**i)** Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

**j)** Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia propias e dos demais, así como o patrimonio artístico e cultural.

**k)** Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidad. Valorar críticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, e contribuír así á súa conservación e mellora.

**l)** Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo

**m)** Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas,
respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

**n)** Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

**ñ)** Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

**o)** Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona

Estes obxectivos figuran no curriculo de cada nivel relacionados directamente coas competencias e estándares de aprendizaxe avaliables.

## 3.Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.

Para os efectos desta programación, as competencias clave do currículo serán as seguintes:
a) Comunicación lingüística (**CCL**).
b) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (**CMCCT**).
c) Competencia dixital (**CD**).
d) Aprender a aprender (**CAA**).
e) Competencia social e cívica (**CSC**).
f) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (**CSIEE**).
g) Conciencia e expresións culturais **(CCEC).**

No plano didáctico, Valores Éticos contribúe á consecución das competencias clave. Resulta evidente que o obxectivo de alcanzar mais **COMPETENCIA SOCIAL E CÍVICA** está na súa propia constitución como materia e por tal motivo esta é a competencia vinculada a un maior número de estándares no currículo que deberá ser acadada en todos os cursos.Con tal finalidade o alumnado realizará : análises de textos ou curtametraxes, traballos en grupo , exposicións orais, disertacións, resolución de dilemas morais e cuestións sobre contidos de tipo cívico e social: Dereitos Humanos, socialización , democracia, xustiza , discriminación, xénero e coeducación....

Pero a reflexión ética tamén require a posta en práctica da **COMPETENCIA en COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA,** pola necesidade de rigor e claridade na exposición das propias ideas, e da capacidade dialóxica para comprender os puntos de vista alleos e aprender deles.De feito, esta é a segunda das competencias que aparece relacionada cun maior número de estándares no desenvolvemento do currículo.
Ademais das lecturas que figuran en cada curso no apartado de Metodoloxía e Recursos, encamiñadas a fomentar a comprensión lectora e expresión oral , o alumnado participará en debates e terá que realizar algunha disertación ( escrita ou oral) sobre certos temas do currículo. Asimesmo, nesta materia, traballase moito a resolución de exemplos prácticos de dilemas morais valorando a capacidade de diálogo e argumentación racional e respectuosa sempre con todos os interlocutores.

Tamén resulta indispensable fomentar tanto a C**OMPETENCIA DE APRENDER A APRENDER** como a de **SENTIDO DA INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR,** pois ambas inciden na necesidade de crecemento persoal, tanto na orde do exercicio dos procesos cognitivos como na do aprecio pola creatividade, o sentido crítico e a madurez do propio alumno.

Para a reflexión ética, ademais, é necesario coñecer e dialogar con pensadores/as que, coas súas teorías antropolóxicas, éticas e políticas, foron moldeando tanto a nosa cultura como outras non occidentais. **A CONCIENCIA E RESPECTO POR DIFERENTES EXPRESIÓNS CULTURAIS ,** primando os valores de respecto, non violencia, liberdade, igualdade entre as persoas, solidariedade e pluralismo forman parte do currículo en todos os niveis de Valores éticos.

É, desde eses valores como tamén se analiza o traballo científico e tecnolóxico, polo que tamén se traballa a **COMPETENCIA MATEMÁTICA E AS COMPETENCIAS BÁSICAS EN**

**CIENCIA E TECNOLOXÍA,** non desde unha perspectiva substantiva, pero si desde a análise da actividade científico-tecnolóxica como actividade que debe ser acorde a valores éticos universais, tanto nos seus procedementos como nos resultados que dela se poidan obter.

Por último, a materia préstase a desenvolver nos alumnos e nas alumnas, tanto en traballos colaborativos como en tarefas individuais, a **COMPETENCIA DIXITAL,** que lles permita acceder e seleccionar información, procesala e plasmar as súas creacións en produtos cunha innegable capacidade para a comunicación.Entre as actividades que deben realizar para acadar esta competencia, figuran as seguintes:

-Empregar varias fontes para a busca de información.

-Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.

- Elaborar información propia derivada da información obtida a través de medios tecnolóxicos: presentacións e traballos en soporte dixital.
- Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.

# 4.Valores éticos 2º ESO

## 4.1.Obxectivos da materia.

1. Valorar a dignidade humana e entender a especificidade do humano.
2. Comprender a visión kantiana da persoa como suxeito autónomo.
3.Distinguir entre autonomía e heteronomía moral.
4. Coñecer as diferenzas entre os conceptos de ética e dereito.
5. Entender a liberdade como raíz da estrutura moral da persona
6.Coñecer as etapas do desenvolvemento moral e o paso da heteronomía á autonomía moral.
7.Coñecer as características distintivas dos valores éticos.
8. Valorar a función que desempeñan os valores morais, como orientadores do comportamento humano, na vida persoal e social.
9. Coñecer algunhas das teorías éticas máis importantes ao longo da historia: eudemonismo aristotélico, hedonismo de Epicuro, a ética utilitarista e a ética formal kantiana.
10. Reflexionar sobre os avances tecnolóxicos e científicos para considerar a posibilidade de fixar uns límites éticos e xurídicos, sobre a base do respecto á dignidade humana e os dereitos recoñecidos na Declaración Universal de Dereitos Humanos.
11.Coñecer as causas e os síntomas da tecnodependencia.
12. Entender o concepto de conciencia ecolóxica e valorar a necesidade de apostar por un desenvolvemento sostible.

## 4.2.Contidos

**Bloque 1. A dignidade da persoa**

B1.1. Conceptos de persoa achegados pola filosofía.

B1.2. Visión kantiana: a persoa como suxeito autónomo e como un fin en si mesma.

B1.3. Noción aristotélica da virtude: relación cos actos, os hábitos e o carácter. Virtudes éticas

**Bloque 2. A comprensión, o respecto e a igualdade nas relacións interpersoais**

B.1. Diferenzas entre ética e dereito.

B2.2. Posibles conflitos entre os valores que regulan a vida privada e os que regulan a vida pública**.**

**Bloque 3. A reflexión ética** .

B3.1. Diferenza entre ética e moral.

B3.2. Reflexión ética como guía racional de conduta.

B3.3. Estrutura moral da persoa.

B3.4. Etapas do desenvolvemento moral en Piaget e Köhlberg. Paso da heteronomía á autonomía moral.

B3.5. A liberdade como raíz da estrutura moral da persona

B3.6. Características distintivas dos valores éticos.

B3.7. Valores éticos e dignidade humana.

B3.8. Normas. Especificidade das normas éticas.

B3.9. Relativismo moral dos sofistas.

B3.10. Intelectualismo moral en Sócrates e Platón.

B3.11. Relativismo moral fronte a obxectivismo moral.

B3.12. Clasificación das teorías éticas: éticas de fins e éticas procedementais.

B3.13. A ética de Epicuro como ética de fins.

B3.14. O eudemonismo aristotélico como ética de fins

B3.16. O utilitarismo como ética de fins: principio de utilidade.

**Bloque 4. A xustiza e a política**

B4.1. Relación entre ética, política e xustiza no pensamento aristotélico.

B4.2. Semellanzas, diferenzas e relacións entre valores éticos e valores cívicos.

B4.3. A política de Aristóteles.

B4.4. Concepto aristotélico de xustiza e a súa relación co ben común e a felicidade.

**Bloque 5. Os valores éticos, o dereito, a Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH) e outros tratados internacionais sobre dereitos humanos**

B5.1. Relacións entre ética e dereito.

**Bloque 6. Os valores éticos e a súa relación coa ciencia e a tecnoloxía**

B6.1. Dimensión moral da ciencia e da tecnoloxía polo seu impacto en todos os ámbitos da vida humana.

B6.2. Valores recollidos na DUDH como criterio para fixar límites á investigación científico-tecnolóxica.

B6.3. Problemas da tecnodependencia.

B6.4. Dilemas morais que presentan os avances en medicina e biotecnoloxía.

**Temporalización**

Os contidos por trimestre repartiríanse da seguinte maneira:

(1º trimestre) Bloque 1 e 2

(2º trimestre) Bloque 3

(3º trimestre) Bloque 4, 5 e 6

## 4.3.Competencias,temporalización dos estándares de aprendizaxe avaliables, grao mínimo de consecución de estes e procedementos e instrumentos de avaliación.

Nas seguintes táboas figuran por bloques de contidos, os distintos estándares de aprendizaxe repartidos por trimestre e relacionados cos obxectivos e competencias a acadar. Figuran tamén os procedementos para avalialos e o nivel mínimo esixible por estándar.
Como en ocasións se empregan abreviaturas, a súa correspondencia é a seguinte:
**Obx.** Obxectivos.
**Comp**. Competencias
**Grao mín. Estándar** Grao mínimo de estándar
**Temp**. Temporalización
**Proc./inst avaliac.** Procedementos e instrumentos de avaliación

### Bloque 1. A dignidade da persoa

| Obx | Comp | Criterios aval. | Estandar | Grao mín. estándar | Temp 1ºT 2ºT3ºT | Proc./ins avaliac. |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ▪a<br>▪d<br>▪h<br>▪l | CCL | B1.1. Construír un concepto de persoa, consciente de que esta é indefinible, valorando a dignidade que posúe polo feito de ser libre. | 1.1.1. Sinala as dificultades para definir o concepto de persoa, analizando algunhas definicións achegadas por filósofos/as. | -Coñece algunhasa definicións do concepto de persoa na filosofía..<br><br>- | V | Activ. Análise textos |
| ▪a<br>▪c<br>▪d<br>▪h<br>▪l | CSC | B1.2. Identificar os conceptos de heteronomía e autonomía, mediante a concepción kantiana da persoa, coa finalidade de valorar a súa importancia e aplicala na realización da vida moral. | 1.2.1. Explica a concepción kantiana do concepto de persoa, como suxeito autónomo capaz de ditar as súas propias normas morais. | -1.2.1. Explica a concepción kantiana do concepto de persoa, como suxeito autónomo capaz de ditar as súas propias normas morais. | V | Activ. Análise textos |
| ▪a<br>▪b<br>▪d<br>▪h<br>▪l | CSC<br><br>CAA<br>CCL<br>CSC | B1.3. Entender a relación entre os nosos actos, os hábitos e o desenvolvemento do carácter, mediante a comprensión do concepto de virtude en Aristóteles e, en especial, o relativo ás virtudes éticas, pola importancia que teñen no desenvolvemento da personalidade. | 1.3.1. Sinala en que consiste a virtude e as súas características en Aristóteles, indicando a súa relación cos actos, os hábitos e o carácter<br>1.3.2. Enumera algúns dos beneficios que, segundo Aristóteles, achegan as virtudes éticas ao ser humano, identifica algunhas destas e ordénaas segundo un criterio racional. | -Entende en que consiste a virtude e as súas características en Aristóteles e esquematiza os coñecementos.<br><br>-Ordena as virtudes éticas que distinguiu Aristóteles. | V<br><br>V | Activ. Esquema concep.<br><br>Activ. Esquema concep. |

### Bloque 2. A comprensión, o respecto e a igualdade nas relacións interpersoais

| Obx | Comp | Criterio av. | Estandar | Grao mín. estándar | Temp | Proc./ |
|---|---|---|---|---|---|---|

| | | | | | 1ºT 2ºT3ºT | insavaliac. |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ▪a<br>▪b<br>▪e<br>▪g<br>▪h | CSC<br>CD<br><br>CSC<br>CSIEE | B2.3. Distinguir na persoa os ámbitos da vida privada e da vida pública, a primeira regulada pola ética e a segunda polo dereito, coa finalidade de identificar os límites da liberdade persoal e social. | 2.1.1. Distingue entre os ámbitos de acción que corresponden á ética e ao dereito, e expón as súas conclusións mediante unha presentación elaborada con medios informática..<br><br>2.1.2. Reflexiona arredor do problema da relación entre estes dous campos, o privado e o público, e a posibilidade de que exista un conflito de valores éticos entre ambos, así como a forma de atopar unha solución baseada nos valores éticos, exemplificando de maneira concreta tales casos, e expón as súas posibles solucións fundamentadas eticamente. | -Distingue entre os ámbitos de acción que corresponden á ética e ao dereito, e expón conclusións e exemplos prácticos mediante unha presentación elaborada con medios informática-<br><br>-Reflexiona con exemplossobre a relación entre estes dous campos, o privado e o público, e a posibilidade de que exista un conflito de valores. | V<br><br>V | **Traballo grupo soporte dixital 1**<br><br>**Traballo grupo soporte dixital 1** |

## Bloque 3. A reflexión ética

| Obx | Comp | Criterio av. | Estandar | Grao mín. estándar | Temp 1ºT 2ºT3ºT | Proc./ instavaliac. |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ▪a<br>▪d<br>▪h | CSC<br><br>CSC | B3.1. Distinguir entre ética e moral, sinalando as semellanzas e as diferenzas entre elas, e estimando a importancia da reflexión ética como un saber práctico necesario para guiar de xeito racional a conduta do ser humano á súa plena realización. | 3.1.1.Recoñece as diferenzas entre a ética e a moral, no que se refire á súa orixe e á súa finalidade.<br>3.1.2. Achega razóns que xustifiquen a importancia da reflexión ética, como unha guía racional de conduta necesaria na vida do ser humano, expresando de forma apropiada os argumentos en que se fundamenta. | -Recoñece as diferenzas entre a ética e a moral .<br><br>-Argumenta sobre a importancia da reflexión ética, como unha guía racional de conduta necesaria na vida do ser humano. | V<br><br>V | **Cuestións**<br><br>**Redac.** |
| ▪a<br>▪b<br>▪d<br>▪g<br>▪h | CSC<br><br>CCL<br>CSC | B3.2. Destacar o significado e a importancia da natureza moral do ser humano, analizando as súas etapas de desenvolvemento e tomando conciencia da necesidade que ten de normas éticas, libre e racionalmente asumidas, como guía do seu comportamen | 3.2.1. Sinala en que consiste a estrutura moral da persoa como ser racional e libre, razón pola que esta é responsable da súa conduta e das consecuencias desta.<br>3.2.2. Explica as tres etapas do desenvolvemento moral na persoa, segundo a teoría de Piaget ou a de Köhlberg, e as características propias de cada unha, destacando como se pasa da heteronomía á autonomía moral. | -Entende que a persoa e un ser libre e racional<br><br>-Explica as tres fases do desenvolvemento moral segundo Köhlberg. | V<br><br>V | **Cuestións**<br><br>**Resol. dilema** |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ▪a<br>▪g<br>▪h | CCL<br>CAA | B3.3. Recoñecer que a liberdade constitúe a raíz da estrutura moral na persoa, e apreciar o papel da intelixencia e da vontade como factores que incrementan a capacidade de autodeterminación. | 3.3.1. Describe a relación entre a liberdade e o concepto de persoa. | -Entende a relación entre a liberdade e o concepto de persoa. | V | **Cuestións** |
| ▪a<br>▪b<br>▪c<br>▪d<br>▪e<br>▪g<br>▪h | CCL<br>CSC<br>CSIEE | B3.4. Resaltar a importancia dos valores éticos, as súas especificacións e a súa influencia na vida persoal e social do ser humano, destacando a necesidade de ser recoñecidos e respectados por todos. | 3.4.1. Describe as características distintivas dos valores éticos, utilizando exemplos concretos deles e apreciando a súa relación esencial coa dignidade humana e a conformación dunha personalidade xusta e satisfactoria.<br>▪3.4.2. Emprega o espírito emprendedor para realizar, en grupo, unha campaña destinada a difundir a importancia de respectar os valores éticos, tanto na vida persoal como na social. | -Sabe que son os valores éticos e pon exemplos.<br>-Realiza en grupo unha campaña destinada a difundir a importancia de respectar os valores éticos | V<br>V | **Esquema concep.**<br>**Realiz. Carteis e distrib.** |
| ▪a<br>▪b<br>▪h<br>▪l | CCL<br>CCEC<br>CCEC | B.3.5. Establecer o concepto de normas éticas e apreciar a súa importancia, identificando as súascaracterísticas e a natureza da súa orixe e validez, mediante o coñecemento do debate ético que existiu entre Sócrates e os sofistas. | 3.5.1. Define o concepto de norma e de norma ética, distinguíndoa das normas xurídicas, relixiosas, etc<br>3.5.2. Sinala quen foron os sofistas e algúns dos feitos das razóns en que se fundamentaba a súa teoría relativista da moral, destacando as consecuencias que esta ten na vida das persoas.<br>3.5.3. Coñece os motivos que levaron a Sócrates a afirmar o "intelectualismo moral", e explica en que consiste e a postura de Platón ao respecto. | -Diferenza entre normas éticas e normas xurídicas, relixiosas, etc<br>-<br>_Coñece o relativismo ético dos sofistas.<br>-Coñece o intelectualismo moral de Sócrates e o absolutismo de Platón. | V<br>V<br>V | **Activ. Aula Cuestións**<br>**Video con cuestións**<br>**Esquema concep.** |
| | CCL<br>CCEC | B3.6. Explicar as características e os obxectivos das teorías éticas, así como a súa clasificación en éticas de fins e procedementais, sinalando os principios máis destacados do hedonismo de Epicuro. | 3.6.1. Enuncia os elementos distintivos das "teorías éticas" e argumenta a súa clasificación en éticas de fins e éticas procedementais, e elabora un esquema coas súas características máis destacadas.<br>3.6.2. Enuncia os aspectos fundamentais da teoría hedonista de Epicuro e os valores éticos que defende, destacando as características que a identifican como unha ética de fin<br>3.6.3. Elabora, en colaboración co grupo, argumentos a favor e/ou en contra do epicureísmo, e expón as | -Elabora un esquema disferenciando as éticas de fin e as éticas procedimentais.<br>-Expón as principais características da ética de Epicuro.<br>Argumenta a favor ou en | V<br>V<br>V | **Esquema concep.**<br>**Análise de textos**<br>**Análise de textos** |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | CCL | | súas conclusións cos argumentos racionais correspondentes. | contra da ética hedonista. | | |
| | CCL<br><br>CCEC<br><br>CCL | B3.7. Entender os principais aspectos do eudemonismo aristotélico, identificándoo como unha ética de fins e valorando a súa importancia e a vixencia actuais. | 3.7.1. Explica o significado do termo "eudemonismo" e o que para Aristóteles significa a felicidade como ben supremo, e elabora e expresa conclusións<br>3.7.2. Distingue os tres tipos de tendencias que hai no ser humano, segundo Aristóteles, e a súa relación co que el considera como ben supremo da persoa.<br>3.7.3. Achega razóns para clasificar o eudemonismo de Aristóteles dentro da categoría da ética de fins | -Explica que é o eudemonismo aristotélico.<br><br>▪-Entende cal é segundo Aristóteles o Ben supremo da persoa.<br><br>▪ Achega razóns para clasificar o eudemonismo de Aristóteles dentro da categoría da ética de fins | V<br><br>V<br><br>V | **Esquema concep.**<br><br>**Análise de textos**<br><br>**Análise de textos** |
| | CCL<br>CCEC<br>▪CSIEE | 3.8. Comprender os elementos máis significativos da ética utilitarista e a súa relación co hedonismo de Epicuro, clasificándoa como unha ética de fins e elaborando argumentos que apoien a súa valoración persoal arredor desta formulación ética. | 3.8.1. Fai unha recensión das ideas fundamentais da ética utilitarista: o principio de utilidade, o concepto de pracer, a compatibilidade do egoísmo individual co altruísmo universal e a localización do valor moral nas consecuencias da acción, entre outras.<br>3.8.2. Enumera as características que fan do utilitarismo e do epicureísmo unhas éticas de fins.<br>3.8.3. Argumenta racionalmente as súas opinións sobre a ética utilitarista. | -Fai unha recensión das ideas fundamentais da ética utilitarista.<br><br>-Entende que o utilitarismo e o epicureísmo son éticas de fins.<br><br>-Argumenta sobre o utilitarismo. | V<br><br>V<br><br>V | **Activ. Recensión e valoración crítica** |

# Bloque 4. A xustiza e a política

| Obx | Comp | Criterio av. | Estandar | Grao mín. estándar | Tempor. 1ºT 2ºT3ºT | Proc./ instavaliac. |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ▪a<br>▪b<br>▪e<br>▪h<br>▪l | CSC<br><br>CAA | B.4.1. Comprender e valorar a importancia da relación entre os conceptos de ética, política e xustiza, mediante a análise e a definición destes termos, destacando o vínculo entre eles no pensamento de Aristóteles. | 4.1.1. Explica e aprecia as razóns que dá Aristóteles para establecer un vínculo necesario entre ética, política e xustiza.<br>4.1.2. Utiliza e selecciona información sobre os valores éticos e cívicos, identificando e apreciando as semellanzas, as diferenzas e as relacións entre eles. | -Recoñece o vínculo entre ética, política e xustiza.<br><br>-Selecciona información sobre os valores éticos e cívicos, identificando e apreciando as semellanzas, as diferenzas e as relacións entre eles. | V<br><br>V | **Cuestións**<br><br>**Activ. Esquema comparativo** |
| | CSC | B4.2. Coñecer e apreciar a política de Aristóteles e as súas características esenciais, e entender o seu | 4.2.1- Elabora, recorrendo á súa iniciativa persoal, unha presentación con soporte informático, sobre a política | - Elabora, recorrendo á súa iniciativa persoal, unha presentación con soporte informático, sobre a | V | |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | CD<br>CSIEE | concepto de xustiza e a súa relación co ben común e a felicidade, elaborando un xuízo crítico sobre a perspectiva deste filósofo. | aristotélica .como unha teoría organicista, cunha finalidade ética e que atribúe a función educativa ao Estado.<br>4.2.2. Selecciona e usa información, en colaboración co grupo, para entender e apreciar a importancia que Aristóteles lle dá á xustiza como valor ético no que se fundamenta a lexitimidade do Estado e a súa relación coa felicidade e o ben común, e expón as súas conclusións persoais debidamente fundamentadas. | política aristotélica.<br>Entende e aprecia a importancia que Aristóteles lle dá á xustiza como valor ético no que se fundamenta a lexitimidade do Estado | V | **Traballo grupo soporte dixital 2** |

## Bloque 5. Os valores éticos, o dereito, a Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH) e outros tratados internacionais sobre dereitos humanos

| Obx | Comp | Criterio av. | Estandar | Grao mín. estándar | Temp 1ºT 2ºT3ºT | Proc./inst avaliac. |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ▪b<br>▪e<br>▪h | CCL<br>CD | B5.1. Sinalar a vinculación entre a ética, o dereito e a xustiza, a través do coñecemento das súas semellanzas, diferenzas e relacións. | 5.1.1.Procura e selecciona información en páxinas web, para identificar as diferenzas, as semellanzas e os vínculos entre a ética e o dereito. | Procura e selecciona información en páxinas web, para identificar as diferenzas, as semellanzas e os vínculos entre a ética e o dereito | V<br>V | **Expos. Na aula** |

## Bloque 6. Os valores éticos e a súa relación coa ciencia e a tecnoloxía

| Obx | Comp | Criterio av. | Estandar | Grao mín. estándar | Temp 1ºT 2ºT3ºT | Proc./inst avaliac. |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ▪a<br>▪b<br>▪d<br>▪e<br>▪f<br>▪g<br>▪h<br>▪m | CAA<br>CMCCT<br>CSC<br>CCL<br>CMCCT<br>CSC<br>CD | B6.1. Recoñecer a importancia da dimensión moral da ciencia e a tecnoloxía, así como a necesidade de establecer límites éticos e xurídicos, coa finalidade de orientar a súa actividade consonte os valores defendidos pola DUDH. | 6.1.1. Utiliza información de distintas fontes para analizar a dimensión moral da ciencia e a tecnoloxía, avaliando o impacto positivo e negativo que estas poden ter en todos os ámbitos da vida humana (social, económico, político, ético e ecolóxico, etc.).<br>6.1.2. Achega argumentos que fundamenten a necesidade de pór límites éticos e xurídicos á investigación práctica, tanto científica como tecnolóxica, tomando a dignidade humana e os valores éticos recoñecidos na DUDH como criterio normativo.<br>6.1.3. Recorre á súa iniciativa persoal para expor as súas conclusións sobre o tema tratado, utilizando medios informáticos e audiovisuais, de xeito argumentado e ordenado | -Utiliza información de distintas fontes para analizar a dimensión moral da ciencia e a tecnoloxía, sinalando algúns dos efectos positivo e negativo que estas poden ter na vida humana<br>-Achega argumentos que fundamenten a necesidade de pór límites éticos e xurídicos á investigación práctica, tanto científica como tecnolóxica. | V<br>V<br>V | **Análise textos.**<br>**Resol. dilema** |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | CSIEE | | racionalmente. | -Expón as conclusións mediante medios audiovisuais. | | **Expos. en soporte dixital** |
| ▪a<br>▪d<br>▪g<br>▪m | CMCCT | B6.2. Entender e valorar o problema da tecnodependencia e a alienación humana á que conduce. | 6.2.1. Destaca o problema e o perigo que representa para o ser humano a tecnodependencia, sinalando os seus síntomas e as súas causas, e estimando as súas consecuencias negativas, como unha adición incontrolada aos dispositivos electrónicos, aos videoxogos e ás redes sociais, que conduce as persoas cara a unha progresiva deshumanización. | -Entende e explica o problema da tecnodependencia. | **V** | **Vídeo con cuestións** |
| ▪a<br>▪b<br>▪d<br>▪e<br>▪f<br>▪g<br>▪h<br>▪m | CCL<br>CMCCT<br>CSC | B6.3. Utilizar os valores éticos contidos na DUDH no campo científico e tecnolóxico, coa finalidade de evitar a súa aplicación inadecuada e solucionar os dilemas morais que ás veces se presentan, nomeadamente no terreo da medicina e a biotecnoloxía. | 6.3.1Analiza información seleccionada de diversas fontes, coa finalidade de coñecer en que consisten algúns dos avances en medicina e biotecnoloxía, que formulan dilemas morais. (utilización de células nai, clonación, euxénese, etc.), sinalando algúns perigos que estes encerran de prescindir do respecto á dignidade humana e os seus valores fundamentais. | -Analiza información seleccionada de diversas fontes, coa finalidade de coñecer en que consisten algúns dos avances en medicina e biotecnoloxía, que formulan dilemas morais. | **V** | **Resol. Dilemas** |
| | CSC<br>CSIEE | | 6.3.2. Presenta unha actitude de tolerancia e respecto ante as opinións que se expresan na confrontación de ideas, coa finalidade de solucionar os dilemas éticos, sen esquecer a necesidade de empregar o rigor na fundamentación racional e ética de todas as alternativas de solución formuladas. | - Presenta unha actitude de tolerancia e respecto ante as opinións que se expresan na confrontación de ideas | **V** | **Observ. na aula** |

### 4.4. Metodoloxía: materiais e recursos didácticos

A metodoloxía aplicada considera ao estudante o protagonista directo da súa propia aprendizaxe, mentres sitúa ao docente nun segundo plano para que o alumnado consiga mais autonomía asumindo de forma consciente e reflexiva o exercicio da aprendizaxe en libertade.
O profesor/a debe orientar e axudar ao alumno/a e é moi importante desenvolver o proceso de ensino sempre que sexa posible a partires de aprendizaxes que estean baseados basados na experiencia, pois esta forma de proceder permitirá ao alumnado coñecer e interiorizar os contidos de forma comprensiva e significativa.
A metodoloxía didáctica neste etapa será nomeadamente activa e participativa, favorecendo o traballo individual e o cooperativo do alumnado, así como o logro dos obxectivos e das competencias correspondentes.
Con esta finalidade e atentendo a adquisición dos estándares de aprendizaxe requeridos, os materiais os recursos curriculares empregados serán variados: explicacións por parte do profesor, recollida de información sobre os principais temas, consultas en libros de texto e libros de lectura,videos, películas, páxinas webs, exercicios e esquemas , xogos on line...etc. Debido a escasa carga lectiva da materia non se considfera necesario colocar un libro de texto.

A continuación figuran unha serie de recursos que se poden empregar no primeiro ciclo de ESO, deixando en mans do docente que imparta a materia, a posibilidade de escoller outros alternativos:

**PÁXINAS WEBS:**

**Aula virtual do IES Pontecaldelas** Departamento de Filosofía ( Valores éticos)

**Aulas galegas: valores éticos**
**https://aulasgalegas.org/tag/valores-eticos/**

**Valores éticos 2º ESO**
https://filosofia.educarex.es/es/psicologia

**50 documentales que cambiarán tu visión del mundo**
***https://www.unitedexplanations.org/2013/02/05/50-documentales-que-cambiaran-tu-vision-del-mundo/***

**Kaidara. experiencias y recursos para una ciudadanía mundial**
***http://www.kaidara.org/***

**55cortometrajes para educar en valores**
***http://www.educaciontrespuntocero.com/recursos/familias-2/cortometrajes-educar-en-valores/16455.html***

**CINE:**
***A selva esmeralda*** *(1985) de John Boorman.*

**Billy Elliot** (2000) de Stephen Daldry.

**As mulleres de verdade teñen curvas** (2003), de Patricia Cardoso.

**A espalda do mundo**(2000) de Javier Corcuera.

**Quero ser como Beckham** (2002) de G.Ghadha.

**A vendedora de rosas** (1998) de Víctor Gaviria:

**O neno do pixama de raias** (2008) de Mark Herman.

**O Bola** (2000) de Achero Mañas.

**Cobardes** (2008) de José Corbacho.

**Tomboy** (2011) de Céline Sciamma

**La tumba de las luciérnagas** (1988) de Isao Takahata

**La tortuga roja** (2016) de Michael Dudok de Witt

**. LIBROS:**

**El chico que quería convertirse en ser humano** de J. Riel

**O diario violeta de Carlota** de Gemma Lienas

**Armán e a fábrica podre** de Llort e Macip

**O neno do pixama a raias** de **John Boyne**

**Ética para Amador** de Fernando Savater.

**Rosas blancas para Claudia de** Carlos Puerto

**El chico que quería convertirse en ser humano** de J. Riel

**Las furias** de Sierra i Fabra.

**26 cuentos para pensar** de Jorge Bucay

### 4.5. Criterios e procedementos de cualificación do alumnado.

De acordo coas competencias e obxectivos da materia, os criterios de avaliación comúns a todas as unidades serán os seguintes:

a) Mostrar actitudes de esforzo, perseveranza e responsabilidade na aprendizaxe e a realización de tarefas e actividades individuais e de grupo.

b) Mostrar actitudes de respecto, cooperación, empatía e interese cara a todas as persoas.

c) Expresar as súas opinións, valoracións e sentimentos de forma asertiva e respectuosa.

d) Expresarse con claridade e esfórzase por facerse entender.

e) Utilizar adecuadamente as novas tecnoloxías e busca información en internet sobre as actividades encomendadas.

f) Recoñecer a importancia de desenvolver valores éticos que contribúan a unha convivencia pacífica e que amplíen as posibilidades de elección das persoas.

g) Ser consciente das consecuencias que leva consigo a ausencia de principios e valores éticos na sociedade actual.

**Avaliación continua**

Ademais de ter en conta os criterios de avaliación, para poder cualificar os distintos estándares en cada unidade e trimestre, o alumnado realizará as seguintes tarefas e traballos:

- Observación directa do alumnado na aula.( máximo 1 punto)
- Realización de análises de textos ou curtametraxes, disertacións, resolución dalgún dilema moral e cuestións sobre os distintos contidos de cada unidade. Algunha destas tarefas faranse de maneira cooperativa e en grupo (máximo 6 puntos)
- Realización de traballos sobre as distintas unidades mediante o uso de medios e plataformas dixitais en grupo ou elaboración de un traballo de reflexión crítica tras a lectura dun libro, documental ou película. ( máximo 3 puntos)

| 1. Criterios sobre a avaliación e cualificación | |
|---|---|
| **1º Avaliación** | Cálculo da nota da 1º avaliación:<br><br>Observación na aula 10%<br><br>Cuestións,esquemas, resolucións de dilemas, análise de textos, contos ou curtametraxes 60%<br>Traballo individual escrito ou oral 30% |
| | Procedemento de recuperación da 1º avaliación:<br><br>Realización de traballos e actividades non feitas ou cualificadas negativamente. |

| | |
|---|---|
| **2º Avaliación** | Cálculo da nota da 2º avaliación:<br><br>Observación na aula 10%<br><br>Cuestións,esquemas, resolucións de dilemas, análise de textos, contos ou curtametraxes 60%<br>Traballo individual escrito ou oral 30% |
| | Procedemento de recuperación da 2º avaliación:<br>Realización de traballos e actividades non feitas ou cualificadas negativamente. |
| **3º Avaliación** | Cálculo da nota da 3º avaliación:<br><br>Observación na aula 10%<br><br>Cuestións,esquemas, resolucións de dilemas, análise de textos, contos ou curtametraxes 60%<br>Traballo individual escrito ou oral 30% |
| | Procedemento de recuperación da 3º avaliación:<br>Realización de traballos e actividades non feitas ou cualificadas negativamente. |
| **Cualificación final** | Cálculo para obter a cualificación final de curso:<br>Nota media das 3 avaliacións. No caso de non acadar unha cualificación media de 5 o alumnado terá dereito a realizar unha proba global cualificada ata 10 puntos. |

# 5.VALORES ÉTICOS. 4º DE ESO

## 5.1. Obxectivos da materia.

1.Coñecer a dignidade do ser humano como valor básico no que se asenta a DUDH.

2.Coñecer os dereitos e liberdades dos individuos establecidos na DUDH que o Estado debe respectar.
3.Comprender o fenómeno da socialización global e valorar os perigos da socialización global á marxe dos valores éticos universais.

4.Desenvolver a iniciativa persoal, actuar con autonomía, asumindo responsabilidades individuais e colectivas e practicar formas de convivencia e participación baseadas no respecto, utilizando o diálogo e a mediación para evitar e resolver os conflitos.

5.Coñecer algunhas éticas formais: ética kantiana e a ética do discurso, de Apel e Habermas, valorar e exercer os dereitos e asumir responsablemente os deberes e as obrigas que se derivan das declaracións internacionais de dereitos humanos e da Constitución española e o Estatuto de autonomía de Galicia, identificando os valores que os fundamentan.

6.Asumir a pluralidade das sociedades actuais recoñecendo a diversidade como enriquecedora da convivencia e defender a igualdade de dereitos e oportunidades de todas as persoas, rexeitando as situacións de inxustiza e as discriminacións existentes por razón de sexo, orixe, crenzas, diferenzas sociais, orientación afectivo-sexual ou de calquera outro tipo, como unha vulneración da dignidade humana e causa perturbadora da convivencia.

7.Recoñecer e asumir a igualdade de dereitos e oportunidades entre mulleres e homes, valorar a diferenza de sexos rexeitando os estereotipos e prexuízos que supoñan discriminación e participar activamente na prevención da violencia de xénero.

8.Coñecer e apreciar os principios e valores que fundamentan e lexitiman os sistemas democráticos e o funcionamento da Comunidade Autónoma de Galicia, do Estado español e da Unión Europea, tomando conciencia do patrimonio común e da diversidade social e cultural.

9.Coñecer os fundamentos do modo de vida democrático e aprender a obrar de acordo con eles nos diferentes ámbitos da convivencia. Asumir os deberes cidadáns na mantenza dos bens comúns e recoñecer o papel do Estado como garante dos servizos públicos.

10.Valorar as accións encamiñadas á consecución da paz e a seguridade e a participación activa como medio para lograr un mundo máis xusto.

11.Coñecer as causas que provocan a violación dos dereitos humanos, a pobreza e a desigualdade, así como a relación entre os conflitos armados e o subdesenvolvemento.

12.Recoñecerse membros dunha cidadanía global baseada nos valores da liberdade, a igualdade e a xustiza e implicarse activamente na súa realización.

13.Adquirir un pensamento crítico, desenvolver un criterio propio e adquirir habilidades para comunicar as propias ideas e defender as propias posicións en debates, a través da argumentación documentada e razoada, así como para escoitar e valorar as razóns e argumentos dos outros.

**5.2.Contidos**

**Bloque 1. A dignidade da persoa**

B1.1. A dignidade do ser humano como valor básico no que se asenta a DUDH.
B1.2. Atributos esenciais do ser humano na DUDH: razón, conciencia e liberdade.
B1.3. Léxico do bloque: dignidade da persoa, fraternidade, liberdade humana, trato digno, xuízo xusto, trato inhumano ou degradante, detención arbitraria, presunción de inocencia, discriminación, violación de dereitos, etc

**Bloque 2. A comprensión, o respecto e a igualdade nas relacións interpersoais.**

B2.1. Dereitos e liberdades dos individuos establecidos na DUDH que o Estado debe respectar.

B2.2. Fenómeno da socialización global.

B2.3. Perigos da socialización global á marxe dos valores éticos universais.

B2.4. Medios de comunicación de masas e socialización global. Conflito entre liberdade de expresión outros dereitos.

**Bloque 3. A reflexión ética.**

B3.1. Importancia e valor da reflexión ética como defensa dos DDHH.

B3.2. Novos campos da ética aplicada: profesional, bioética, ambiente, economía, empresa, ciencia e tecnoloxía, etc.

B3.3. Proxecto de vida persoal: límites e oportunidades que ofrecen as circunstancias persoais, e valores éticos que serven como guía.

B3.4. Éticas formais e éticas materiais.

B3.5. Ética kantiana: carácter formal. Autonomía da persoa como valor ético fundamental.

B3.6. Ética do discurso, de Apel e Habermas, como ética formal. Relación coa ética de Kant .

**Bloque 4. A xustiza e a política**

B4.1. Democracia e xustiza.

B4.2. Deberes cívicos como cumprimento de valores éticos e como defensa e difusión dos dereitos humanos.

B4.3. Perigos dunha globalización sen valores éticos.

B4.4. Promoción dos DDHH por parte dos Estados: fomento e ensino dos valores éticos.

**Bloque 5. Os valores éticos, o Dereito e a Declaración Universal dos Dereitos Humanos.**

B5.1. Dereito e leis: finalidade, características e xustificación ética.

B5.2. Conflitos entre principios éticos individuais e principios normativos sociais.

B5.3. Teoría da xustiza de Rawls: posición orixinal e veo de ignorancia; criterio de imparcialidade; función dos dous principios de xustiza.

B5.4. Os DDHH como ideais irrenunciables.

B5.5. Deficiencias na aplicación dos DDHH referidos ao económico e ao social.

B5.6. Organizacións que traballan pola defensa dos DDHH.

B5.7. Dereito á seguridade e a paz.

B5.8. Compromiso coa paz e a solidariedade coas vítimas da violencia.

B5.9. Ameazas á paz.

B5.10. As Forzas Armadas na Constitución española.

B5.11. Misións das Forzas Armadas.

B5.12. Conflitos armados: importancia das organizacións internacionais na súa prevención e na súa solución.

## Bloque 6. Os valores éticos e a súa relación coa ciencia e a tecnoloxía.

B6.1. Validez ética dos proxectos científicos e tecnolóxicos.

B6.2. Códigos deontolóxicos dos axentes sociais.

## 5.3.Competencias,temporalización dos estándares de aprendizaxe avaliables, grao mínimo de consecución de estes e procedementos e instrumentos de avaliación.

Nas seguintes táboas figuran por bloques de contidos, os distintos estándares de aprendizaxe repartidos por trimestre e relacionados cos obxectivos e competencias a acadar. Figuran tamén os procedementos para avalialos e o nivel mínimo esixible por estándar.

Como en ocasións se empregan abreviaturas, a súa correspondencia é a seguinte:
**Obx.** Obxectivos.
**Comp**. Competencias
**Grao mín. Estándar** Grao mínimo de estándar
**Temp**. Temporalización
**Proc./inst avaliac.** Procedementos e instrumentos de avaliación

## Bloque 1. A dignidade da persoa

| Obx | Comp | Criterio av. | Estandar | Grao mín. estándar | Tempor 1ºT 2º,3ºº | Proc./inst avaliac. |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ▪a<br>▪b<br>▪c<br>▪d<br>▪h | CSC | B1.1. Interpretar e valorar a importancia da dignidade da persoa como o valor do que parte e no que se fundamenta a DUDH, subliñando os atributos inherentes á natureza humana e os dereitos inalienables e universais que derivan dela, como o punto de partida sobre o que deben xirar os valores éticos nas relacións humanas a nivel persoal, social, estatal e universal. | 1.1.1. Identifica a orixe dos dereitos inalienables e universais que establece a DUDH na dignidade do ser humano en tanto que persoa e os atributos inherentes á súa natureza. | -Entende a dignidade da persoa como base dos DH | V | Cuestións |
| | CCL | | ▪1.1.2. Identifica na DUDH os atributos esenciais do ser humano: razón, conciencia e liberdade. | -Identifica na DUDH os atributos esenciais do ser humano: razón, conciencia e liberdade. | V | Cuestións |
| | CCL | | 1.1.3. Relaciona adecuadamente os termos e as expresións seguintes, que se utilizan na DUDH: dignidade da persoa, fraternidade, liberdade humana, trato digno, xuízo xusto, trato inhumano ou degradante, detención arbitraria, presunción de inocencia, discriminación, violación de dereitos, etc. | -Entende os seguintes termos:dignidade da persoa, fraternidade, liberdade humana, trato digno, xuízo xusto, trato inhumano ou degradante, detención arbitraria, presunción de inocencia, discriminación, violación de dereitos, etc. | V | Ex. Definic. |

## Bloque 2. A comprensión, o respecto e a igualdade nas relacións interpersoais.

| Obx | Comp | Criterio av. | Estandar | Grao mín. estándar | Tempor. 1ºT 2ºT3ºT | Proc./ instavaliac. |
|---|---|---|---|---|---|---|

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | CCL | B2.1. Explicar, baseándose na DUDH, os principios que deben rexer as relacións entre a cidadanía e o Estado, co fin de favorecer o seu cumprimento na sociedade en que viven. | 2.1.1. Comenta, segundo o establecido pola DUDH nos artigos do 12 ao 17, os dereitos do individuo que o Estado debe respectar e fomentar, nas relacións existentes entre ambos. | -Comenta os artigos do 12 ao 17 da DUDH | V | **Análise textos** |
| | CCL | | 2.1.2. Explica os límites do Estado que establece a DUDH nos artigos do 18 ao 21, ao determinar as liberdades dos cidadáns e das cidadás que este debe protexer e respectar. | -Explica os límites do Estado respecto ás liberdades dos cidadáns. | V | **Cuestións** |
| | CCL<br>CD<br>CSIEE | | 2.1.3. Elabora unha presentación con soporte informático e audiovisual que ilustre os contidos máis sobresalientes tratados no tema, e expón as súas conclusións de xeito argumentado. | -Elabora unha presentación con soporte informático e audiovisual sobre os artigos comentados. | V | **Traballo dixital grupo 1** |
| | CCEC<br>CCL | B2.2. Explicar en que consiste a socialización global e a súa relación cos medios de comunicación masiva, valorando os seus efectos na vida e no desenvolvemento moral das persoas e da sociedade, e reflexionar acerca do papel que deben ter a ética e o Estado en relación con este tema. | 2.2.1. Describe e avalía o proceso de socialización global, mediante o que se produce a interiorización de valores, normas, costumes, etc | -Describe e avalía o proceso de socialización global. | V | **Análise textos** |
| | CCEC<br>CCL | | ▪2.2.2.. Diserta acerca do impacto que teñen os medios de comunicación masiva na vida moral das persoas e da sociedade, expresando as súas opinións con rigor intelectual. | -Diserta acerca do impacto que teñen os medios de comunicación masiva na vida moral das persoas e da sociedeade. | V | **Disertac.1** |
| | CCEC<br>CCL | | 2.2.3. Valora a necesidade dunha regulación ética e xurídica en relación co uso de medios de comunicación masiva, respectando o dereito á información e á liberdade de expresión que posúen os cidadáns e as cidadás. | -Valora a necesidade dunha regulación ética e xurídica en relación co uso de medios de comunicación masiva. | V | **Disertac.1** |

# Bloque 3. A reflexión ética.

| Obx | Comp | Criterio av. | Estandar | Grao mín. estándar | Tempor. 1ºT 2ºT3ºT | Proc./ instavaliac. |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ▪a<br>▪d<br>▪f<br>▪h | CSC | B3.1. Recoñecer que a necesidade dunha regulación ética é fundamental no mundo actual de grandes e rápidos cambios, debido á magnitude dos perigos aos que se enfronta o ser humano, polo que resulta necesaria a súa actualización e a | 3.1.1. Xustifica racionalmente e estima a importancia da reflexión ética no século XXI, como instrumento de protección dos dereitos humanos ante o perigo que poden representar entes posuidores de grandes | -Xustifica racionalmente e estima a importancia da reflexión ética no século XXI, como instrumento de protección dos dereitos humanos. | V | **Argum. na aula** |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | CMCCT<br>CSIEE | ampliación aos novos campos de acción da persoa, co fin de garantir o cumprimento dos dereitos humanos. | intereses políticos e económicos e grupos violentos, que teñen ao seu alcance armamento de grande alcance científico e tecnolóxico, capaces de pór en grande risco os dereitos fundamentais da persoa<br>3.1.2. Sinala algúns dos novos campos aos que se aplica a ética (profesional, bioética, ambiente, economía, empresa, ciencia e tecnoloxía, etc.). | - Sinala tres novos campos aos que se aplica a ética. | **V** | **Res. dilema** |
| ▪a<br>▪d<br>▪g<br>▪h<br>▪m | CSIEE | B3.2. Comprender e apreciar a importancia que teñen para o ser humano do século XXI as circunstancias que o rodean, salientando os límites que lle impoñen e as oportunidades que lle ofrecen para a elaboración do seu proxecto de vida, conforme os valores éticos que libremente elixe e que dan sentido á súa existencia. | 3.2.1. Describe e avalía as circunstancias que no momento actual o/a rodean, identificando as limitacións e as oportunidades que se lle formulan desde as perspectivas social, laboral, educativa, económica, familiar, afectiva, etc., co obxecto de deseñar, a partir delas, o seu proxecto de vida persoal, determinando libremente os valores éticos que deben guialo/a. | -Valora o papel das circunstancias para deseñar un proxecto de vida persoal | **V** | **Video con cuestións** |
| ▪a<br>▪b<br>▪d<br>▪h<br>▪l | CCL<br><br>CCL<br><br>CSC<br>CCL | ▪B3.3. Distinguir os principais valores éticos nos que se fundamentan as éticas formais, establecendo a súa relación coa ética kantiana e sinalando a importancia que este filósofo lle atribúe á autonomía da persoa como valor ético fundamental. | 3.3.1. Define os elementos distintivos das éticas formais e compáraos cos relativos ás éticas materiais.<br>B3.3.2. Explica as características da ética kantiana (formal, universal e racional), así como a importancia da súa achega á ética universal.<br>3.3.3. Aprecia, na ética kantiana, o seu fundamento na autonomía da persoa como valor ético esencial e a súa manifestación no imperativo categórico e as súas formulacións. | -Diferenza a ética formal da material<br><br>-Explica as características da ética kantiana<br><br>-Entende e coñece o imperativo categórico de Kant. | **V**<br><br>**V**<br><br>**V** | **Esquema compar.**<br><br>**Esquema concep.**<br><br>**Análise textos** |
| ▪b<br>▪c<br>▪d<br>▪e<br>▪g<br>▪h | CCL<br><br>CDC<br>CSIEE | B3.4. Identificar a ética do discurso, de Habermas e de Apel como unha ética formal, que salienta o valor do diálogo e o consenso na comunidade, como procedemento para atopar normas éticas xustas. | 3.4.1. Identifica a ética do discurso como unha ética formal e describe en que consiste o imperativo categórico que formula, sinalando as similitudes e as diferenzas que posúe co imperativo da ética de Kant.<br>3.4.2 Utiliza a súa iniciativa persoal e emprendedora para elaborar unha presentación con soporte informático acerca das éticas formais, expresando e elaborando conclusións fundamentadas. | -Entende a ética do discurso e a diferenza da ética de Kant.<br><br>- Utiliza a súa iniciativa persoal e emprendedora para elaborar unha presentación con soporte informático acerca das éticas formais | **V**<br><br>**V** | **Esquema compar.**<br><br>**Traballo grupo dixital 2** |

## Bloque 4. A xustiza e a política

| Obx | Comp | Criterio av. | Estandar | Grao mín. estándar | Tempor. 1ºT 2ºT3ºT | Proc./ instavaliac. |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ▪a<br>▪c<br>▪d<br>▪h<br>▪l | CSC | B4.1. Concibir a democracia non só como unha forma de goberno, senón como un estilo de vida cidadá, consciente do seu deber como elemento activo da vida política, colaborando na defensa e na difusión dos dereitos humanos tanto na súa vida persoal como na social. | 4.1.1. Comprende a importancia que ten para a democracia e a xustiza, que os cidadáns e as cidadás coñezan e cumpran os seus deberes (defensa dos valores éticos e cívicos, coidado e conservación de todos os bens e servizos públicos, participación na elección de representantes políticos/as, respecto e tolerancia á pluralidade de ideas e de crenzas, acatamento das leis e das sentenzas dos tribunais de xustiza, pagamento dos impostos establecidos, etc.). | -Valora a importancia que ten para a democracia e a xustiza, que os cidadáns e as cidadás coñezan e cumpran os seus deberes . | V | Resoluc. dilemas |
| ▪a<br>▪c<br>▪d<br>▪h<br>▪l | CCL<br>CSC | B4.2.Reflexionar acerca do deber da cidadanía e dos Estados de promover o ensino e a difusión dos valores éticos como instrumentos indispensables para a defensa da dignidade e os dereitos humanos, ante o perigo que o fenómeno da globalización pode representar para a destrución do planeta e a deshumanización da persoa. | 4.2.1. Diserta e elabora conclusións, en grupo, acerca das terribles consecuencias que pode ter para o ser humano o fenómeno da globalización, se non se establece unha regulación ética e política (egoísmo, desigualdade, interdependencia, internacionalización dos conflitos armados, imposición de modelos culturais determinados por intereses económicos que promoven o consumismo e a perda de liberdade humana, etc.). | -Diserta sobre os problemas dunha globalización sen unha regulaciónética. | V | Disertac. |
| | CSC | | 4.2.2. Comenta o deber ético e político que teñen todos os estados, ante os riscos da globalización, de tomar medidas de protección dos dereitos humanos, nomeadamente a obriga de fomentar o ensino dos valores éticos e a súa vixencia, e a necesidade de respectalos en todo o mundo (deber de contribuír na construción dunha sociedade xusta e solidaria, fomentando a tolerancia, o respecto aos dereitos das demais persoas; honestidade, lealdade, pacifismo, prudencia, e mutua comprensión mediante o diálogo, a defensa e protección da natureza, etc.) | -Explica o deber dos estados de protexer os dereitos humanos. | V | Cuestións. |

## Bloque 5. Os valores éticos, o Dereito e a Declaración Universal dos Dereitos

## Humanos

| Obx | Comp | Criterio av. | Estandar | Grao mín. estándar | Tempor.1ºT 2ºT3ºT | Proc./ instavaliac. |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | CCL<br><br>CCL<br>CSIEE | B5.1. Apreciar a necesidade das leis xurídicas no Estado, para garantir o respecto aos dereitos humanos, e disertar acerca dalgúns dilemas morais nos que existe un conflito entre os deberes éticos, relativos á conciencia da persoa, e os deberes cívicos que lle impoñen as leis xurídicas. | 5.1.1. Explica a finalidade e as características das leis xurídicas dentro do Estado e a súa xustificación ética, como fundamento da súa lexitimidade e da súa obediencia.<br>5.1.2. Debate acerca da solución de problemas nos que hai un conflito entre os valores e principios éticos do individuo e os da orde civil, formulando solucións razoadas, en casos como os de desobediencia civil e obxección de conciencia. | -Explica a finalidade e as características das leis xurídicas dentro do Estado e a súa xustificación ética.<br><br>-Debate sobre o conflito entre valores éticos do individuo e os da orde civil. | V<br><br>V | Análise textos<br><br>Resoluc. Dilemas e Debate na aula |
| | CAA<br>CD<br><br>CCL | B5.2. Disertar acerca da teoría de Rawls baseada na xustiza como equidade e como fundamento ético do dereito, e emitir un xuízo crítico acerca dela. | 5.2.1. Procura información en internet co fin de definir os principais conceptos utilizados na teoría de Rawls e establece unha relación entre eles (posición orixinal e veo de ignorancia, criterio de imparcialidade e función dos dous principios de xustiza que propón).<br>5.2.2. Realiza un xuízo crítico acerca da teoría de Rawls e explica a súa conclusión argumentada acerca dela. | -Busca información en internet e define os principais conceptos da teoría de Ralws.<br><br>-Valora criticamente a teoría de Ralws. | V | Expos. na aula<br><br>Expos. na aula |
| | CSC<br><br>CSC<br><br>CD<br>CSC<br>CCEC | B5.3. Valorar a DUDH como conxunto de ideais irrenunciables, tendo presentes os problemas e as deficiencias na súa aplicación, especialmente no relativo ao ámbito económico e social, indicando a importancia das institucións e os/as voluntarios/as que traballan pola defensa dos dereitos humanos. | 5.3.1. Xustifica racionalmente a importancia dos dereitos humanos como ideais para alcanzar polas sociedades e os Estados, e recoñece os retos que aínda teñen que superar.<br>5.3.2. Sinala algunha das deficiencias no exercicio dos dereitos económicos e sociais (pobreza, e falta de acceso á educación, á saúde, ao emprego, á vivenda, etc.).<br>5.3.3. Emprende a elaboración dunha presentación, con soporte informático e audiovisual, acerca dalgunhas institucións e voluntarios/as que, en todo o mundo, traballan pola defensa e respecto dos dereitos humanos | -Xustifica racionalmente a importancia dos dereitos humanos como ideais para alcanzar polas sociedades e os Estados.<br><br>-Emprega a prensa para buscar deficiencias no exercicio dos dereitos económicos e sociais.<br><br>-Elaboración dunha presentación, con soporte informático e audiovisual, acerca dalgunhas institucións e voluntarios/as que, en todo o mundo, traballan pola defensa e respecto dos dereitos humanos | V<br><br>V<br><br>V | Cuestións<br><br>Análise textos de prensa grupo.<br><br>Traballo grupo dixital 3 |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | CCL<br><br>CSC<br><br>CD<br>CSC | B5.4. Entender a seguridade e a paz como un dereito recoñecido na DUDH (no seu artigo 3) e como un compromiso dos españois e das españolas a nivel nacional e internacional (preámbulo da Constitución española), identificando e avaliando o perigo das novas ameazas que xurdiron nos últimos tempos. | 5.4.1. Diserta, en pequenos grupos, acerca da seguridade e a paz como un dereito fundamental das persoas, e aprecia a súa importancia para o exercicio do dereito á vida e á liberdade, elaborando e expresando as súas conclusións (artigo 3 da DUDH).<br><br>5.4.2. Toma conciencia do compromiso dos españois e das españolas coa paz, como unha aspiración colectiva e internacional recoñecida na Constitución española, e rexeita a violación dos dereitos humanos, amosando solidariedade coas vítimas da violencia.<br><br>5.4.3. Emprende a elaboración dunha presentación, con soporte audiovisual, sobre algunhas das novas ameazas para a paz e a seguridade no mundo actual (terrorismo, desastres ambientais, catástrofes naturais, mafias internacionais, pandemias, ataques cibernéticos, tráfico de armas de destrución masiva, de persoas e de órganos, etc.). | -Diserta, acerca da seguridade e a paz como un dereito fundamental das persoas.<br><br>-Valora o compromiso coa paz e rexeita a violación dos dereitos humanos.<br><br>-Elabora unha presentación, con soporte audiovisual, sobre algunhas das novas ameazas para a paz e a seguridade no mundo actual. | **V**<br><br>**V**<br><br>**V** | **Disertac.**<br><br>**Observ. na aula**<br><br>**Traballo grupo dixital 4** |
| | CSC<br><br>CSC<br><br>CSC<br>CCL | B5.5. Coñecer a misión atribuída na Constitución española ás Forzas Armadas e a súa relación cos compromisos que España ten cos organismos internacionais a favor da seguridade e a paz, reflexionando acerca da importancia do dereito internacional para regular e limitar o uso e as aplicación da forza e do poder. | 5.5.1. Coñece, analiza e asume como cidadán ou cidadá os compromisos internacionais realizados por España en defensa da paz e a protección dos dereitos humanos, como membro de organismos internacionais (ONU, OTAN, UE, etc.).<br><br>5.5.2. Explica a importancia da misión das forzas armadas (artigo 15 da lei de defensa nacional) en materia de defensa e seguridade nacional, de dereitos humanos e de promoción da paz, e a súa contribución en situacións de emerxencia e axuda humanitaria, tanto nacionais como internacionais<br><br>5.5.3. Analiza as consecuencias dos conflitos armados a nivel internacional, apreciando a importancia das organizacións internacionais que promoven e vixían o cumprimento dun dereito internacional fundamentado na DUDH. | -Coñece e asume os compromisos internacionais realizados por España en defensa da paz e a protección dos dereitos humanos,<br><br>–Explica a importancia da misión das forzas armadas en materia de defensa e seguridade nacional, de dereitos humanos e de promoción da paz.<br><br>-Analiza as consecuencias dos conflitos armados a nivel internacional. | **V**<br><br>**V**<br><br>**V** | **Cuestións**<br><br>**Cuestións**<br><br>**Redacción** |

## Bloque 6. Os valores éticos e a súa relación coa ciencia e a tecnoloxía

| Obx | Comp. | Criterio av. | Estandar | Grao mín. estándar | Tempor.<br>2ºT3ºT | Proc./ instavaliac. |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ▪a<br>▪b<br>▪e<br>▪f<br>▪h<br>▪m | CAA<br>CMCCT<br>CSC<br>CSIEE | B6.1 dentificar criterios que permitan avaliar, de xeito crítico e reflexivo, os proxectos científicos e tecnolóxicos, co fin de valorar a súa idoneidade en relación co respecto aos dereitos e valores éticos da humanidade. | ▪VEB6.1.1Utiliza información de forma selectiva para atopar algúns criterios que cumpra ter en conta para estimar a viabilidade de proxectos científicos e tecnolóxicos, considerando a idoneidade ética dos obxectivos que pretenden e a avaliación dos riscos e as consecuencias persoais, sociais e ambientais que a súa aplicación poida ter. | -Atopa criterios para estimar a viabilidade de proxectos científicos e tecnolóxicos. | **V** | **Resoluc. dilemas** |
| ▪a<br>▪d<br>▪f<br>▪g<br>▪h | CMCCT<br>CSC<br>CSIEE | B6.2. Estimar a necesidade de facer cumprir unha ética deontolóxica a científicos/as, tecnólogos/as e outros/as profesionais. | 6.2.1. Comprende e explica a necesidade de apoiar a creación e o uso de métodos de control, e a aplicación dunha ética deontolóxica para científicos/as e tecnólogos/as e, en xeral, para todas as profesións, fomentando a aplicación dos valores éticos no mundo laboral, financeiro e empresarial. | -Asume a necesidade de apoiar a creación e o uso de métodos de control, e a aplicación dunha ética deontolóxica para científicos/as e tecnólogos/as e, en xeral, para todas as profesións. | **V** | **Disertac.** |

## 5.4. Metodoloxía: materiais e recursos didácticos.

A metodoloxía aplicada considera ao estudante o protagonista directo da súa propia aprendizaxe, mentres sitúa ao docente nun segundo plano para que o alumnado consiga mais autonomía asumindo de forma consciente e reflexiva o exercicio da aprendizaxe en libertade.

O profesor/a debe orientar e axudar ao alumno/a e é moi importante desenvolver o proceso de ensino sempre que sexa posible a partires de aprendizaxes que estean baseados basados na experiencia, pois esta forma de proceder permitirá ao alumnado coñecer e interiorizar os contidos de forma comprensiva e significativa.

A metodoloxía didáctica neste etapa será nomeadamente activa e participativa, favorecendo o traballo individual e o cooperativo do alumnado, así como o logro dos obxectivos e das competencias correspondentes. Procurarase o traballo en equipo do profesorado co obxecto de proporcionar un enfoque multidisciplinar do proceso educativo, garantindo a coordinación de todos os membros do equipo docente de cada grupo.

Con esta finalidade e atentendo a adquisición dos estándares de aprendizaxe requeridos, os materiais os recursos curriculares empregados serán variados: explicacións por parte do profesor, recollida de información e conceptos sobre os principais contidos consultas en libros de texto e libros de lectura,videos, películas, páxinas webs, exercicios e esquemas a partires das explicacións en clase, xogos on line....

A continuación figuran unha serie de recursos que se poden empregar , deixando en mans do docente que imparta a materia a posibilidade de escoller outros alternativos:

***PÁXINAS WEBS:***

***Aula virtual do IES Pontecaldelas*** Departamento de Filosofía ( Valores éticos)

***Aulas galegas: valores éticos 4º ESO***
*https://aulasgalegas.org/tag/valores-eticos/*

***Amnistia internacional***
https://www.es.amnesty.org/

***Médicos sin fronteras***
https://www.msf.es/actualidad

***55cortometrajes para educar en valores***
***http://www.educaciontrespuntocero.com/recursos/familias-2/cortometrajes-educar-en-valores/16455.html***

***CINE:***

**As mulleres de verdade teñen curvas** (2003), de Patricia Cardoso.

**A espalda do mundo**(2000) de Javier Corcuera.

**Techo y comida (2015)** de Juan Miguel del Castillo

**El lector (2008)** de Stephen Daldry

**Flor del desierto (2010)** de Sherry Hormann

**Las golondrinas de Kabul** (2019) de Eléa Gobbé e Zabou Breitman

**Vals con Bashir** (2008) de Ari Folman

**Tomboy** (2011) de Céline Sciamma

**Earthlings** de Shaun Monson

**Makun: dibujos en un CIE** (2019) de Emilio Martí

*LIBROS:*

**Xa non estou aquí** de Iria Misa

**Madonna e outros contos de inverno** de Manuel Rivas

**O diario vermello de Carlota** de Gemma Lienas. (Selecciónase algún capítulo para ler e facer unha reflexión crítica)

**Iridium** de Francisco Castro

**As palabras poden matar** de Marcos Calveiro

**A ira dos mansos** de Manuel Esteban

**Malala. Mi historia** de Malala Yousafzai. (Selecciónase algún capítulo para ler e facer unha reflexión crítica)

Comic: **A. Spiegelman** de Maus.

Comic: **Alleos** de Idoia de Luxán Vázquez.

## 5.5. Criterios de avaliación e cualificación do alumnado.

De acordo coas competencias e obxectivos da materia, os criterios de avaliación comúns a todas as unidades serán os seguintes:

a) Mostrar actitudes de esforzo, perseveranza e responsabilidade na aprendizaxe e a realización de tarefas e actividades individuais e de grupo.

b) Mostrar actitudes de respecto, cooperación, empatía e interese cara a todas as persoas.

c) Expresar as súas opinións, valoracións e sentimentos de forma asertiva e respectuosa.

d) Expresarse con claridade e esfórzase por facerse entender.

e) Utilizar adecuadamente as novas tecnoloxías e busca información en internet sobre as actividades encomendadas.

f) Recoñecer a importancia de desenvolver valores éticos que contribúan a unha convivencia pacífica e que amplíen as posibilidades de elección das persoas.
g) Ser consciente das consecuencias que leva consigo a ausencia de principios e valores éticos na sociedade actual.

### Avaliación continua:

Ademais destes criterios , para poder cualificar os distintos estándares en cada unidade o alumnado realizará ademais as seguintes tarefas e traballos:

● Observación directa do alumnado na aula.( máximo 1 punto)

●Realización de análises de textos ou curtametraxes, disertacións, resolución dalgún dilema moral ou cuestións sobre os distintos contidos de cada unidade. Algunha destas tarefas faranse de maneira cooperativa e en grupo (máximo 6 puntos)

●Realización de traballos sobre as distintas unidades mediante o uso de medios e plataformas dixitais en grupo ou elaboración de un traballo de reflexión crítica tras a lectura dun libro, documental ou película. ( máximo 3 puntos)

| 1. Criterios sobre a avaliación e cualificación | |
|---|---|
| **1º Avaliación** | Cálculo da nota da 1º avaliación:<br><br>Observación na aula 10%<br><br>Cuestións,esquemas, resolucións de dilemas, análise de textos, contos ou curtametraxes 60% |

| | |
|---|---|
| | Traballo individual escrito ou oral 30% |
| | Procedemento de recuperación da 1º avaliación:<br><br>Realización de traballos e actividades non feitas ou cualificadas negativamente. |
| **2º Avaliación** | Cálculo da nota da 2º avaliación:<br><br>Observación na aula 10%<br><br>Cuestións,esquemas, resolucións de dilemas, análise de textos, contos ou curtametraxes 60%<br>Traballo individual escrito ou oral 30% |
| | Procedemento de recuperación da 2º avaliación:<br>Realización de traballos e actividades non feitas ou cualificadas negativamente. |
| **3º Avaliación** | Cálculo da nota da 3º avaliación:<br><br>Observación na aula 10%<br><br>Cuestións,esquemas, resolucións de dilemas, análise de textos, contos ou curtametraxes 60%<br>Traballo individual escrito ou oral 30% |
| | Procedemento de recuperación da 3º avaliación:<br>Realización de traballos e actividades non feitas ou cualificadas negativamente. |
| **Cualificación final** | Cálculo para obter a cualificación final de curso:<br>Nota media das 3 avaliacións.No caso de que o alumnado non acade un mínimo de 5 terá dereito a realizar unha proba global cualificada ata 10 puntos. |

# 4- PROGRAMACIÓN DA ÁREA DE FILOSOFÍA
# (4º de ESO)

**ÍNDICE:**

**1. INTRODUCIÓN**
**2. OBXECTIVOS DA MATERIA**
**3. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.**
**4. CONTIDOS.**
**5..COMPETENCIAS,TEMPORALIZACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DE ESTES E PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.**
**6. METODOLOXÍA, MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.**
**7. CRITERIOS SOBRE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN DO ALUMNADO.**

# 1. Introdución

A materia de Filosofía de cuarto curso de ESO ten como unha das súas finalidades contribuír a dotar o alumnado dunha capacidade básica de comprensión. Esta capacidade, arrancando da propia experiencia humana, das vivencias e inquedanzas do alumnado, debe impulsar a capacidade de crítica, de argumentación e síntese que poida servirlle para desenvolverse como persoa e como cidadán ou cidadá, entendendo a radicalidade do saber filosófico como ferramenta de transformación e cambio.

A comprensión de si mesmo/a e do mundo en que se vive, sen esquecer a súa vertente histórica, responde á dimensión teórica da filosofía como "preguntar radical" mediante a procura e tratamento dos grandes interrogantes filosóficos. Xunto a iso, a materia debe proxectar unha dimensión práctica, incidindo basicamente no fomento dunha actitude reflexiva e crítica que non acepte nada preconcibido, e dunha capacidade de pensar que, a través da mediación dialóxica, sexa capaz de argumentar de forma coherente e lóxica. O alumnado, deste xeito, deberá integrar coherentemente as súas ideas e as súas crenzas, someténdoas á crítica e á visión doutras persoas para ser quen de alcanzar un pensamento autónomo que integre os seus coñecementos e os seus valores, comprendendo a particularidade da filosofía como saber radical e global.

A materia estrutúrase en seis bloques: **"A filosofía", "Identidade persoal", "Socialización"**, **"Pensamento", "Realidade e metafísica" e "Transformación"**. Estes bloques representan globalmente un equilibrio, xa que tres deles responden a unha dimensión marcadamente teórica (filosofía, pensamento, realidade e metafísica), mentres os outros tres acentúan máis a vertente práctica da reflexión filosófica (identidade persoal, socialización e transformación).

Co desenvolvemento destes bloques o alumnado debe ser quen, a través da internalización, a asimilación e a consecución das competencias clave, de adquirir unhas destrezas teórico-prácticas basais para o avance e a mellora no eido persoal e na interacción social, adquirindo, ao tempo, unha visión filosófica e cultural en xeral.

## 2. Obxectivos da materia.

1.Profundizar no coñecemento da filosofía  como saber teórico e como razón práctica.
2. Analizar a diferenza entre filosofía, ciencia e relixión.
3.Identificar a filosofía como actitude crítica.
4.Coñecer o nacemento da filosofía en Grecia e algúns dos primeiros filósofos.
5.Profundizar no coñecemento do temperamento e do  carácter.
6.Comprender e coñecer algunhas  teorías da personalidade.
7.Comprender a importancia das emocións e o inconsciente.
8.Coñecer os conceptos de cultura, de civilización e de sociedade, e os elementos que conforman unha cultura.
9. Distinguir entre coñecemento e opinión.
10. Analizar as teorías da intelixencia de Gardner e de Goleman, e reflexionar sobre a súa aplicación no mundo actual.
11.Comprender a libertade nos sus múltiples sentidos.
12.Dialogar sobre a polémica filosófica do libre albedrío.
13.Pensar na  pregunta metafísica pola esencia da realidade e da existencia.
14. Recoñecer as etapas da creatividade e as súas fontes.
15.Apreciar a creación artística profundizando no sentido estético.

### 3. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.

Para os efectos desta programación, as competencias clave do currículo serán as seguintes:

a) Comunicación lingüística (**CCL**).
b) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (**CMCCT**).
c) Competencia dixital (**CD**).
d) Aprender a aprender (**CAA**).
e) Competencias sociais e cívicas (**CSC**).
f) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (**CSIEE**).
g) Conciencia e expresións culturais **(CCEC).**

Neste sentido, esta materia ten que contribuir a a desenvolver especialmente as seguintes competencias: comunicación lingüística, aprender a aprender, competencias sociais e cívicas, e conciencia e expresións culturais.

A materia ten que motivar ao alumnado para aprender a aprender, pois a curiosidade e a admiración están na orixe da filosofía historicamente e ten que dotalo de ferramentas que lle permitan madurar como persoas e non pode olvidar a competencia dixital, que capacita os alumnos e as alumnas para o uso das novas tecnoloxías que serven para traballar coa materia mesma da razón, o sentido, que se presenta baixo as dúas facetas da información e a comunicación.

A Filosofía como materia potencia o desenvolvemento das competencias sociais e cívicas,por estar estreitamente vinculadas coa finalidade última de todo o seu proxecto e

nesa consecución precisa acudir á competencia en comunicación lingüística, que lle permite ao alumnado tanto a exposición dun pensamento rigoroso e claro como o diálogo frutífero coas demais persoas.

Ademais a admiración é a curiosidade só se satisfai cando polo sentido de iniciativa e o espírito emprendedor nos animamos á acción, á creación e á innovación

Estas competencias preséntanse no curriculo relacionadas directamente cos estándares de aprendizaxe avaliables.

## 4. Contidos

## Bloque 1 .A filosofía

**B1.1.** Conceptos : filosofía, mito, logos, saber, opinión, abstracto, concreto, razón, sentidos, arché, causa, monismo, dualismo, pluralismo, substancia, prexuízo, etc.

**B1.2.** Modos de pensar: coñecer, opinar, argumentar, interpretar, razoar, analizar, criticar, descubrir, crear.

**B1.3**. Explicación racional (logos) e mitolóxica (mito).

**B1.4.** Comparativa de textos míticos e racionais ao respecto da cosmoxénese e a antropoxénese

**B1.5.** A pregunta polo *arché* nos presocráticos: solucións de Heráclito, Parménides e Demócrito.

**B1.6.** O individuo e a polis en Sócrates e en Protágoras.

**B1.7.** Funcións da filosofía nas súas vertentes teórica e práctica.

## Bloque 2. Identidade persoal

**B2.1.** Conceptos**:** personalidade, temperamento, carácter, conciencia, inconsciencia, condutismo, cognitivismo, psicoloxía humanística, psicanálise, etc.

**B2.2**. A personalidade.

**B2.3.** Teorías sobre a personalidade

**B2.4.** Etapas do desenvolvemento da identidade persoal. Tipos de personalidade.

**B2.5.** O inconsciente na psicanálise.

**B2.6.** O innato e o adquirido na formación da personalidade.

**B2.7.** A filosofía da mente e a neurociencia.

**B2.8.** A motivación e os conceptos asociados: emoción, sentimento, necesidades primarias e secundarias, autorrealización, vida afectiva e frustración.

**B2.9.** A motivación desde a teoría cognitiva e : coñecemento e motivación.

**B2.10.** Teoría humanística sobre a motivación. Diferenzas coa teoría cognitivista.

**B2.11.** Condición afectiva humana:Impulsos, emocións e sentimentos.

**B2.12.** Incidencia na conduta das emocións: a curiosidade e o pracer de aprender, o desexo de lograr obxectivos, a satisfacción pola resolución deproblemas, o agrado polo recoñecemento de éxito e a compracencia polo estímulo de iniciativas

**B2.13.** O ser humano como centro das múltiples perspectivas que se integran no saber orixinario que é a filosofía.

**B2.14**. Teorías sobre a alma de Platón e de Aristóteles, e relación nelas entre alma, corpo e afectos.

**B2.15**. A introspección en Agostiño de Hipona.

**B2.16**. O cogito de Descartes e o home-máquina dos materialistas franceses do século XVIII.

**B2.17.** A vontade como elemento definitorio do humano.

**B2.18.** Reflexión filosófica sobre a afectividade.

**B2.19.** O ser humano como proxecto.

## Bloque 3. Socialización

**B3.1.** Conceptos : individualidade, alteridade, socialización, estado de natureza, dereitos naturais, contrato social, respecto, propiedade, Estado, lexitimación, institucionalización, rol, status, conflito e cambio social, globalización, etc.

**B3.2.** Cultura e sociedade. Compoñentes socioculturais do ser humano.

**B3.3**. Contidos culturais: institucións, ideas, crenzas, valores, obxectos materiais, etc.

**B3.4**. Niveis biolóxico, afectivo e cognitivo na internalización da cultura

**B3.5.** Elementos do proceso de socialización: socialización primaria e secundaria.

**B3.6.** Teses fundamentais sobre a orixe da sociedade e o Estado

**.B3.7**. A civilización. Diferenza entre civilización e cultura. Oriente e Occidente.

**B3.8**. Comunicación. Comunicación non verbal. A comunicación na época das tecnoloxías da información e da comunicación.

**B3.9.**Diferenzas culturais. Relativismo cultural e etnocentrismo.

## Bloque 4. Pensamento

**B4.1.** Conceptos : razón, sentidos, experiencia, abstracción, universalidade, sistematicidade, racionalismo, dogmatismo, empirismo, límite, intelixencia, intelixencia emocional, certeza e erro.

**B4.2.** Características da racionalidade humana. Posibilidades e límites da razón.

**B4.4**. Racionalidade teórica e racionalidade práctica. Teoría e experiencia.

**B4.5.** Concepcións contemporáneas sobre a intelixencia. Teoría da intelixencia emocional.

**B4.6.** A verdade e os seus tipos: a verdade como correspondencia; a verdade segundo o pragmatismo americano; a verdade desde o perspectivismo e o consenso. Papel do erro na procura da verdade.

## Bloque 5. Realidade e metafísica

**B5.1**. Conceptos : metafísica, realidade, pregunta radical, esencia, natureza, cosmos, caos, creación, finalismo, continxente, mecanicismo e determinismo.

**B5.2**. Metafísica: o seu obxecto e o seu método.

**B5.3.** A natureza como esencia e como totalidade: o Universo.

**B5.4.** Orixe do Universo. Eternidade ou creación.

**B5.5.** Respostas á pregunta pola finalidade do Universo.

**B5.6**. Respostas á pregunta sobre o posto do ser humano no Universo.

**B5.7**. Determinismo e Indeterminismo. Teoría do caos.

**B5.8**. Sentido da existencia. Vida e morte.

**B5.9.** Sentido da historia.

**B5.10**. Lugar do ser humano no mundo

## Bloque 6. Transformación

**B6.1.** Conceptos : vontade, liberdade negativa, liberdade positiva, autodeterminación, libre albedrío, determinismo, indeterminismo e condicionamento.

**B6.2**. Libre albedrío e vontade.

**B6.3.** Libre albedrío: condicionamentos sociais e políticos.

**B6.4.** Libre albedrío: xenética e neurociencia.

**B6.5.** O libre albedrío e o determinismo na natureza.

**B6.6.** Posturas filosóficas sobre o libre albedrío: a do estoicismo, a de Kant e a intermedia, que avoga pola non existencia da liberdade absoluta.

**B6.7.** Conceptos do bloque "Transformación-Estética": estética, creatividade, sinapse neuronal, imaxinación, pensamento diverxente, pensamento converxente e serendipia

**B6.7**. Imaxinación humana: características e funcionamento.

**B6.8.** Creatividade humana: fases , técnicas e elementos que favorecen a creatividade.

### Temporalización

**(1º Trimestre)** Impartiranse os Bloques 1 e 2 de contidos.

**(2º Trimestre)** Impartiranse os Bloques 3 e 4 de contidos.

**(3º Trimestre)** Impartiranse os Bloques 5 e 6 de contidos.

## 5. Competencias,temporalización dos estándares de aprendizaxe avaliables, grao mínimo de consecución de estes e procedementos e instrumentos de avaliación.

Nas seguintes táboas figuran por bloques de contidos, os distintos estándares de aprendizaxe repartidos por trimestre e relacionados cos obxectivos e competencias a acadar. Figuran tamén os procedementos para avalialos e o nivel mínimo esixible por estándar.

Como en ocasións se empregan abreviaturas, a súa correspondencia é a seguinte:

**Obx.** Obxectivos.

**Comp**. Competencias

**Grao mín. Estándar** Grao mínimo de estándar

**Temp**. Temporalización

**Proc./inst avaliac.** Procedementos e instrumentos de avaliación

### Bloque 1. A filosofía

| Obx | Comp. | Criterio av. | Estandar | Grao mín. estándar | Temp. 1ºT 2ºT3ºT | Proc./ins avaliac. |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ▪b<br>▪e<br>▪f<br>▪h | CAA<br><br>CCL | .B1.1. Comprender o que é a reflexión filosófica, diferenciándoa doutros tipos de saberes que estudan aspectos concretos da realidade e do individuo. | B1.1.1. Define e utiliza conceptos como filosofía, mito, logos, saber, opinión, abstracto, concreto, razón, sentidos, arché, causa, monismo, dualismo, pluralismo, substancia ou prexuízo, e elabora un glosario con eles.<br>B1.1.2. Distingue entre, coñecer, opinar, argumentar, interpretar, razoar, analizar, criticar, descubrir e crear. | -Coñece e sabe definir os principais conceptos sinalados.<br><br>-Comprende as diferenzas entre coñecer, crer e argumentar. | V<br><br>V | **Proba e Esq. Concep.**<br><br>**Act. e cuestións na aula.** |
| ▪b<br>▪e<br>▪h<br>▪d<br>▪l | CCEC<br><br>CCL | B1.2. Coñecer a orixe da filosofía occidental (onde, cando e por que xorde), distinguíndoa dos saberes prerracionais, o mito e a maxia, en tanto que saber práctico, e comparándoa con algunhas características xerais das filosofías orientais. | B1.2.1. Explica as diferenzas entre a explicación racional e a mitolóxica, en comparación tamén con algunhas características xerais das filosofías orientais<br>B1.2.2. Le textos interpretativos e descritivos da formación do Cosmos e o ser humano, pertencentes ao campo mitolóxico e ao campo racional, e extrae semellanzas e diferenzas nas formulacións. | -Coñece e entende o significado da filosofía como paso do **mito** ao **logos**<br><br>-Comprende e analiza comparativamente textos mitolóxicos e filosóficos sore a orixe do cosmos e do ser humano | V<br><br>V | **Proba**<br><br>**Análise de textos 2 textos** |
| - h<br>▪l | CCEC<br>CCL | B1.3. Identificar o primeiro interrogante filosófico da filosofía grega, a pregunta pola orixe, e coñecer as primeiras respostas dadas polos primeiros pensadores gregos. | B1.3.1. Describe as primeiras respostas presocráticas á pregunta polo arché, coñece os seus autores e reflexiona por escrito sobre as solucións de interpretación da realidade expostas por Heráclito, Parménides e Demócrito. | -Coñece e comprende e analiza comparativamente textos mitolóxicos e filosóficos sobre a orixe do cosmos e do ser humano | V | **Proba e Análise de textos ( 2 textos)** |
| - a | CSC | B1.4. Coñecer o xiro | B1.4.1 Compara a | Realiza unha análise | V | **Actv. Esq.** |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ▪h<br>▪l | CCL | antropolóxico da filosofía no século V a.C., explicando algunhas das ideas centrais de Sócrates e de Protágoras, e reflexionando sobre a aplicación práctica da filosofía respecto ao individuo e a sociedade en que vive. | interpretación do ser humano e a sociedade defendida por Sócrates coa exposta por Protágoras, e argumenta a súa propia postura. | comparativa sobre as diferenzas entre o universalismo de Sócrates e o relativismo de Protágoras. | | **Concep.** |
| - h<br>- l | CCL | B1.5 Recoñecer as funcións da filosofía en tanto que saber crítico que aspira a fundamentar, analizar e argumentar sobre os problemas últimos da realidade, desde unha vertente tanto teórica como práctica. | B1.51. Diserta sobre as posibilidades da filosofía segundo as súas funcionalidades. | Realiza unha pequena disertación sobre as funcións da filosofía práctica e teórica. | **V** | **Disert. Filos.** |

## Bloque 2. A personalidade

| **Obx** | **Comp** | **Criterio av.** | **Estandar** | **Grao mín. estándar** | **Temp** 1ºT 2º,3º | **Proc./ ins avaliac.** |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ▪b<br>- d<br>▪h | CCL | B2.1. Comprender a profundidade da pregunta ″quen son?", coñecendo algunhas respostas dadas desde a psicoloxía e a filosofía, e expresalo por escrito. | B2.1.1. Define e utiliza conceptos como personalidade, temperamento, carácter, conciencia, inconsciencia, condutismo, cognitivismo, psicoloxía humanística, psicanálise, e elabora un glosario con eses termos. | -Comprende e pode definir os conceptos sinalados | **V** | **Act. e cuestión na aula. Proba** |
| ▪h | CCL | B2.2. Definir o que é a personalidade, así como os principais conceptos relacionados con ela. | B2.2.1. Define e caracteriza o que é a personalidade. | Define e caracteriza o que é a personalidade. | **V** | **Proba** |
| - h | CCL | B2.3. Coñecer e explicar as teses centrais dalgun-has teorías sobre a personalidade. | B2.3.1. Coñece as teses fundamentais sobre a personalidade e argumenta sobre iso. | Coñece as teses fundamentais de 2 teorías sobre a personalidade | **V** | **Proba Actv. Esq. Concep.** |
| - a<br>▪b<br>▪d<br>▪g<br>▪h | CAA<br>CCL | B2.4. Recoñecer as etapas do desenvolvemento da identidade persoal, reflexionando sobre os factores que determinan o éxito e o fracaso, e achega a propia opinión razoada sobre estes dous conceptos. | IB2.4.1. Le textos literarios nos que se analiza a personalidade dos personaxes, identifica os trazos e os tipos de personalidade, e reflexiona por escrito sobre a temática. | Analiza e comprende os rasgos definitorios da personalidade de distintos personaxes | **V** | **Taballo sobre unha obra ou relato.** |
| -l | CCEC | B2.5. Analizar que se entende por inconsciente no marco do pensamento da psicanálise. | B2.5.1. Analiza que se entende por inconsciente. | Comprende o concepto de inconsciente na formulación de Freud | **V** | **Proba** |
| - a | CAA | B2.6. Reflexionar por | B2.6.1. Le e analiza textos | Analiza e comenta 1 | **V** | **Análise de** |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ▪b<br>▪e<br>▪h<br>▪n | CCL<br>CMCCT | escrito e dialogar en grupo sobre a posible incidencia que a herdanza xenética e o adquirido teñen na formación da personalidade. | filosóficos, literarios ou científicos cuxo punto de reflexión sexa a herdanza adquirida na formación da personalidade, incidindo no autocoñecemento. | texto sobre a importancia da herdanza e o adquirido na personalidade | | **textos** |
| - b<br>▪e<br>▪g | CCL<br>CD | B2.7. Investigar en internet en que consiste a filosofía da mente e a neurociencia, e seleccionar a información máis significativa. | B2.7.1. Investiga e selecciona información significativa sobre conceptos fundamentais de filosofía da mente. | Sabe seleccionar e resumir información sobre o tema en Internet | V | **Act. Grupo Traballo dixital** |
| - d<br>▪h | CCL | B2.8. Identificar a función e a importancia da motivación como factor enerxético e direccional da vida humana nas súas múltiples dimensións. | B2.8.1. Define e utiliza con rigor conceptos como motivación, emoción, sentimento, necesidades primarias e secundarias, autorrealización, vida afectiva e frustración. | Define e comprende os conceptos sinalados | V | **Proba** |
| - d | CAA | B2.9. Recoñecer, no marco da teoría cognitiva, o valor do coñecemento como elemento motivador da conduta humana, reflexionando sobre a consideración do ser humano como animal racional. | B2.9.1. Explica as teses máis importantes da teoría cognitiva acerca do coñecemento e a motivación. | Coñece e comprende o básico da teoria cognitiva | V | **Proba** |
| - d | CAA | B2.10. Explicar as ideas centrais da teoría humanística sobre a motivación, reflexionando sobre o carácter da motivación como elemento distintivo do ser humano fronte ao simplemente animal. | 2.10. Explica as ideas centrais da teoría humanística sobre a motivación e expresa a súa opinión razoada ao respecto. | Coñece e comprende o básico da teoria humanística. | V | **Proba** |
| - d<br>▪h | CCL | B2.11. Coñecer a condición afectiva do ser humano, distinguindo entre impulsos, emocións e sentimentos, e recoñecendo o papel do corpo na posibilidade de manifestación do afectivo | B2.11. Analiza e argumenta sobre textos breves e significativos de autores salientables sobre as emocións, e argumenta por escrito as propias opinións. | Analiza e argumenta sobre textos breves e significativos sobre as emocións | V | **Análise de textos** |
| - b<br>▪d<br>▪g<br>▪h | CAA<br>CCL | B2.12. Reflexionar e argumentar sobre a importancia da motivación e das emocións, como a curiosidade e o pracer de aprender, o desexo de lograr obxectivos, a satisfacción pola resolución de problemas, o agrado polo recoñecemento de éxito, a compracencia polo estímulo de iniciativas, etc | B2.12.1. Argumenta sobre o papel das emocións para estimular a aprendizaxe, o rendemento, o logro de obxectivos e a resolución de problemas, entre outros<br>▪B2.12.2.. Analiza textos e diserta sobre a incidencia das emocións, como a frustración, o desexo ou o amor, entre outras, na conduta humana. | Analiza e argumenta sobre os efectos positivos e negartivos das emocións | V | **Análise de textos** |
| - b | | B2.13. Coñecer, desde a historia da filosofía, | B2.13 Desenvolve de forma colaborativa un glosario | Define e expón de maneira dixirtal os | V | **Act. Grupo** |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ▪d<br>▪g<br>▪h | | algunhas das reflexións sobre aspectos que caracterizan o ser humano en canto tal, valorando a función da filosofía como saber orixinario e integrador de múltiples perspectivas cuxo centro común é a persoa. | para publicar en internet, coa terminoloxía filosófica da unidade. | principais conceptos da unidade | | **Traballo dixital** |
| - h<br>▪l | **CCEC** | B2.14 Explicar as teorías da alma de Platón e de Aristótoles, reflexionando sobre a consideración e a relación entre a alma, o corpo e os afectos, que se analizan nesas teorías. | B2.14. Explica a teoría da alma de Platón e a de Aristóteles. | Explica a teoría da alma de Platón e a de Aristóteles. | **V** | **Proba** |
| - h<br>▪l | **CCEC** | B2.15. Coñecer a importancia da introspección sinalada por Agostiño de Hipona, como método de autocoñecemento e de formación da propia identidade. | B2.15. Explica o que é a introspección segundo Agostiño de Hipona, | Explica o que é a introspección segundo Agostiño de Hipona, | **V** | **Proba-** |
| - h<br>▪l | **CCEC** | B2.16. Describir e comparar a concepción cartesiana do papel do pensamento como aspecto que define o individuo, fronte ás concepcións materialistas e mecanicistas do home-máquina no materialismo francés do século XVIII. | B2.16.1. Expón o significado da tese de Descartes "Penso, logo existo".<br>B2.16.2. Expón as súas reflexións sobre as implicacións do materialismo na súa descrición do ser humano. | Explica e compara a concepción de Descartes e dos materialistas | **V** | **Proba Actv. Esq. Concep.** |
| - h | **CCL** | B2.17. Coñecer a importancia da facultade da vontade como elemento definitorio do humano | B2.17. Explica o que é a vontade. | Explica o que é a vontade. | **V** | **Activ. na aula** |
| - d<br>▪h | **CCL** | B2.18. Expresar algunha das consideracións filosóficas sobre o afectivo. | B2.18 Argumenta, desde o plano filosófico, sobre o papel das emocións na consideración do ser humano en canto ta | Argumenta sobre o paple das emocións no ser humano. | | **Activ. na aula** |
| ▪d<br>▪h | **CCL**<br>**▪CSIEE** | B2.19. Recoñecer as implicacións filosóficas da idea do home como proxecto. | B2.19 Expresa e desenvolve a idea de home como proxecto. | Redacta un discurso sobre o tema | | **Activ. na aula** |

## Bloque 3. Socialización

| Obx | Comp | Criterio av. | Estandar | Grao mín. estándar | Temp 1ºT 2ºT3ºT | Proc. /inst. avaliac. |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ▪a<br>▪b<br>- g | **CSCCCL** | B3.1. Identificar o "outro" tal como é na súa individualidade e, ao mesmo tempo, identificalo | B3.1.1 Define conceptos como individualidade, alteridade, socialización, estado de natureza, dereitos | Define e coñece os conceptos sinalados | **V** | **Proba** |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ▪h<br>▪l | | como un "alter ego" que comparte un espazo e unhas circunstancias comúns, dando lugar á intersubxectividade. | naturais, contrato social, respecto, propiedade,estado lexitimación, institucionalización, rol, status, conflito e cambio social, e globalización. | | | |
| ▪a<br>▪h<br>▪l | CCL | B3.2. Recoñecer a dimensión social e cultural do ser humano, identificando e distinguindo os conceptos de cultura e de sociedade. | B3.2.1. Define e explica o significado dos conceptos de cultura e de sociedade, facendo referencia aos compoñentes socioculturais que hai no ser humano. | Comprende a dimensión socio-cultural do ser humano | V | **Análise de textos** |
| - a<br>▪ñ<br>▪l<br>▪o | CAA<br>CCEC | B3.3. Identificar o proceso de construción, os elementos e a lexitimación dunha cultura, valorando esta non só como ferramenta de adaptación ao medio, senón como ferramenta para a transformación e a autosuperación. | B3.3.1. Expresa algúns dos principais contidos culturais, como son as institucións, as ideas, as crenzas, os valores, os obxectos materiais, etc. | Identifica os principais elementos que constrúen unha cultura | V | **Proba e Esquema concept.** |
| - d<br>▪h | CSC | B3.4. Coñecer os elementos do proceso de socialización e relacionalos coa propia personalidade. | B3.4.1.Describe a socializació primaria e secundaria. | Comprende e distingue a socialización primaria e secundaria | V | **Proba** |
| - a<br>▪h | CSC<br>CCL | B3.5 Coñecer as teorías sobre a orixe da sociedade e reflexionar de forma escrita sobre elas, argumentando as propias opinións ao respecto. | B3.5.1. Explica as teses fundamentais sobre a orixe da sociedade e o Estado. | Comprende e analiza textos sobre a temática | | **Proba e Análise de textos** |
| - a<br>▪b<br>▪d<br>▪l | CAA<br>CSIEE<br>CCEC<br>CSC | B3.6. Comprender o sentido do concepto de civilización, relacionando as súas semellanzas e diferenzas co concepto de cultura. | 3.6.1. Explica o que é unha civilización e pon exemplos fundamentados, e investiga e reflexiona sobre as semellanzas e as diferenzas entre oriente e occidente. | Investiga e argumenta sobre a civilización occidental e oriental | V | **Expos. oral na aula** |
| - e<br>▪g<br>▪h | CCL<br>CD | B3.7. Definir o que é a comunicación, analizando as formas de comunicación non verbal, e a incidencia das novas tecnoloxías da información e da comunicación. | B3.7.1. Explica o que é a comunicación e reflexiona sobre as vantaxes e os inconvenientes cando a ferramenta para ela son as novas tecnoloxías. | Coñece distintas formas de comunicación e reflexiona sobre as súas ventaxes e inconvintes . | *V* | **Disert. Filosóf.** |

## Bloque 4. Pensamento

| Obx | Comp | Criterio av. | Estandar | Grao mín. estándar | Temp<br>1ºT 2ºT3ºT | Proc./ins avaliac. |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ▪b<br>▪h | CCL | B4.1. Comprender a facultade racional como específica do ser humano e as súas implicacións, analizando en que consiste a racionalidade e cales son as súas características. | B4.1.1. Define e utiliza conceptos como razón, sentidos, experiencia, abstracción, universalidade, sistematicidade, racionalismo, dogmatismo, empirismo, límite, intelixencia, intelixencia emocional, certeza | -Sabe definir os conceptos anteriores. | V | **Proba** |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | e erro.<br>B4.1.2. Explica o que é a racionalidade e describe algunhas das súas características. | Sabe recoñecer as caracteristicas da razón | **V** | **Proba** |
| **- d**<br>**▪h**<br>**▪l** | **CSC**<br>**CCL** | B4.4. Coñecer a concepción contemporánea sobre a intelixencia, incidindo na teoría da intelixencia emocional de Daniel Goleman. | B4.4.1. Explica as teses centrais da teoría da ntelixencia emocional.<br>B4.4.2. Argumenta sobre a relación entre a razón e as emocións. | Diserta e valora a teoría sobre a intelixencoia emocional | **V** | **Disert. Filos.** |
| **- b**<br>**▪g**<br>**▪h** | **CSC**<br>**CCL**<br>**CSIEE**<br>**CCL** | B4.5. Comprender algúns dos principais tipos de verdade (a verdade como correspondencia; a verdade segundo o pragmatismo americano; a verdade desde o perspectivismo e o consenso) e reflexionar sobre a posibilidade de alcanzar a verdade absoluta | B4.5.1. Define algúns tipos de verdade, como son a verdade como correspondencia, a verdade segundo o pragmatismo americano e a verdade desde o perspectivismo.<br>B4.5.2. Reflexiona sobre a parte positiva de equivocarse e a importancia do erro como posibilidade de procura de novas estratexias e solucións. | Cmprende e sabe explicar 3 teorías sobre a verdade<br>Argumenta correctamente e sabe espoñer con claridade as súas conclusións oralmente. | **V**<br>**V** | **Act. Esquema conc.**<br>**Exp. oral** |

## Bloque 5. Realidade e metafísica

| **Obx** | **Comp** | **Criterio av.** | **Estandar** | **Grao mín. estándar** | **Temp** 1ºT 2ºT3ºT | **Proc./ insavaliac.** |
|---|---|---|---|---|---|---|
| h<br>l | CCL<br>CCL | B5.1. Coñecer o significado do termo "metafísica", comprendendo que é a principal disciplina das que compoñen a filosofía, identificando o seu obxectivo fundamental, consistente en realizar preguntas radicais sobre a realidade, e entendendo en que consiste o "preguntar radical". | B5.1..Define e utiliza conceptos como metafísica, realidade, pregunta radical, esencia, natureza, cosmos, caos, creación, finalismo, continxente, mecanicismo e determinismo. | Sabe definir os principais conceptos relacionados coa metafísica | **V** | **Proba** |
| b<br>f<br>h<br>n | **CAA**<br>**CMCCTCEC**<br>**CAA**<br>**CMCCT** | B5.2. Comprender unha das principais respostas á pregunta acerca do que é a natureza e identificar esta non só como a esencia de cada ser, senón ademais como o conxunto de todas as cousas que hai, e coñecer algunhas das grandes preguntas metafísicas acerca da natureza: a orixe e a finalidade do Universo, a orde que rexe a natureza, se é que a hai, e o posto do ser humano no Cosmos, reflexionando sobre as implicacións | IB5.2.1. Expresa as dúas posibles respostas á pregunta pola orixe do Universo (é eterno ou foi creado), e expón as súas reflexións sobre as implicacións relixiosas e filosóficas de ambas as dúas<br>B5.2.2. Expón as dúas posturas sobre a cuestión acerca de se o Universo ten unha finalidade, unha dirección, ou se non a ten, e argumenta filosoficamente a súa opinión ao respecto. | Sabe explicar a diferenza entre o creacionismo e o evolucionismo.<br>Argumenta sobre a a finalidade no universo | **V**<br>**V** | **Proba**<br>**Proba** |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | **CCL** **CMCCT** | filosóficas de cada unha destas cuestións. | B5.2.3. Analiza textos cuxo punto de reflexión é a realidade física que nos rodea e os interrogantes filosóficos que suscita | Comprende e analiza textos sobre a orixe e sentido da realidade física. | **V** | **Análise de textos ( 2 ou 3 textos)** |
| ▪f ▪h | **CMCCT** | B5.3. Coñecer as implicacións filosóficas da teoría do caos, comprendendo a importancia de sinalar se a natureza se rexe por leis deterministas ou se rexe polo azar cuántico, e argumentar a propia opinión sobre como afecta esta resposta de cara á comprensión da conduta humana. | IB5.3.1. Define o que é o determinismo e o indeterminismo, no marco da reflexión sobre se existe unha orde no Universo rexida por leis. | Comprende a diferenza entre determinismo e indeterminismo cósmico | **V** | **Proba** |

# Bloque 6. Transformación

| **Obx** | **Comp** | **Criterio av.** | **Estandar** | **Grao mín. estándar** | **Temp** 1ºT, 2,º 3º | **Proc. /inst avaliac.** |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ▪a ▪b - g ▪h | **CSC** **CCL** | B6.1. Coñecer os dous significados do concepto de liberdade de acción (liberdade negativa e liberdade positiva), e aplicalos tanto no ámbito da sociedade política como no terreo da vida privada ou a liberdade interior. | B6.1.1. Define e utiliza conceptos como vontade, liberdade negativa, liberdade positiva, autodeterminación, libre albedrío, determinismo, indeterminismo e condicionamento<br>B6.1.2. Analiza textos breves sobre o tema da liberdade, e argumenta a propia opinión. | Comprende os conceptos sinalados<br>Comprende e analiza argumentando textos sobre o tema da liberdade | **V**<br>**V** | **Esq. Concep.**<br>**Análise de textos ( 2 textos)** |
| ▪A ▪f ▪g ▪h | **CCL** **CSC** | B6.2. Comprender o que é o libre albedrío ou a liberdade interior, en relación coa posibilidade de autodeterminación dun mesmo e coa facultade da vontade. | B6.2.1. Explica o que é o libre albedrío e a facultade humana da vontade. | Define os conceptos sinalados. | **V** | **Proba** |
| - a ▪f ▪g ▪h | **CCL** **CSC** | B6.3. Reflexionar e argumentar sobre a relación entre a liberdade interior e a liberdade social e política. | B6.3.1. Expón as súas reflexións sobre a posibilidade de que exista ou non o libre albedrío, tendo en conta os avances no coñecemento da xenética e a neurociencia. | Diserta sobre a existencia ou non do libre albedrío tendo en conta os límites xenéticos e biolóxicos. | **V** | **Disertac.** |
| - a ▪f ▪g | **CCL** **CSC** | B6.4. Coñecer a existencia de determinismo na natureza, analizando a posibilidade que ten o ser humano de | B6.4.1. Argumenta sobre as posibilidades do ser humano de actuar libremente, tendo en conta que é un ser natural. | Diserta sobre a existencia ou non do libre albedrío tendo en conta os límites xenéticos e biolóxicos. | **V** | **Disertac.** |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ▪h | | ser libre, tendo en conta que é un ser natural e, en canto tal, sometido ás leis da natureza. | | | | |
| -h<br>▪l | CSCCCL | B6.5. Recoñecer as tres posturas sobre o problema da liberdade absoluta ou condicionada: a tese estoica, a negación do sometemento da vontade ás leis naturais de Kant e a posición intermedia, que rexeita non a liberdade, senón a liberdade absoluta. | B6.5.1. Expresa diferentes posturas de filósofos en torno ao tema da liberdade. | -Expón 3 respostas distintas ao problema da libertade e argumenta a súa opción. | V | **Exp. oral** |
| - a<br>▪b<br>▪e<br>▪h<br>▪n | CAA<br>CCL<br>CMCCT | ▪B6.6. Coñecer a estética como a parte da filosofía que estuda o proceso creativo, a experiencia estética e a beleza. | B6.6.1. Define e utiliza conceptos como estética, creatividade, sinapse neuronal, imaxinación, pensamento diverxente, pensamento converxente e serendipia. | Define correctamente os conceptos sinalados | V | **Proba** |
| - g<br>▪h | CAA<br>CCL<br>CCLCSIEED | ▪B6.7. Identificar o que é a imaxinación, en tanto que facultade específica do ser humano, explicando como funciona e cales son súas características. | B6.7.1. Le e comenta textos breves e significativos sobre o mecanismo de aparición de ideas novas.<br>B6.7.2. Explica o que é a imaxinación e exemplifícaa mediante a redacción de relatos breves de temática filosófica | Comprende e analiza textos sobre a imaxinación .<br>Produce textos breves de temática filosófica. | V<br>V | **Análise de texto**<br>**Compos. dun texto** |
| - b<br>▪e<br>▪g<br>▪h<br>▪n<br>▪h | CCL<br>CSIEE | B6.8. Recoñecer a capacidade humana da creatividade, en tanto que potencialidade existente en todas as persoas e que se consegue adestrando o cerebro. | B6.8.1. Analiza textos de literatura fantástica considerando os elementos especificamente creativos e reflexionando sobre eles. | Analiza e comprende textos de natureza fantástica | V | **Análise de textos** |
| - g<br>▪h<br>▪n | CSIEE | B6.9. Coñecer as fases do proceso creativo e reflexionar sobre a importancia de que o pensamento diverxente imaxinativo e o pensamento lóxico e racional traballen xuntos. | B6.9.1. Explica as fases do proceso creativo. | Explica esquemáticamente as distintas fases do proceso creativo. | V | **Esq. Concept.** |
| - a<br>▪b<br>▪g<br>▪h | CAA<br>CSC | B6.10. Utilizar a técnica do brainstorming para construír unha historia literaria con temática filosófica. | B6.10. Utiliza de forma colectiva a técnica do brainstorming para reflexionar sobre temas filosóficos tratados durante o curso. | Crea en grupo unha historia de temática filosófica. | V | **Traballo grupo** |
| - g<br>▪h<br>▪n | CCL | B6.11. Valorar a liberdade como condición básica para a creatividade innovadora e coñecer en que consiste unha personalidade creativa. | B6.11 Argumenta sobre o papel da liberdade como condición fundamental para a creación, e explica en que consiste ser unha persona creativa. | Fai unha redacción sobre a libertade eas características da xente creativa. | V | **Redac. na aula** |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ▪g | **CSIEE CD** | B6.12. Reflexionar argumentadamente sobre o sentido do risco e a súa relación para alcanzar solucións innovadoras e, xa que logo, a posibilidade de evolucionar. | B6.124.1. Argumenta sobre a importancia de asumir riscos e saír da chamada zona de confort para alcanzar metas e lograr resultados creativos e innovadores. | Busca información e argumenta sobre científicos ou escritores que asumiron grandes riscos. | **V** | **Exp. dixital** |

## 6. Metodoloxía, materiais e recursos didácticos.

A metodoloxía aplicada considera ao estudante o protagonista directo da súa propia aprendizaxe, mentres sitúa ao docente nun segundo plano para que o alumnado consiga mais autonomía asumindo de forma consciente e reflexiva o exercicio da aprendizaxe en libertade.

O profesor/a debe orientar e axudar ao alumno/a e é moi importante desenvolver o proceso de ensino sempre que sexa posible a partires de aprendizaxes que estean baseados basados na experiencia, pois esta forma de proceder permitirá ao alumnado coñecer e interiorizar os contidos de forma comprensiva e significativa.

A metodoloxía didáctica neste etapa será activa e participativa, favorecendo o traballo individual e o cooperativo do alumnado, así como o logro dos obxectivos e das competencias correspondentes.

Procurarase o traballo en equipo do profesorado co obxecto de proporcionar un enfoque multidisciplinar do proceso educativo, garantindo a coordinación de todos os membros do equipo docente de cada grupo.

Con esta finalidade e atentendo a adquisición das competencias básicas, os materiais e recursos didácticos empregados serán os seguintes:

**TEXTO BASE:**

Non hai

Empréganse apuntes, textos, actividades e diversos enlaces a recursos audiovisuais que figuran no curso de Filosofía de 4º na Aula virtual no Departamento de Filosofía.

**LIBROS E LECTURAS:**

***Filosofía para bípedos sen plumas*** de Daniel Rosende
***El país de los ciegos*** de H. G. Wells
***O curioso incidente do can á media noite*** *de* Mark Haddon
***El juego de pensar*** de Tobbies Grimaltos
***El diccionario de Carola*** de Carmen Gómez Ojea
***O señor das moscas*** de William Golding.

***PÁXINAS E RECURSOS DE INTERNET***

**Aula de Filosofía de Eugenio Sánchez Bravo**
http://auladefilosofia.net/category/lecturas-recomendadas/

**Filosofía 24 horas** **http://www.filosofia24horas.com/**

**Filosofía 4º ESO** https://filosofia.educarex.es/es/filosofia/2016-06-29-11-34-12

**Canal de filosofía de Daniel Rosende** en youtube ***"unboxing philosophy"***

## 7. Criterios sobre avaliación e cualificación do alumnado

Tendo en conta que no currículo da materia aparecen sinalados os criterios e estándares de aprendizaxe necesarios para poder avaliar as distintas unidades temáticas , limitareime a sinalar os principais criterios de avaliación:

1.Comprender o que é a reflexión filosófica, diferenciándoa doutros tipos de saberes
2.Identificar o primeiro interrogante filosófico da filosofía grega, a pregunta pola orixe, e coñecer as primeiras respostas dadas polos primeiros pensadores gregos.
3.Comprender a profundidade da pregunta ″quen son?", coñecendo algunhas respostas dadas desde a psicoloxía e a filosofía,
4.Definir o que é a personalidade, así como os principais conceptos relacionados con ela e oñecer e explicar as teses centrais dalgunhas teorías sobre a mesma
5.Coñecer a condición afectiva do ser humano distinguindo entre impulsos, emocións e sentimentos, e expresar algunha das consideracións filosóficas sobre o afectivo.
6.Coñecer, desde a historia da filosofía, algunhas das reflexións sobre aspectos que caracterizan o ser humano en canto tal.
7.Recoñecer a dimensión social e cultural do ser humano, identificando e distinguindo os conceptos de cultura e de sociedade.
8. Identificar o proceso de construción, os elementos e a lexitimación dunha cultura, valorando esta non só como ferramenta de adaptación ao medio, senón como ferramenta para a transformación e a autosuperación.
9. Distinguir a racionalidade teórica da racionalidade práctica, así como teoría e experiencia
10. Coñecer a concepción contemporánea sobre a intelixencia, incidindo na teoría da intelixencia emocional de Daniel Goleman.
11. Coñecer o significado do termo "metafísica" , identificando o seu obxectivo fundamentalc e oñecer algunhas das grandes preguntas metafísicas acerca da natureza: a orixe e a finalidade do Universo.
12. Comprender o que é o libre albedrío ou a liberdade interior, en relación coa posibilidade de autodeterminación dun mesmo e coa facultade da vontade.
13. Coñecer a estética como a parte da filosofía que estuda o proceso creativo, a experiencia estética e a beleza.
14. Recoñecer a capacidade humana da creatividade, en tanto que potencialidade existente en todas as persoas e que se consegue adestrando o cerebro.

## Avaliación continua

Para cualificar ao alumno/a por trimestre empregaranse os seguintes **Procedementos** de avaliación:
En cada trimestre o alumnado será cualificado mediante **a observación directa** na aula, **Probas** escritas sobre os contidos e realización de **Traballos** e **tarefas** propostas .
Entre os traballos atopamos os seguintes:
Análise de textos , realización de esquemas conceptuais, exposicións orais, debates, elaboración de disertacións sobre un tema proposto, traballo individual ou grupal sobre un libro, película ou documental. Os libros seleccionados figuran no apartado de recursos

metodolóxicos.

| 1. Criterios sobre a avaliación e cualificación | |
|---|---|
| **1º Avaliación** | Cálculo da nota da 1º avaliación:<br><br>Observación na aula 10/%<br>Traballos e actividades 40%<br>Proba escrita 50% |
| | Procedemento de recuperación da 1º avaliación:<br><br>Repetición de proba e de traballos e actividades cualificados negativamente |
| **2º Avaliación** | Cálculo da nota da 2º avaliación:<br><br>Observación na aula 10/%<br>Traballos e actividades 50%<br>Proba escrita 50% |
| | Procedemento de recuperación da 2º avaliación:Repetición de proba e de traballos e actividades cualificados negativamente |
| **3º Avaliación** | Cálculo da nota da 3º avaliación:<br><br>Observación na aula 10/%<br>Traballos e actividades 50%<br>Proba escrita 50% |
| | Procedemento de recuperación da 3º avaliación:<br><br>Repetición de proba e de traballos e actividades cualificados negativamente |
| **Cualificación final** | Cálculo para obter a cualificación final de curso:<br><br>Nota media das 3 avaliacións. No caso de que non se acade un mínimo de 5 antes da avaliación final o alumnado terá dereito a realizar unha proba global cualificada ata 10 puntos. |

## 5. *PROGRAMACIÓN DE HISTORIA DA FILOSOFÍA (2º de Bacharelato)*

**ÍNDICE:**

**1.INTRODUCIÓN**
**2.OBXECTIVOS DO BACHARELATO**
**3.OBXECTIVOS DA MATERIA**
**4.CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.**
**5.CONTIDOS.**
**6.COMPETENCIAS,TEMPORALIZACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DE ESTES E PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.**
**7. METODOLOXÍA, MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.**
**8.CRITERIOS SOBRE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN DO ALUMNADO.**

## 1.Introdución

Esta materia contribúe ao desenvolvemento integral dos alumnos e das alumnas de bacharelato, xa que permite tomar conciencia do seu ser como ser pensante e autónomo, e reflexionar sobre as súas propias crenzas, ideas e conviccións e as do mundo que hai arredor, de xeito crítico e razoado, e rexeitalas e/ou modificalas, ou asumilas como parte de si. Historia da Filosofía non é un percorrido cronolóxico polas ideas do pensamento occidental sen máis; senón un intento de achegamento ao esforzo do ser humano por comprender a realidade e o propio ser humano en todas as súas dimensións. Trátase dunha investigación que nos fará máis libres, permitiranos comprender o pasado e o presente, e proxectar solucións sobre os problemas que se nos formulen no futuro. É no pensamento ao longo da historia das ideas, como lograremos estimular o noso propio pensamento, ese "sapere aude" kantiano, que nos leve a xerar as nosas propias ideas tendo en conta de onde proceden e respectando as persoas que non pensan coma nós. Ese pensar a través do diálogo de distintos/as autores/as e épocas que foron creando aproximacións ou tendencias cara á verdade respecto aos problemas e ás grandes preguntas que se formulou o ser humano ao longo da súa existencia constitúe a Historia da Filosofía. E nese percorrido, o alumnado deberá reflexionar sobre as razóns da presenza maioritariamente masculina na produción filosófica desde as súas orixes, ao tempo que debe coñecer o pensamento filosófico na muller.

Esta materia contribúe ao desenvolvemento das competencias clave do bacharelato pola súa propia natureza e polo xeito que está articulada, e permite o desenvolvemento persoal e social como cidadán ou cidadá, así como o desenvolvemento profesional no futuro, xa que, como materia terminal do bacharelato, adquire tamén a dimensión de propedéutica para un amplo abano de estudos e profesións posteriores.

. Este cambio hase concretar na práctica de traballo na aula e na metodoloxía, que lle ha permitir o desempeño ao alumnado dun alto grao de dominio das competencias, apoiándose na aprendizaxe cooperativa e a resolución conxunta de casos ou problemas, que permitan xeneralizar estratexias e aplicalas en situacións similares e reais, aprendendo dos demais. Pódense utilizar procedementos de avaliación variados, como por exemplo rúbricas, escalas, probas orais e escritas, portafolios e traballos de clase, posibilitando a participación do alumnado no seu proceso de avaliación.

A materia está organizada en cinco bloques: o primeiro é transversal e, por tanto, reaparecerá ao longo de todo o currículo, trátase da análise de textos, a argumentación, as ferramentas de investigación propias da filosofía e as aplicacións das tecnoloxías da información e da comunicación na materia; os outros catro bloques corresponden coas catro épocas máis relevantes da historia no relativo ao pensamento: Grecia Antiga, a Idade Media, a Modernidade e a Ilustración e a filosofía da Idade Contemporánea, que chega a ocuparse de autores/as e problemas actuais. Estes catro bloques están estruturados a través de autores/as salientables, dos/das que se sinala a súa terminoloxía, os textos máis representativos e as súas teorías características, e se contextualizan con outros/as autores/as ou épocas, resaltando á súa vez as súas contribucións á sociedade e á súa época

## 2.Obxectivos do Bacharelato

O Bacharelato ten que contribuir a desenvolver no alumnado as seguintes capacidades:

**a)** Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
**b)** Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
**c)** Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
**d)** Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal ***e)*** Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
**f)** Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
**g)** Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
**h)** Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
**i)** Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
***l)*** Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
**m)** Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, raballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
**n)** Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
**ñ)** Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
**o)** Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
**p)** Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

Estes obxectivos aparecen no currículo directamente relacionados coas competencias, contidos e estándares de aprendizaxe avaliables na materia.

## 3. Obxectivos da materia:

1. Comprender os problemas filosóficos fundamentais dos que se ocuparon os filósofos ao longo da historia e recoñecer a súa importancia para a comprensión do mundo actual.

2. Analizar e comentar textos filosóficos establecendo un diálogo crítico con eles, que permita a súa interpretación , comparación e localización.

3. Relacionar distintas teorías filosóficas co marco social e cultural no que se formularon tendo en conta tamén outras manifestacións culturais da época nos ámbitos artístico, literario, científico e relixioso.

4. Comprender a relación existente entre distintas teorías e propostas ideadas ao longo da historia do pensamento ante unha mesma problemática, constatando a diversidade das mesmas.

5. Recoñecer e situar cronoloxicamente as diversas interpretacións filosóficas existentes, analizando as súas semellanzas e diferencias e relacionar estas interpretacións coas condicións históricas, sociais e culturais nas que xurdiron.

6. Descubrir as conceptualizacións de carácter discriminatorio que aparecen no discurso filosófico en distintas épocas históricas. Recoñecer e valorar criticamente os discursos androcéntricos, etnocéntricos..

7. Realizar pequenas investigacións sobre temas monográficos tras a recollida de información de distintas fontes (distintas perspectivas dun tema en distintas épocas da historia da filosofía por exemplo) ou tras a lectura dalgunha obra filosófica.

8. Descubrir a propia posición cultural e ideolóxica de maneira crítica e reflexiva por unha parte, pero sendo consciente da herdanza da historia do pensamento occidental.

## 4- Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.

Para os efectos desta programación, as competencias clave do currículo serán as seguintes:

a) Comunicación lingüística (**CCL**).
b) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (**CMCCT**).
c) Competencia dixital (**CD**).
d) Aprender a aprender (**CAA**).
e) Competencias sociais e cívicas (**CSC**).
f) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (**CSIEE**).
g) Conciencia e expresións culturais **(CCEC).**

Esta materia contribúe ao desenvolvemento das competencias clave do bacharelato pola súa propia natureza e polo xeito que está articulada, e permite o desenvolvemento persoal e social como cidadán ou cidadá, así como o desenvolvemento profesional no futuro, xa que, como materia terminal do bacharelato, adquire tamén a dimensión de propedéutica para un amplo abano de estudos e profesións posteriores. Historia da Filosofía permítelles aos alumnos e ás alumnas de bacharelato contribuír á consecución das seguintes competencias:

a) A competencia en **comunicación lingüística**, a través de disertacións, argumentacións, análises de textos relevantes, definicións de termos, diálogos, exposicións orais e escritas, ensaios filosóficos, etc.

b) As **competencias sociais e cívicas** preséntanse asociadas a numerosos estándares de aprendizaxe da materia que poñen o alumnado en relación co proceso de formación e transformación da sociedade humana desde as súas orixes, e permiten coñecer os seus problemas e as respostas que se deron ao longo da historia.

c) A competencia de **aprender a aprender** contribúe a que o alumnado sexa quen de aprender por si mesmo, ao consolidar esta faceta noutros ámbitos, así como de cara ao futuro. Xa que logo, pídese reflexionar, aprender en equipo, comprender e explicar, etc.

d) Foméntase tamén a consecución, entre outras, da competencia de **conciencia e expresións culturais**, xa que se recorre constantemente ao diálogo entre épocas e autores/as anteriores, facendo unha revisión das súas achegas ao ámbito das expresións culturais a nivel histórico.
e)Por último, a materia préstase a desenvolver nos alumnos e nas alumnas, tanto en traballos colaborativos como en tarefas individuais, a **competencia dixital,** que lles permita acceder e seleccionar información, procesala e plasmar as súas creacións en produtos cunha innegable capacidade para a comunicación.Entre as actividades que deben realizar para acadar esta competencia, figuran as seguintes:
-Empregar varias fontes para a busca de información.
-Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.
- Elaborar información propia derivada da información obtida a través de medios tecnolóxicos: presentacións e traballos en soporte dixital.
- Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.

## 5. Contidos

**Bloque 1. Contidos transversais**

B1.1. Comentario de texto.

B1.2. Diálogo filosófico e argumentación.

B1.3. Ferramentas de aprendizaxe e investigación da filosofía.

B1.4. Aplicación das competencias de tecnoloxías da información e da comunicación á historia da filosofía.

**Bloque 2. A filosofía na Grecia antiga**

B2.1. Orixe da filosofía grega. Os presocráticos: resposta á orixe do cosmos.

B2.2. Dialéctica socrática.

B2.3. Convencionalismo democrático e relativismo dos sofistas

B2.4. Platón: ontoloxía e coñecemento; concepción dualista do ser humano; dimensión antropolóxica e política da virtude; o autor e o seu contexto.

B2.5. A física de Demócrito.

B2.6. Problemas da filosofía antiga e solución de Aristóteles.

B2.7. Aristóteles: metafísica, física, coñecemento, ética eudemonista e política. Comparación coa filosofía platónica. O autor e o seu contexto.

B2.8. Doutrinas éticas helenísticas: Epicureísmo, Estoicismo e Escepticismo.

B2.9. Científicos helenísticos.

B2.10. A Biblioteca de Alexandría

**Bloque 3. A filosofía medieval**

B3.1. Cristianismo e filosofía. Relacións entre razón e fe.

**Bloque 4. A filosofía na Modernidade e na Ilustración**

B4.1. A filosofía no Renacemento. Humanismo: novo concepto sobre a natureza humana.

B4.2. F. Bacon. Os prexuízos na investigación do coñecemento.

B4.3. Implicacións da revolución científica.

B4.4. Realismo político de Maquiavelo

B4.5. Descartes: O método, o "*cogito*" (coñecemento e realidade) e o dualismo antropolóxico.

B4.6. Comparación do autor coa filosofía antiga e medieval, e relación coa Moderna. O autor e o seu contexto.

B4.7. Hume: o coñecemento, crítica á causalidade e á substancia. Emotivismo moral. Comparación coa filosofía anterior. O autor e o seu contexto

B4.8. Locke: liberalismo político.

B4.9. A Ilustración francesa. Rousseau: a crítica social, a crítica á civilización, o estado de natureza, a defensa do contrato social e a vontade xeral. B4.10. Idealismo transcendental. Kant: as facultades e límites do coñecemento.

B4.11. Lei Moral e paz perpetua.

B4.12. Relación do proxecto ilustrado de Rousseau coa filosofía Moderna e Kant.

B4.13. Comparación coas teorías da filosofía antiga, medieval e moderna.

**Bloque 5. A filosofía contemporánea**

B5.1. Marx: o materialismo histórico, a crítica ao idealismo, á alienación e á ideoloxía, e a súa visión humanista do individuo.
B5.2. Relación de Marx cos problemas da filosofía contemporánea. O autor e o seu contexto
B5.3. Nietzsche: crítica á metafísica, á moral e á ciencia; a verdade como metáfora.
B5.4. O superhome, como resultado da inversión de valores e a vontade de poder, e comparación coas teorías da filosofía antiga, medieval, moderna e contemporánea. O autor e o seu contexto.
B5.6. Filosofía española. Ortega y Gasset: a súa relación con posturas filosóficas como o realismo, o racionalismo, o vitalismo ou o existencialismo, e outras posturas filosóficas. O autor e o seu contexto

## Temporalización:

**(1º Trimestre)** Impartiranse os Bloques 1,2 e 3 de contidos.

**(2º Trimestre)** Impartiranse os Bloques 1 e 4 de contidos.

**(3º Trimestre)** Impartiranse os Bloques 1 e 5 de contidos.

## 6. Competencias,temporalización dos estándares de aprendizaxe avaliables, grao mínimo de consecución de estes e procedementos e instrumentos de avaliación.

Nas seguintes táboas figuran por bloques de contidos, os distintos estándares de aprendizaxe repartidos por trimestre e relacionados cos obxectivos e competencias a acadar. Figuran tamén os procedementos para avalialos e o nivel mínimo esixible por estándar.

O bloque 1 de contidos non aparece, pois son procedementos e destrezas de traballo que sí están recollidas en todos os bloques nos procedemntos de avaliación.

Como en ocasións se empregan abreviaturas, a súa correspondencia é a seguinte:
**Obx.** Obxectivos.
**Comp**. Competencias
**Grao mín. Estándar** Grao mínimo de estándar
**Temp**. Temporalización
**Proc./inst avaliac.** Procedementos e instrumentos de avaliación

### Bloque 2. A filosofía na Grecia antiga

| Obx. | Comp. | Criterio av. | Estandar | Grao mín. estándar | Temp 1º Trim. | Proc./inst avaliac. |
|---|---|---|---|---|---|---|
| b<br>c<br>d<br>e<br>h | CCL | B2.1. Coñecer a orixe da filosofía en Grecia e comprender o primeiro gran sistema filosófico, o dePlatón, analizando a relación entre realidade e o coñecemento a concepción dualista do ser humano e a dimensión antropolóxica e política da virtude, en relación coa filosofía presocrática e o xiro antropolóxico de Sócrates e os Sofistas, valorando a súa influencia no desenvolvemento das idease os cambios socioculturais da Grecia antiga, e apreciando criticamente o seu discurso. | B2.1.1. Utiliza conceptos de Platón como idea, mundo sensible, mundo intelixible, ben, razón, doxa, episteme, universal, absoluto, dualismo, reminiscencia, transmigración, mímese, methexe, virtude e xustiza, entre outros, e aplícaos con rigor. | -Coñece e emprega os conceptos básicos da filosofía platónica. | V | Proba |
| | CCL | | – B2.1.2. Entende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral como na escrita, as teorías fundamentais da filosofía de Platón, analizando a relación entre realidade e coñecemento, a concepción dualista do ser humano e a dimensión antropolóxica e política da virtude.<br>– | -Explica as principais ideas de Platón sobre a realidade, coñecemento e concepción ética e política. | V | Comentario texto e Proba |
| | CAA | | ▪ B2.1.3. Distingue as respostas da corrente presocrática en relación á orixe do Cosmos, os conceptos fundamentais da dialéctica de Sócrates e o convencionalismo democrático e o relativismo moral dos sofistas, identificando os problemas da filosofía antiga, e relacionando esas respostas coas solucións achegadas por Platón. | -Coñece as respostas dos presocráticos sobre a orixe do cosmos e as preocupacións de Sócrates e sofistas. | V | Comentario texto e Proba |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | CSC | | ▪ B2.1.4. Respecta o esforzo da filosofía de Platón por contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios sociais da Grecia antiga, valorando positivamente o diálogo como método filosófico, o nacemento das utopías sociais, o sentido do gobernante-filósofo ou a súa defensa da inclusión das mulleres na educación. | -Reflexiona sobre as medidas utópicas e revolucionarias da Republica de Platón | **V** | **Disertación** |
| **d**<br>**e**<br>**h**<br>**l** | **CMCCT**<br>**CD** | B2.3. Coñecer as escolas éticas xurdidas no helenismo, como o Epicureísmo, o Estoicismo e o Escepticismo, valorar o seu papel no contexto socio-histórico e cultural da época, e recoñecer a repercusión dos grandes científicos helenísticos, apreciando a gran importancia para occidente da Biblioteca de Alexandría. | B2.3.1. Describe as respostas das doutrinas éticas helenísticas, e identifica algúns dos grandes logros da ciencia alexandrina. | Recolle e e expón información sobre as escolas éticas e os logros científicos na época helenística | **V** | **Presentac. Dixital en grupo** |

## Bloque 3. A filosofía medieval

| Obx. | Comp. | Criterio av. | Estandar | Grao mín. estándar | Temp 1º Trim. | Proc./inst avaliac. |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **b**<br>**c**<br>**d**<br>**e**<br>**h** | **CCEC** | ▪ B3.1. Explicar a relación entre fe e razón na filosofía cristiá e medieval | Explicar como entenden a relación entre fe e razón San Agostiño, Tomé de Aquino e Occam | Comprende e explica como entenden a relación entre fe e razón San Agostiño, Tomé de Aquino e Occam | **V** | **Esquema conceptual** |

## Bloque 4 : A filosofía na Modernidade e na Ilustración

| Obx. | Comp. | Criterio av. | Estandar | Grao mín. estándar | Temp 2º Trim. | Proc./inst avaliac. |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **b** | **CCL** | B4.2. Entender o racionalismo de Descartes, | B4.2.1. Identifica conceptos de Descartes como razón, certeza, método, dúbida, | Coñece os principais conceptos da filosofía cartesiana. | **V** | **Proba** |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| c<br>d<br>e<br>h | CCL<br><br>CCEC<br><br>CSC | distinguíndoo e relacionándoo coa filosofía humanista e o monismo panteísta de Spinoza, e valorar a súa influencia no desenvolvemento das ideas e nos cambios socioculturais da Idade Moderna. | hipótese, "cogito", idea, substancia e subxectivismo, entre outros, e aplícaos con rigor<br><br>B4.2.2. Comprende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías fundamentais da filosofía de Descartes, analizando o método e a relación entre coñecemento e realidade a partir do "cogito" e o dualismo no ser humano, en comparación coas teorías da filosofía antiga e da medieval.<br><br>B4.2.3. Identifica os problemas da filosofía moderna e relaciónaos coas solucións aportadas por Descartes.<br><br>B4.2.4. Estima e razoa o esforzo da filosofía de Descartes por contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios socioculturais da Idade Moderna, e valora a universalidade da razón cartesiana. | Coñece os principais conceptos e ideas da filosofía cartesiana.<br><br>Sabe relacionar e contextualizar a filosofía cartesiana na filosofía moderna.<br><br>Sabe relacionar e contextualizar a filosofía cartesiana na filosofía moderna. | **V**<br><br>**V**<br><br>**V** | **Proba e comentario de textos**<br><br>**Proba e comentario de textos**<br><br>**Proba e comentario de textos** |
| b<br>c<br>d<br>e<br>h<br>l | CCL<br><br>CCL<br><br>CSC<br><br>CSC | ▪ B4.3. Coñecer o empirismo de Hume en relación co liberalismo político de Locke, e valorar a súa influencia no desenvolvemento das ideas e os cambios socioculturais da Idade Moderna. | B4.3.1. Utiliza conceptos de Hume como escepticismo, crítica, experiencia, percepción, inmanencia, asociación, impresións, ideas, hábito, contradición, causa, crenza, sentimento, mérito, utilidade, felicidade, contrato social, liberdade e deber, entre outros, e úsaos con rigor.<br><br>▪B4.3.2. Entende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías fundamentais de Hume, distinguindo os principios e os elementos do coñecemento respecto á verdade, a crítica á causalidade e á substancia, e o emotivismo moral, en comparación coas teorías da filosofía antiga e da medieval, e co racionalismo moderno.<br><br>▪ B4.3.3. Coñece e explica as ideas centrais do liberalismo político de Locke, identificando os problemas da filosofía moderna, e relaciónaas coas solucións aportadas por Hume.<br><br>▪B4.3.4. Valora o esforzo da filosofía de Hume por | Coñece os principais conceptos da filosofía de Hume.<br><br>Coñece os principais conceptos e ideas da filosofía de Hume.<br><br>Coñece o liberalismo político de Locke<br><br>Coñece e reflexiona sobre a ética de Hume | **V**<br><br>**V**<br><br>**V**<br><br>**V** | **Proba**<br><br>**Proba e comentario de textos**<br><br>**Proba e comentario de textos**<br><br>**Disertación** |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios socioculturais da Idade Moderna, xulgando positivamente a procura da felicidade colectiva. | | | |
| **b c d e h** | **CSC** | B4.4. Coñecer os principais ideais dos ilustrados franceses, afondando no pensamento de J.J. Rousseau, e valorar a importancia do seu pensamento para o xurdimento da democracia mediante unha orde social acorde coa natureza humana. | B4.4.1. Comprende os ideais que impulsaron os ilustrados franceses, e explica o sentido e transcendencia do pensamento de Rousseau, a súa crítica social, a crítica á civilización, o estado de natureza, a defensa do contrato social e a vontade xeral. | Coñece e comprende os ideais da Revolución francesa e en particular a teoría de Rousseau. | **V** | **Comentario texto** |
| **b c d e h** | **CCL**<br><br>**CCL**<br><br>**CSC**<br><br>**CSC** | B4.5. Comprender o idealismo crítico de Kant, en relación co racionalismo de Descartes, o empirismo de Hume e a filosofía ilustrada de Rousseau, e valorar a súa influencia no desenvolvemento das ideas e os cambios socioculturais da Idade Moderna. | ▪ B4.5.1. Aplica conceptos de Kant como sensibilidade, entendemento, razón, crítica, transcendental, ciencia, innato, xuízo, a priori, a posteriori, facultade, intuición, categoría, ilusión transcendental, idea, lei, fenómeno, nóumeno, vontade, deber, imperativo categórico, autonomía, postulado, liberdade, dignidade, persoa, paz e pacto, entre outros, e utilízaos con rigor.<br><br>▪B4.5.2. Entende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías fundamentais da filosofía de Kant, analizando as facultades e os límites do coñecemento, a lei moral e a paz perpetua, comparándoas coas teorías da filosofía antiga, medieval e moderna.<br><br>▪ B4.5.3. Describe a teoría política de Rousseau, identificando os problemas da filosofía moderna e relacionándoa coas solucións achegadas por Kant.<br><br>▪ B4.5.4. Respecta e razoa o esforzo da filosofía de Kant por contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios socioculturais da Idade Moderna, e valora a dignidade e a procura da paz entre as nacións | Coñece os principais conceptos da filosofía kantiana.<br><br>Coñece as principais ideas da ética e epistemoloxía kantiana.<br><br>Contextualiza o pensamento político de Kant no marco da Ilustración<br><br>Coñece as ideas progresistas e pacifistas de Kant. | **V**<br><br>**V**<br><br>**V**<br><br>**V** | **Proba**<br><br>**Proba e comentario de textos.**<br><br>**Disertación**<br><br>**Disertación** |

## Bloque 5. A filosofía contemporánea

| Obx. | Comp. | Criterio av. | Estandar | Grao mín. estándar | Temp 3ª Trim. | Proc./inst avaliac. |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **b c d e h** | **CSC** | B5.1. Entender o materialismo histórico de Marx, en relación co idealismo de Hegel e con Feuerbach, e valorar a súa influencia no desenvolvemento das ideas e nos cambios socioculturais da Idade Contemporánea. | FB5.1.1. Identifica conceptos de Marx como dialéctica, materialismo histórico, praxe, alienación, infraestrutura, superestrutura, forzas produtivas, medios de produción, loita de clases, traballo, plusvalor e humanismo, entre outros, e utilízaos con rigor. – | Coñece os principais conceptos da filosofía de Marx. | **V** | **Proba** |
| | **CCL** | | ▪ B5.1.2. Coñece e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías fundamentais da filosofía de Marx, examinando o materialismo histórico e a crítica ao idealismo, á alienación e á ideoloxía, e expón a súa visión humanista do individuo. | Coñece as principais ideas do materialismo histórico de Marx. | **V** | **Proba e comentario de textos.** |
| | **CSC** | | ▪ B5.1.3. Identifica os problemas da filosofía contemporánea en relación coas solucións achegadas por Marx. | Contextualiza a filosofía de Marx na filosofía contemporánea. | **V** | **Expos. Oral** |
| | **CSC** | | ▪ B5.1.4. Valora o esforzo da filosofía de Marx por contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios sociais da Idade Contemporánea, xulgando positivamente a defensa da igualdade social. – | Recoñece a importancia das propostas comunistas de Marx. | **V** | **Expos. oral** |
| **b c d e h** | **CCL** | B5.2. Comprender o vitalismo de Nietzsche en relación co vitalismo de Schopenhauer, e valorar a súa influencia no desenvolvemento das ideas e os cambios socioculturais da Idade Contemporánea. | ▪ B5.2.1. Define conceptos de Nietzsche como crítica, traxedia, intuición, metáfora, convención, perspectiva, xenealoxía, transvaloración, nihilismo, superhome, vontade de poder, e eterno retorno, entre outros, e aplícaos con rigor. | Coñece os principais conceptos da filosofía de Nietzsche | **V** | **Proba** |
| | **CCL** | | ▪ B5.2.2. Entende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías fundamentais da filosofía de Nietzsche, considerando a crítica á metafísica, á moral e á ciencia, a verdade como metáfora, e a afirmación do superhome, como resultado da inversión de valores e a vontade de poder, en | Coñece os principais conceptos e ideas da filosofía de Nietzsche en relación cos filósofos precedentes. | **V** | **Proba e comentario de textos** |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | **CCEC**<br><br>**CSC** | | comparación coas teorías da filosofía antiga, medieval, moderna e contemporánea.<br>▪ B5.2.3. Distingue as respostas de Schopenhauer na súa afirmación da vontade e identifica os problemas da filosofía contemporánea, en relación coas solucións achegadas por Nietzsche.<br>▪ B5.2.4. Estima o esforzo da filosofía de Nietzsche por contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios sociais da Idade Contemporánea, e valora a defensa da verdade e da liberdade. | Relaciona a filosofía de Nietzsche coa filosofía de Schopenhauer.<br><br>Valora positivamente a libertade de pensamento de Nietzshe. | **V**<br><br>**V** | **Esquema conceptual**<br><br>**Expos. oral** |
| **b**<br>**c**<br>**d**<br>**e**<br>**h** | **CLC**<br><br>**CCL**<br><br>**CSC** | B5.3. Entender o raciovitalismo de Ortega y Gasset en relación con figuras da filosofía española, como Unamuno, e do pensamento europeo, e valorar as influencias que recibe e a repercusión do seu pensamento no desenvolvemento das ideas e a rexeneración social, cultural e política de España | ▪ B5.3.1. Utiliza conceptos de Ortega y Gasset e aplícaos con rigor, como obxectivismo, ciencia, europeización, filosofía, mundo, circunstancia, perspectiva, razón vital, raciovitalismo, vida, categoría, liberdade, idea, crenza, historia, razón histórica, xeración, home-masa e home selecto, entre outros.<br>▪ B5.3.2. Comprende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías fundamentais da filosofía e da análise social de Ortega y Gasset, en relación con posturas filosóficas como o realismo, o racionalismo, o vitalismo ou o existencialismo, entre outras.<br>▪ B5.3.3. Respecta o esforzo da filosofía de Ortega y Gasset por contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios sociais e culturais da Idade Contemporánea española, e valorao seu compromiso coa defensa da cultura e da democracia. | Coñece os principais conceptos da filosofía de Ortega y Gasset.<br><br>Coñece os principais conceptos e ideas da filosofía de Ortega Nietzsche en relación cos filósofos contemporáneos.<br><br>Valora positivamente as ideas democráticas de Ortega y Gasset. | **V**<br><br>**V**<br><br>**V** | **Proba**<br><br>**Proba e comentario de textos**<br><br>**Disertación** |

## 7. Metodoloxía, materiais e recursos didácticos.

A metodoloxía aplicada considera ao estudante o protagonista directo da súa propia aprendizaxe, mentres sitúa ao docente nun segundo plano para que o alumnado consiga mais autonomía asumindo de forma consciente e reflexiva o exercicio da aprendizaxe en libertade.
O profesor/a debe orientar e axudar ao alumno/a e é moi importante desenvolver o proceso de ensino sempre que sexa posible a partires de aprendizaxes que estean baseados basados na experiencia, pois esta forma de proceder permitirá ao alumnado adquirir un alto grao de dominio das compertencias básicas.
A metodoloxía didáctica neste etapa será activa e participativa, favorecendo a aprendizaxe cooperativa e a resolución conxunta de casos ou problemas, que permitan xeneralizar estratexias e aplicalas en situacións similares e reais, aprendendo dos demais.
Con esta finalidade e atentendo a adquisición dos estándares de aprendizaxe requeridos os materiais e recursos curriculares son moi variados .Prócurase reforzar os contidos de maneira tanto auditiva como visual e por iso todos os temas se traballan con:

- Explicacións da profesora.
- Esquemas e mapas conceptuais realizados na aula.
- Cuestións ( escritas ou orais) sobre os principais conceptos da unidade.
- Actividades de minidebate e reflexión traballando en grupos.
- Análise de textos ( En ocasións faise oralmente ou por escrito na aula e de cando en vez a tarefa será realizada en casa)
- Emprego de videos, fragmentos de películas para reforzar ou reflexionar sobre os mesmos)
- Emprego de páxinas webs e diapositivas para reforzar os contidos de maneira mais visual.

## TEXTO BASE:

Historia da Filosofía 2º de Bacharelato (Varios autores)
Ed. Anaya

## LECTURAS:

Considérase obrigatorio a lectura dos **textos filosóficos propostos pola CIUG** dos distintos autores. Ademais, ofrécese a posibilidade de ler voluntariamente un dos seguintes libros:

**A caverna** de Saramago ( revisión e profundización na filosofía de Platón)

**O señor das moscas** de W. Golding (a construción social segundo Hobbes, Locke e Rousseau)

**O círculo** de D. Egger (Marx e escola de Frankfurt na actualidade).

**El mundo feliz** de Luisgé Martin (é posible unha vida feliz sen mentira e farmacoloxía?)

## PÁXINAS E RECURSOS DE INTERNET:

**Aula virtual do IES Pontecaldelas** Departamento de Filosofía.

**CIUG. Grupo de traballo de Historia da Filosofía**

***http://ciug.gal/grupos/filosofia.php***

**Unboxing Philosophy** de Daniel Rosende.

https://www.youtube.com/channel/UC5d5wLi2Feyd3FrBNyeEPgw

***Aula de Filosofía de Eugenio Sánchez Bravo***

https://auladefilosofia.net/

**Por el filo de Sofía**

https://porelfilodesofia.wordpress.com/

## DOCUMENTAIS:

**Humano, demasiado humano** : **Nietzsche, Heidegger** y **Sartre**
**http://en.wikipedia.org/wiki/Human,_All_Too_Human_(TV_series)**

## 8. Criterios sobre avaliación e cualificación do alumnado.

Tendo en conta que no currículo da materia aparecen sinalados os criterios e estándares de aprendizaxe necesarios para poder avaliar as distintas unidades temáticas , limitareime a sinalar os principais criterios de avaliación que se consideran mínimos:

- Analizar o contido dun texto filosófico, identificando os problemas ,conceptos e os termos específicos que aparecen no mesmo, facendo explícita á súa estructura e argumentación.
- Interpretar un texto filosófico sinalando, por un lado a relación do tema co autor e o seu contexto teórico e cultural, e por outro, diferenciando a proposta presente doutras posibles propostas na historia do pensamento.
- Valorar o diálogo e a argumentación como características da actitude filosófica.
- Recoñecer e situar cronoloxicamente as diversas interpretacións filosóficas existentes, analizando as súas semellanzas e diferencias.
- Relacionar os problemas filosóficos e os autores estudiados coas condicións históricas, sociais e culturais nas que xurdiron.
- Elaborar traballos monográficos de investigación aplicando as competencias de tecnoloxías da información á historia da filosofía.

### Avaliación continua

De acordo cos mínimos expresados anteriormente, e para poder avaliar os distintos estándares de aprendizaxe requeridos os procedementos de avaliación son basicamente de dous tipos:

**A) Probas escritas sobre os contidos conceptuais.** Realizarase 1 por trimestre.

O exame terá unha cualificación máxima de 8 puntos e será similar á proba que terán que superar nas probas ABAU.

Constará de :

**a)** Un **comentario de texto** e **desenvolvemento de cuestión temática** sobre un dos autores propostos polo grupo de traballo de historia da Filosofía da CIUG ( ata 5,5 puntos)

**b)** Uha **cuestión teórica** sobre outro dos estándares de aprendizaxe que figuran ( ata 2,5 puntos)

**B) Realización de traballos e actividades sobre os distintos estándares , de maneira individual ou grupal.**

Entre os traballos e actividades por trimestre figuran os seguintes:

a) Análise de textos.

b) Realización de esquemas conceptuais.

b) Exposicións de temas.

c) Presentacións en soporte dixital.

| 1. Criterios sobre a avaliación e cualificación | |
|---|---|
| **1º Avaliación** | Cálculo da nota da 1º avaliación:<br><br>Traballos e actividades 20%<br>Proba escrita 80% |
| | Procedemento de recuperación da 1º avaliación:<br><br>Repetición de proba e de traballos e actividades cualificados negativamente |
| **2º Avaliación** | Cálculo da nota da 2º avaliación:<br><br>Traballos e actividades 20%<br>Proba escrita 80% |
| | Procedemento de recuperación da 2º avaliación:<br><br>Repetición de proba e de traballos e actividades cualificados negativamente. |
| **3º Avaliación** | Cálculo da nota da 3º avaliación:<br><br>Traballos e actividades 20%<br>Proba escrita 80% |
| | Procedemento de recuperación da 3º avaliación:<br><br>Traballos e actividades 20%<br>Proba escrita 80% |
| **Cualificación final** | Cálculo para obter a cualificación final de curso:<br><br>Nota media das 3 avaliacións poidendo o alumnado aprobado presentarse a unha proba global para subir a nota. |
| **Proba extraordinaria para BAC** | Consistente en:<br><br>Proba global cualificada sobre 10 puntos. |

## *6. PROGRAMACIÓN DA ÁREA DE PSICOLOXÍA*

***(2º de Bacharelato)***

**ÍNDICE:**

**1. Introdución**
**2. Obxectivos do Bacharelato**
**3. Obxectivos da materia.**
**4. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.**
**5. Contidos.**
**6. Competencias,temporalización dos estándares de aprendizaxe avaliables, grao mínimo de consecución de estes e procedementos e instrumentos de avaliación.**
**7. Metodoloxía, materiais e recursos didácticos.**
**8. Criterios sobre avaliación e cualificación do alumnado.**

## 1.Introdución

A psicoloxía é unha rama do saber cuxa finalidade esencial é tanto a comprensión da propia individualidade como das condutas sociais e a súa interrelación. Desde uns antecedentes históricos moi ligados ao desenvolvemento do saber filosófico, a psicoloxía evolucionou cun cariz, en certo xeito, bifronte. Por unha banda, ten unha indubidable filiación humanística; por outra parte, a súa temática busca regularidades e explicacións científicas. Con estas características distintivas, polo seu obxecto de estudo e a súa metodoloxía, a psicoloxía pode considerarse unha disciplina moi interesante para o alumnado de segundo de bacharelato, cunha indubidable vertente práctica, na medida en que lle axudará a coñecerse mellor como individuo e a desenvolverse como persoa e, ao tempo, a afrontar os diversos problemas e retos que a convivencia suscita.

A propia complexidade, inscrita de seu no propio ser humano, faise visible na súa capacidade de relación con outros saberes, sinaladamente coa bioloxía, a socioloxía, a química e, desde logo, a filosofía. . Trátase, xa que logo, dunha materia que, dada a súa riqueza de contidos e amplitude de horizontes, pode converterse en paradigmática para a adquisición da maior parte das competencias clave.

Esta adquisición das competencias clave, coa súa vertente de logro dos obxectivos da etapa en que se sitúa, debe desenvolverse preferentemente desde un punto de vista eminentemente disciplinar e transversal. Esta metodoloxía pasa pola xeración de tarefas ou situacións-problema, que o alumnado debe resolver facendo un uso axeitado de distintos tipos de coñecementos, destrezas, actitudes e valores, sen deixar de pensar no respecto polos diversos ritmos e estilos de aprendizaxe, mediante prácticas de traballo individual e cooperativo.

A materia organízase en seis bloques: "A psicoloxía como ciencia", "Fundamentos biolóxicos da conduta", "Os procesos cognitivos básicos: percepción, atención e memoria", "Procesos cognitivos superiores: aprendizaxe, intelixencia e pensamento", "A construción do ser humano. Motivación, personalidade e afectividade" e "Psicoloxía social e das organizacións". Daquela, desde a consideración da disciplina como ciencia, analízanse os fundamentos biolóxicos da conduta, as capacidades cognitivas como a percepción, a memoria e a intelixencia, afondando na aprendizaxe e na construción da nosa personalidade individual e social. En suma, a materia de Psicoloxía, desde a dobre vertente humanística e científica, pode colaborar dun xeito representativo e versátil a fomentar o espírito científico aplicado ao seu raio de acción, pero tamén nunha vertente práctica: como disciplina que pode cooperar na mellora xenérica das condicións de vida das persoas e, ao mesmo tempo, patrocinar, desde o autocoñecemento, o xenuíno desenvolvemento persoal.

## 2. Obxectivos do Bacharelato

O Bacharelato ten que contribuir a desenvolver no alumnado as seguintes capacidades:

**a)** Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
**b)** Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
**c)** Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
**d)** Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal
***e)*** Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
**f)** Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
**g)** Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
**h)** Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
**i)** Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
***l)*** Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
**m)** Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
**n)** Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
**ñ)** Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
**o)** Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
**p)** Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

Estes obxectivos aparecen no currículo directamente relacionados coas competencias, contidos e estándares de aprendizaxe avaliables na materia.

## 3 .Obxectivos da materia

Esta materia ten que contribuir a desenvolver no alumnado as seguintes capacidades:

1. Coñecer os principais modelos teóricos existentes hoxe en Psicoloxía, comprendendo as súas diferenzas e a distinta concepción da natureza humana que subxace a cada unha delas.

2. Discriminar as formulacións da Psicoloxía científica doutras formas non científicas de analizar os problemas humanos.

3. Coñecer as principais áreas de aplicación da Psicoloxía no mundo profesional, tomando contacto con algunha das técnicas empregadas.

4. Establecer conexións cos contidos doutras materias afíns (Bioloxía, Filosofía, etcétera), incluídos no Bacharelato.

5. Adquirir as estratexias máis efectivas para a análise dos seus problemas de aprendizaxe, relación social e control emocional, que lles proporcionen un maior control sobre a súa conduta e consecuencias nos demais.

6. Aplicar algúns coñecementos e técnicas adquiridos, en especial os relacionados coa propia aprendizaxe, a unha mellora das súas estratexias e hábitos de traballo.

7. Comprender mellor o seu propio funcionamento psicolóxico e o dos demais, fomentando o metaconocimiento e a capacidade de descentrarse do propio punto de vista.

8. Desenvolver actitudes máis comprensivas e tolerantes con respecto á conduta e as ideas dos demais, especialmente daqueles, que por razóns sociais ou culturais, SE diferencian máis do propio alumno.

## 4. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave

Para os efectos desta programación, as competencias clave do currículo serán as seguintes:
a) Comunicación lingüística (**CCL**).
b) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (**CMCCT**).
c) Competencia dixital (**CD**).
d) Aprender a aprender (**CAA**).
e) Competencias sociais e cívicas (**CSC**).
f) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (**CSIEE**).
g) Conciencia e expresións culturais **(CCEC).**

O significativo carácter dual ( científico e humanístico) da psicoloxía pode axudar a desenvolver e adquirir as seguintes competencias clave: comunicación lingüística; competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía; competencia dixital; aprender a aprender; competencias sociais e cívicas; ecoconciencia e expresións culturais. Trátase, xa que logo, dunha materia que, dada a súa riqueza de contidos e amplitude de horizontes, pode converterse en paradigmática para a adquisición da maior parte das competencias clave.

A psicoloxia como materia potencia o desenvolvemento das **competencias sociais e cívicas**,en tanto axuda a comprender a construción da nosa personalidade individual e social. Ao mesmo tempo fomenta o espírito científico aplicado ao seu raio de acción, e ten ademais unha vertente práctica: fomenta desde o autocoñecemento, o sesenvolvemento persoal.

As competencia de **aprender a aprender está** presentes en todo o curso nas tarefas que debe realizar o alumnado, buscando información e realizando exposicións de maneira cooperativa ou individual.A psicoloxía contribúe por tanto a dotar ao alumnado de mecanismos e coñecementos que lle permitan comprender mellor unha realidade social plástica, multifacética e complexa.

Por último, a materia préstase a desenvolver nos alumnos e nas alumnas, tanto en traballos colaborativos como en tarefas individuais, a **competencia dixital,** que lles permita acceder e seleccionar información, procesala e plasmar as súas creacións en produtos cunha innegable capacidade para a comunicación.Entre as actividades que deben realizar para acadar esta competencia, figuran as seguintes:

- Empregar varias fontes para a busca de información.
- Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.
- Elaborar información propia derivada da información obtida a través de medios tecnolóxicos: presentacións e traballos en soporte dixital.
- Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.

Estas competencias preséntanse no curriculo relacionadas directamente cos obxectivos, contidos e estándares de aprendizaxe avaliables.

## 5. Contidos

**Bloque 1. A psicoloxía como ciencia**
B1.1. A psicoloxía desde as súas orixes en Grecia ata o século XIX.
B1.2. Constitución da psicoloxía como saber autónomo: Wundt, Watson, James e Freud.
B1.3. Diversidade de acepcións do termo psicoloxía ao longo da súa evolución.
B1.4. Obxecto propio da psicoloxía. A psicoloxía e outros saberes
B1.5. Obxectivos que caracterizan a psicoloxía.
B1.6. Facetas teórica e práctica da psicoloxía, e ámbitos de aplicación.
B1.7. Metodoloxías da investigación psicolóxica: métodos e obxectivos
B1.8. Achegas máis importantes da psicoloxía na comprensión dos fenómenos humanos. Problemas tratados e conclusións ofrecidas.
B1.9. Teorías psicolóxicas: psicanálise, condutismo, teoría cognitiva, Gestalt, humanismo e psicobioloxía.
B1.10. Textos de autores como W. Wundt, S. Freud, A. Maslow, W. James e B. F. Skinner, entre outros.

**Bloque 2. Fundamentos biolóxicos da conduta**
B2.1. Anatomía do encéfalo humano. Comparativa co doutros animais.
B2.2. Filoxénese da evolución do cerebro humano e relación coa conduta.
B2.3. Morfoloxía da neurona. Sinapse, impulso nervioso e neurotransmisores.
B2.4. Áreas do cerebro e as funcións que executan.
B2.5. Técnicas de investigación da actividade cerebral: anxiogramas, EEG, TAC, TEP, IRM, intervencións directas e estudo de casos.
B2.6. Impulso que deron as técnicas de investigación do cerebro para o estudo do comportamento e a solución dalgunhas patoloxías.
B2.7. Bases xenéticas da diferenza entre a conduta feminina e a masculina.
B2.8. Doenzas causadas por alteracións xenéticas. Anomalía na conduta. Síndromes.
B2.9. Sistema endócrino. Glándulas e hormonas, e influencia na conduta. Influencia na diferenza entre a conduta feminina e a masculina.

**Bloque 3. Os procesos cognitivos básicos: percepción, atención e memoria**
B3.1. Percepción: elementos e fases do proceso.
B3.2. Teorías sobre a percepción: asociacionismo, Gestalt, cognitivismo e neuropsicoloxía.
B3.3. Leis da percepción da Gestalt
B3.4. Ilusións ópticas e trastornos perceptivos.
B3.5. Algúns fenómenos perceptivos: constancia perceptiva, percepción subliminar e extrasensorial, membro fantasma e percepción por estimulación eléctrica do cerebro (por exemplo, o ollo de Dobelle), etc
B3.6. Factores individuais e sociais que inflúen na percepción.
B3.7. A memoria. Atención e concentración.
B3.8. Tipos de atención.
B3.9. Alteracións da atención.
B3.10. Tipos de memoria. Relación entre eles e utilidade que teñen na aprendizaxe humana.
B3.11. Esquecemento: causas.
B3.12. A memoria e os efectos producidos nela por desuso, interferencia, falta de motivación, etc.

B3.13. Distorsións e alteracións da memoria.

**Bloque 4. Procesos cognitivos superiores: aprendizaxe, intelixencia e pensamento**

B4.1. Teorías da aprendizaxe: condicionamento clásico; aprendizaxe por ensaio-erro; condicionamento instrumental; teoría cognitiva; aprendizaxe social.
B4.2. Técnicas de condicionamento na publicidade.
B4.3. Factores que inflúen na aprendizaxe: coñecementos previos adquiridos, capacidades, personalidade, estilos cognitivos, motivación, actitudes e valores.
B4.4. Teorías actuais sobre a intelixencia: teoría factorial de Spearman, multifactorial de Thurstone, e teorías de Cattell, Vernon, Sternberg, Gardner, etc.
B4.5. Fases do desenvolvemento da intelixencia segundo J. Piaget.
B4.6. O CI e os problemas da medición da intelixencia.
B4.7. Procesos cognitivos superiores: pensamento, razoamento e creatividade.
B4.8. A intelixencia emocional e as súas competencias.
B4.9. Posibilidades, alcance, límites e perigos da intelixencia artificial.

**Bloque 5. A construción do ser humano. Motivación, personalidade e afectividade.**

B5.1. Teorías sobre a motivación: momeostática; das necesidades; do incentivo; cognitivas; psicanalíticas; humanistas.
B5.2. Causas da frustración. Clasificación dos conflitos de Lewin.
B5.3. Alternativas á frustración: agresión, logro indirecto, evasión, depresión ou aceptación.
B5.4. Motivación e consecución de logros no ámbito laboral e no educativo.
B5.5. Teorías da personalidade
B5.6. Fases do desenvolvemento da personalidade
B5.7. Métodos de avaliación da personalidade e as súas limitacións.
B5.8. Relación entre a conciencia e os procesos inconscientes.
B5.9. Drogas; alteracións de conciencia e de personalidade.
B5.10. Identidade e autoestima.
B5.11. Perspectivas, modelos de estudo e métodos usados para tratar as psicopatoloxías.
B5.12. Trastornos en relación ás necesidades biolóxicas e ás adiccións.
B5.13. Trastornos en relación ás emocións.
B5.14. Trastornos en relación a elementos corporais.
B5.15. Trastornos en relación á personalidade.
B5.16. Trastornos en relación ao desenvolvemento evolutivo.
B5.17. Compoñentes hereditarios e aprendidos dos afectos.
B5.18. Relación entre emoción e cognición.
B5.19. Emocións primarias, secundarias e autoconscientes.
B5.20. Teorías sobre a emoción, como experiencia, como comportamento ou como suceso fisiolóxico. A psicoafectividade e o equilibrio da persoa.
B5.21. Trastornos e problemas emocionais.
B5.22. Importancia da afectividade e da sexualidade na maduración da persoa. Psicoloxía da sexualidade.
B5.23. Comunicación emocional: linguaxe verbal e non verbal.

**Bloque 6. Psicoloxía social e das organizacións**

B6.1. Impacto das diferenzas culturais no comportamento individual: a súa influencia nos

esquemas cognitivos, na personalidade e na vida afectiva
B6.2. Proceso de socialización. Influencia no desenvolvemento persoal dos grupos, os papeis e os status sociais.
B6.3. Orixe social das actitudes persoais. Influencia en condutas violentas en distintos ámbitos.
B6.4. Roles sociais de xénero e as súas consecuencias no pensamento e na conduta do home e da muller.
B6.5. Procesos psicolóxicos de masas: impulsividade, intolerancia, inconsciencia, falta de perseveranza, volubilidade e falta de capacidade crítica.
B6.6. Estudo psicolóxico das masas de Gustav Le Bon. Contaxio de sentimentos e emocións, e perda temporal da personalidade individual e consciente da persoa.
B6.7. Psicoloxía de Erikson e a súa explicación das condutas radicais e irracionais nalgúns grupos.
B6.8. Medidas para previr a conversión das persoas en masa.
B6.9. Aplicación da Psicoloxía no mundo laboral. Recursos humanos: selección de persoal, integración na empresa, e evolución persoal e profesional.
B6.10. Aplicación da psicoloxía no mundo laboral. Factores psicolóxicos e desenvolvemento laboral: adaptación, innovación, traballo colaborador, xestión de coñecementos, creatividade, autoestima, proposición de retos, motivación, fomento da participación, autonomía e xeración de ambientes creativos.
B6.11. Aplicación da psicoloxía no mundo laboral. Riscos da saúde psicolóxica laboral.

**Temporalización:**

**(1º Trimestre)** Impartiranse os Bloques 1 e 2 de contidos.

**(2º Trimestre)** Impartiranse os Bloques 3 e 4 de contidos.

**(3º Trimestre)** Impartiranse os Bloques 5 e 6 de contidos.

## 6. Competencias,temporalización dos estándares de aprendizaxe avaliables, grao mínimo de consecución de estes e procedementos e instrumentos de avaliación.

Nas seguintes táboas figuran por bloques de contidos, os distintos estándares de aprendizaxe repartidos por trimestre e relacionados cos obxectivos e competencias a acadar. Figuran tamén os procedementos para avalialos e o nivel mínimo esixible por estándar.

Como en ocasións se empregan abreviaturas, a súa correspondencia é a seguinte:
**Obx.** Obxectivos.
**Comp**. Competencias
**Grao mín. Estándar** Grao mínimo de estándar
**Temp**. Temporalización
**Proc./inst avaliac.** Procedementos e instrumentos de avaliación

### Bloque 1. A psicoloxía como ciencia

| Obx | Comp | Criterio av. | Estandar | Grao mín. estándar | Tempor. 1ºT , 2º,3º | Proc./ insavaliac. |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ▪a ▪d ▪e ▪g ▪h | CAA<br><br>CMCCT | 1.1. Entender e apreciar a especificidade e a importancia do coñecemento psicolóxico, como ciencia que trata da conduta e os procesos mentais do individuo. | B1.1.1. Explica e constrúe un marco de referencia global da psicoloxía, desde as súas orixes en Grecia , ata o seu recoñecemento como saber independente da man de Wundt, Watson, James e Freud, definindo as acepcións do termo psicoloxía ao longo da súa evolución, desde o etimolóxico, como "ciencia da alma", aos achegados polas correntes actuais: condutismo, cognitivismo, psicanálise, humanismo ou Gestalt.<br>B1.1.2. Recoñece e valora as cuestións e os problemas que investiga a psicoloxía desde os seus inicios, distinguindo a súa perspectiva das proporcionadas por outros saberes.- | -Coñece minimamente a historia da psicoloxía e distingue as principais correntes actuais.<br><br>- Entende e valora as cuestións e os problemas que investiga a psicoloxía | V<br><br>V | Proba e Act.texto<br><br>Disert.1 |
| ▪e ▪g ▪h ▪i | CMCCT<br><br>CCL<br><br>CAA | 1.2. Identificar a dimensión teórica e práctica da psicoloxía, os seus obxectivos, as súas características e as súas ramas e técnicas de investigación, relacionándoas, como ciencia multidisciplinar, con outras ciencias cuxo fin é a comprensión dos fenómenos humanos, como a filosofía, a bioloxía, a antropoloxía, a economía, etc. | 1.2.1. Explica e estima a importancia dos obxectivos que caracterizan a psicoloxía: describir, explicar, predicir e modificar.<br><br>1.2.2. Distingue e relaciona as facetas teórica e práctica da psicoloxía, e identifica as ramas en que se desenvolven.<br>1.2.3. Describe e aprecia a utilidade das técnicas e das metodoloxías de investigación psicolóxica, explicando as características de cada unha, como son os métodos comprensivos (introspección, fenomenoloxía, hermenéutica, test, entrevista persoal, dinámica de grupos, etc.) e os seus | -Coñece os obxectivos que caracterizan a psicoloxía: describir, explicar, predicir e modificar.<br><br>-Entende as dúas facetas da psicoloxía:s teórica e práctica .<br><br>-Coñece distintas técnicas e os principais métodos empregados en psicoloxia. | V<br><br>V<br><br>V | Proba<br><br>Proba<br><br>Res. Caso práctico |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | obxectivos (observación, descrición, experimentación, explicación, estudos de casos, etc.). | | | |
| ▪d<br>▪e<br>▪g<br>- i | CCEC<br><br><br><br>CAA<br>CSIEE<br><br><br>CCL<br><br><br>CD<br>CAA | B1.3. Recoñecer e expresar as achegas máis importantes da psicoloxía, desde os seus inicios ata a actualidade, identificando os principais problemas formulados e as solucións achegadas polas correntes psicolóxicas contemporáneas, e realizando unha análise crítica de textos significativos de contido psicolóxico | 1.3.1.Explica e recoñece a importancia das achegas que a psicolóxica realizou na comprensión dos fenómenos humanos, identificando os problemas específicos dos que se ocupa e as conclusións achegadas<br><br>1 3.2. Utiliza a súa capacidade de aprender a aprender, realizando os seus propios mapas conceptuais, utilizando medios informáticos, acerca das seguintes teorías: psicanálise, condutismo, teoría cognitiva, Gestalt, humanismo e psicobioloxía.<br><br>1.3.3. Analiza e valora criticamente textos sobre os problemas, as funcións e as aplicacións da Psicoloxía de autores como W. Wundt, S. Freud, A. Maslow, W. James e B. F. Skinner, entre outros.<br><br>1.3.4. Utiliza a súa iniciativa para expor as súas conclusións argumentadamente, mediante presentacións gráficas, en medios audiovisuais. | -Valora a piscoloxía polas súas aportacións ao coñecemento do ser humano.<br><br>-Realiza esquemas conceptuais organizando e relacionando os conceptos mais significativos de catro teorías.<br><br>-Entende e analiza textos dos conceptos mais importantes de polo menos 4 autores<br><br>-Expón e organiza de maneira clara e ordenada os coñecementos en soporte dixital. | V<br><br>V<br><br>V<br><br>V | Disert.1<br><br>Proba e activ.Es Concep.<br><br>Activ. Textos<br><br>Exposic. Individ. Formato dixital. |

## Bloque 2. Fundamentos biolóxicos da conduta

| Obx | Comp | Criterio av. | Estandar | Grao mín. estándar | Tempor.1ºT 2º,3º | Proc./inst avaliac. |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ▪e<br>▪h<br>▪i<br>▪ | CMCCT<br><br>CD | B2.1. Explicar a evolución do cerebro humano desde un enfoque antropolóxico, distinguindo as súas características específicas das doutros animais, co fin de apreciar a importancia do desenvolvemento neurolóxico e as consecuencias que delas se derivan<br><br>B2.2. Analizar e apreciar a importancia da organización do sistema nervioso central, fundamentalmente do | 2.1.1. Identifica, contrasta e valora a nivel anatómico diferentes tipos de encéfalos animais en comparación co humano, valéndose de medios documentais.<br><br>2.1.2. Investiga a través de internet a filoxénese humana e a evolución do cerebro, explicando e apreciando a relación directa que mantén co desenvolvemento da conduta humana. | -Distingue o cerebro humano dos animais.<br><br>-Selecciona e organiza a informaciuón de maneira axeitada<br><br>-.Expón e organiza de maneira clara e ordenada os coñecementos en soporte dixital. | V<br><br>V<br><br>V | Activ aula<br><br>Proba<br><br>Traballo 1 grupo |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | **CMCCT**<br>**CD**<br><br>**CMCCT**<br>**CD** | encéfalo humano, distinguindo as localizacións e as funcións que determinan a conduta dos individuos | 2.2.1. Realiza unha presentación, con medios informáticos, en colaboración grupal, sobre a morfoloxía neuronal e a sinapse, describindo o proceso de transmisión sináptica e os factores que a determinan, o impulso nervioso e os neurotransmisores.<br>2.2.2. Investiga e explica a organización das áreas cerebrais e as súas funcións, e localiza nun debuxo as devanditas área | -Recoñece visualmente as distintas áreas do cerebro. | **V** | **dixital.**<br><br>**Traballo 1 grupo dixital.** |
| ▪a<br>▪c<br>▪e<br>▪g<br>▪i | **CMCCT**<br><br>**CSC** | B2.3. Entender e valorar as técnicas actuais de investigación do cerebro e o seu impacto no avance científico acerca da explicación da conduta e na superación dalgúns trastornos e dalgunhas doenzas mentais | 2.3.1. Describe e compara as técnicas científicas de investigación do cerebro: anxiogramas, EEG, TAC, TEP, IRM, intervencións directas e estudo de casos.<br>2 3.2. Analiza e aprecia o impulso que estas técnicas de investigación cerebral lle deron ao coñecemento do comportamento humano e á solución dalgunhas patoloxía | -Coñece algunhas das técnicas científicas de investigación do cerebro.<br><br>-Valora positivamente o impulso que estas técnicas de investigación cerebral lle deron ao coñecemento do comportamento humano e á solución dalgunhas patoloxía | **V** | **Activ na aula.**<br><br>**Activ na aula.** |
| ▪a<br>▪c<br>▪e<br>▪g<br>i | **CMCCT**<br><br>**CCL**<br><br>**CD**<br>**CMCCT** | B2.4. Comprender e recoñecer algunhas das bases xenéticas que determinan a conduta humana, apreciando a relación de causa e efecto que pode existir entre ambas as dúas e destacando a orixe dalgunhas doenzas producidas por alteracións xenéticas. | 2.4.1. Explica a influencia dos compoñentes xenéticos que interveñen na conduta, e investiga e valora se estes teñen efectos distintivos entre a conduta feminina e a masculina.<br>2.4.2. Relaciona e aprecia a importancia das alteracións xenéticas coas doenzas que producen modificacións e anomalías na conduta, utilizando o vocabulario técnico preciso: mutación, trisomía, monosomía, deleción, etc.<br>2.4.3. Localiza e selecciona información en internet acerca de distintos tipos de doenzas causadas por alteracións xenéticas, tales como a síndrome de Down, a síndrome de Turner, a síndrome do miaño de gato ou a síndrome de Klinefelter, entre outras. | -Entende a relación entre compoñentes xenéticos e a súa relación coa conduta por sexos.<br><br>-Sabe recoñecer e definir as principais alteracións xenéticas nos individuos.<br><br>-Selecciona e organiza a información de maneira axeitada | **V**<br><br>**V**<br><br>**V** | **Activ. Esquema Concep.**<br><br>**Traballo ind. tras lectura sobre o autismo** |
| | **CMCCT**<br>**CAA** | 2.5. Investigar e resumir a influencia do sistema endócrino sobre o cerebro e os comportamentos derivados diso, co fin de valorar a importancia da relación entre ambos. | 2. 5.1. Realiza, en colaboración grupal, un mapa conceptual do sistema endócrino, apreciando a súa influencia na conduta humana e os seus trastornos, por exemplo: hipófise e depresión, tiroide e ansiedade, paratiroide e astenia, suprarrenais e delirios, páncreas e depresión, sexuais e climaterio, etc. | -Organiza e relaciona os conceptos mais significativos relacionados co sistema endocrino e os transtornos derivados dun mal funcionamento. | **V** | **Activ. Esquema Concep** |

## Bloque 3. Os procesos cognitivos básicos: percepción, atención e memoria

| Obx. | Comp. | Criterio av. | Estandar | Grao mín. estándar | Tempor. 1ºT 2º,3º | Proc.e inst. avaliac. |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ▪b ▪d ▪e ▪g ▪h ▪l ▪m | CMCCT<br>CAA<br>CCEC<br>CD<br>CD | B3.1. Comprender a percepción humana como un proceso construtivo eminentemente subxectivo e limitado, no cal ten a súa orixe o coñecemento sobre a realidade, valorando o ser humano como un procesador de información. | 3.1.1. Distingue e relaciona os elementos que interveñen no fenómeno da percepción (estímulo, sentido, sensación e limiares de percepción), recoñecéndoos dentro das fases do proceso perceptivo (excitación, transdución, transmisión e recepción).<br>3.1.2. Compara e valora as achegas das principais teorías acerca da percepción: asociacionismo, Gestalt, cognitivismo e neuropsicoloxía.<br>3.1.3. Elabora unha presentación con medios audiovisuais e en colaboración grupal, desenvolvendo a súa iniciativa persoal e as leis gestálticas da percepción, valorando a súa achega conceptual e identificando exemplos concretos de como actúan (por exemplo, a través de obras pictóricas ou fotografías)<br>3.1.4. Procura e selecciona información, utilizando páxinas web, acerca dalgúns tipos de ilusións ópticas, diferenciándoas dos trastornos perceptivos como as alucinacións e a agnosia. | -Define claramente os principais conceptos que interveñen na percepción<br>-Coñece minimamente 3 teorías que explican como percibimos-<br>-Expón e organiza de maneira clara e ordenada os coñecementos en soporte dixital.<br>-Selecciona e organiza a información de maneira axeitada | V<br>V<br>V<br>V | Proba<br>Proba<br>Traballo 2 grupo dixital.<br>Traballo 2 grupo dixital. |
| ▪b ▪d ▪e ▪h | CSC | B 3 2. Explicar e apreciar a relevancia das influencias individuais e sociais no fenómeno da percepción, valorando criticamente tanto os seus aspectos positivos como os negativos. | 3.2.1. Discirne e elabora conclusións, en colaboración grupal, sobre a influencia dos factores individuais (motivación, actitudes e intereses) e sociais (cultura e hábitat) no fenómeno da percepción, utilizando, por exemplo, os experimentos sobre prexuízos realizados por Allport e Kramer. | -Coñece distintos factores que inflúen na percepción e os localiza en casos prácticos . | V | Activ. Na aula |
| ▪b ▪d ▪e ▪h ▪g ▪m | CSIEE<br>CAA<br>CD | B3.3. Coñecer e analizar a estrutura, os tipos e o funcionamento da memoria humana, investigando as achegas dalgunhas teorías actuais, co fin de entender a orixe e os factores que inflúen no desenvolvemento desta capacidade no ser humano, e utilizar as súas achegas na súa propia aprendizaxe. | 3.3.1. Utiliza a súa iniciativa persoal para deseñar e elaborar, con medios informáticos, un cadro comparativo sobre diferentes tipos de memoria (sensorial, MCP e MLP), analizando a correspondencia entre elas e valorando a utilidade que teñen na aprendizaxe humana.<br>3.3.2. Procura e selecciona información en páxinas web e libros especializados, acerca das principais causas do esquecemento, tales como as fisiolóxicas, as producidas por lesións, por represión, por falta de procesamento, por contexto | -Selecciona e organiza a información de maneira axeitada<br>-Selecciona e organiza a información de maneira axeitada | V<br>V | Activ. Na aula<br>Activ. Na aula |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | CD<br><br>CMCCT | | inadecuado, etc., e elabora conclusións.<br>3.3.3. Exemplifica, a través de medios audiovisuais, algunhas distorsións ou alteracións da memoria, como a amnesia, a hipermnesia, a paramnesia e os falsos recordos, desenvolvendo a súa capacidade emprendedora.<br>3.3.4. Analiza e valora a importancia dalgúns dos efectos producidos na memoria por desuso, interferencia, falta de motivación, etc., e expón as súas consecuencias de xeito argumentado distinguindo algunhas distorsións ou alteracións da memoria, como a amnesia, a hipermnesia, a paramnesia e os falsos recordos. | -Expón e organiza de maneira clara e ordenada os coñecementos en soporte dixital.<br><br>-Entende o funcionamento da memoria e as principais consecuencias de posibles alteracións. | V<br><br>V | **Traballo ind. tras lectura sobre Alzheim.** |

# Bloque 4. Procesos cognitivos superiores: aprendizaxe, intelixencia e pensamento

| Obx | Comp | Criterio av. | Estandar | Grao mín. estándar | Temp 1ºT 2,º3º | Proc./inst avaliac. |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ▪b<br>▪d<br>▪e<br>▪g<br>▪h<br>▪m | CSIEE<br><br>CCL | B4.1. Explicar as principais teorías sobre a aprendizaxe, identificando os factores que cada unha delas considera determinantes neste proceso. | 4.1.1. Utiliza a súa iniciativa persoal para confeccionar, utilizando medios informáticos, un cadro comparativo das teorías da aprendizaxe: condicionamento clásico (Pavlov e Watson); aprendizaxe por ensaio-erro (Thorndike); condicionamento instrumental (Skinner); teoría cognitiva (Piaget); Gestalt (Khöler); aprendizaxe social ou vicaria (Bandura), etc.<br>4.1.2. Analiza e aprecia os resultados da aplicación das técnicas de condicionamento na publicidade, mediante a localización destas últimas en exemplos de casos concretos, utilizados nos medios de comunicación audiovisual | -Define os conceptos con precisión e valora as vantaxes e problemas de catro teorías sobre a a prendizaxe.<br><br>-Recoñece a aplicación de técnicas de condicionamento en anuncios publicitarios. | V<br><br>V | **Activ. Esquema concept. Proba**<br><br>**Res. Caso prático** |
| ▪b<br>▪d<br>▪e<br>▪g<br>▪m | CAA<br><br>CSIEE<br><br>CD<br>CCL | B4.2. Comprender os procesos cognitivos superiores do ser humano, como a intelixencia e o pensamento, mediante o coñecemento dalgunhas teorías explicativas da súa natureza e o seu desenvolvemento, distinguindo os factores que inflúen nel e investigando a eficacia das técnicas de medición utilizadas e o concepto de CI, co fin de entender esta capacidade humana. | 4.2.1. Elabora mapas conceptuais dalgunhas das actuais teorías sobre a intelixencia, valorando as achegas que no seu estudo tivo cada unha delas<br>4.2.2. Utiliza a súa iniciativa persoal para elaborar un esquema explicativo sobre as fases do desenvolvemento da intelixencia segundo J. Piaget, valorando a importancia das influencias xenéticas e do medio neste proceso.<br>4.2.3. Investiga, en páxinas de internet, o que é o CI e a escala de Stanford-Binet, que clasifica estes valores desde a deficiencia | -Define os conceptos con precisión e valora as vantaxes e problemas de catro teorías sobre a intelixencia.<br><br>-Explica as caractrísticas principais de cada unha das fases con exemplos.<br><br>-Investiga, coñece e valora criticamente as técnicas de medición da | V<br><br>V<br><br>V | **Activ. Esquema concept. Proba**<br><br>**Proba**<br><br>**Disertac. 2** |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | CSC<br>CCL | | profunda ata a superdotación, apreciando a obxectividade real dos seus resultados e examinando criticamente algunhas técnicas de medición da intelixencia<br>4.2.4. Analiza o que é o pensamento, apreciando a validez tanto do razoamento como da creatividade na resolución de problemas e na toma de decisións. | intelixencia.<br>-Valora os distintos elementos que interveñan no pensamento humano. | V | Disertac. 2 e Proba |
| ▪b<br>▪h | CAA | B4.3. Recoñecer e valorar a importancia da intelixencia emocional no desenvolvemento psíquico da persoa. | 3.1. Valora a importancia das teorías de Gardner e Goleman, realizando un esquema das competencias da intelixencia emocional e a súa importancia no éxito persoal e profesional. | -Entende e coñece distintas habilidades da intelixencia emocional | V | Activ. Esquema concept. Proba |
| ▪a<br>▪b<br>▪h<br>▪m | CMCCT<br>CSIEE | B4.4. Reflexionar sobre as posibilidades da intelixencia artificial e xulgar criticamente os seus alcances e os seus límites, co fin de evitar a equivocada humanización das máquinas pensantes e a deshumanización das persoas. | 4.4.1. Avalía, en traballo grupal, as vertentes positivas e negativas das aplicacións da intelixencia artificial, así como os perigos que pode representar pola súa capacidade para o control do ser humano, invadindo a súa intimidade e a súa liberdade. | -Entende en que consiste a intelixencia artificial e atopa consecuencias positivas e negativas derivadas do seu emprego. | V | Observac. na aula |

## Bloque 5. A construción do ser humano. Motivación, personalidade e afectividade

| Obx | Comp | Criterio av. | Estandar | Grao mín. estándar | Temp<br>1ºT 2º,3º | Proc./ins avaliac. |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ▪b<br>▪d<br>▪e<br>▪g<br>▪m | CAA<br>CSIEE<br>CCL | 5.1. Explicar e valorar a importancia da motivación, a súa clasificación e a súa relación con outros procesos cognitivos, desenvolvendo os supostos teóricos que a explican e analizando as deficiencias e os conflitos que no seu desenvolvemento conducen á frustración. | 5.1.1. Utiliza e selecciona información acerca das teorías da motivación (homeostática; das necesidades; do incentivo; cognitivas; psicanalíticas; humanistas<br>5.1.2.Recorre á súa iniciativa para realizar unha presentación, con medios informáticos, acerca das causas da frustración, partindo da clasificación dos conflitos de Lewin e valorando as respostas alternativas a esta.<br>5.1.3. Argumenta, en colaboración grupal, sobre a importancia da motivación no ámbito laboral e educativo, analizando a relación entre motivación e consecución de logros. | -Selecciona e emprega correctamente información de catro teorías<br>-Expón e organiza de maneira clara e ordenada os coñecementos en soporte dixital.<br>-Valora a necesidade da motivación no ámbito laboral e educativo. | V<br>V<br>V | Proba<br>Exposic. indiv. Formato dixital<br>Observ. na aula |
| ▪b<br>▪d<br>▪e<br>▪g | CAA | 5.2. Comprender o que é a personalidade, analizando as influencias xenéticas, ambientais e culturais sobre as que se edifica, as teorías que a estudan e os factores | 5.2.1. Describe, establecendo semellanzas e diferenzas, as teorías da personalidade, como as provenientes da psicanálise, o humanismo, as tipoloxías, o cognitivismo e o condutismo, | -Sabe explicar establecendo semellanzas e diferenzas e valorándoas criticamente tres teorías sobre a personalidade | V | Proba |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ▪h<br>▪m | CMCCT<br><br>CCL<br><br>CSC | motivacionais, afectivos e cognitivos necesarios para a súa axeitada evolución. | valorando as achegas que cada unha delas realizou no coñecemento da natureza humana.<br>5.2.2. Analiza, valorando criticamente, as limitacións dalgúns métodos e estratexias para a avaliación da personalidade, como son as probas proxectivas (test de Rorschach, TAT, test da frustración de Rosenzweig, etc.), as probas non proxectivas (16 FP, NEO-PI-R e MMPI) e as técnicas fisiolóxicas (tomografías, etc.).<br>5.2.4. Diserta sobre a complexa relación entre a función da conciencia e os procesos inconscientes, analizando algúns fenómenos inconscientes, como os soños ou a hipnose<br>5.2.5. Investiga, en traballo grupal, sobre os estados alterados de conciencia provocados polas drogas, valorando criticamente a súa influencia nas alteracións da personalidade, e presenta as súas conclusións de maneira argumentada | -Coñece as principais deficiencias destes métodos.<br><br>-Explica con claridade e argumenta sobre algúns fenómenos inconscientes.<br><br>- Sabe informarse, coñece e valora criticamente os efectos das distintas drogas. | V<br><br>V<br><br>V | **Proba**<br><br>**Disert. 3**<br><br>**Activ. na aula** |
| ▪b<br>▪c<br>▪e<br>▪g<br>▪h<br>▪m | CMCCT<br><br>CAA<br>CD | B5.3. Entender e reflexionar sobre a complexidade que implica definir o que é un trastorno mental, describindo algúns dos factores xenéticos, ambientais e evolutivos implicados, co fin de comprender as perspectivas psicopatolóxicas e os seus métodos de estudo. | 5.3.1.Describe perspectivas e modelos de estudo da psicopatoloxía, e reflexiona sobre os métodos utilizados por cada unha delas.<br>B5.3.2. Utiliza a súa iniciativa persoal para realizar un cadro esquemático, en colaboración grupal e utilizando medios informáticos, acerca das características relativas a algúns tipos de trastornos, por exemplo os asociados ás necesidades biolóxicas e ás adiccións (sexuais, alimentarias, drogodependencias, etc.), ás emocións (ansiedade e depresión), a elementos corporais (psicosomáticos, somatomorfos e disociativos), á personalidade (esquizoide, paranoide, limítrofe, dependente, narcisista, antisocial, etc.), ao desenvolvemento evolutivo (autismo, atraso mental, déficit de atención e hiperactividade, da aprendizaxe, asociados á vellez), etc. | -Coñece algúns modelos e métodos de estudo da psicopatoloxía<br><br>-Expón de maneira clara e ordenada distintos tipos de psicopatoloxías. | V<br><br>V | **Proba**<br><br>**Traballo 3 grupo dixital.** |
| ▪b<br>▪d<br>▪e<br>▪g<br>▪h | CCL<br><br>CSC | 5.4. Recoñecer e valorar os tipos de afectos, así como a orixe dalgúns trastornos emocionais, co obxecto de espertar o seu interese polo desenvolvemento persoal desta capacidade. | 5.4.1. Explica e sinala distintos tipos de afectos (sentimento, emoción e paixón), especificando os seus determinantes hereditarios e aprendidos, e analizando a relación entre emoción e cognición.<br>5.4.2. Realiza un cadro comparativo sobre as teorías sobre a emoción, por exemplo como experiencia, como comportamento ou como suceso | -Coñecer as diferenzas entre sentimentos, emocións e paixóns con exemplos e saber relacionalos coa herdanza ou a aprendizaxe<br><br>-.Expón de maneira clara e ordenada a información.. | V<br><br>V | **Proba**<br><br>**Activ. Aula** |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | CD | | fisiolóxico, valorando a importancia da psicoafectividade no equilibrio da persoa.<br>▪5.4.3. Investiga, a través de internet, algúns trastornos emocionais(indiferenza emocional, dependencia afectiva, trastorno maníaco-depresivo, descontrol emotivo, etc.) e problemas emocionais (medo, fobias, ansiedade, estrés, depresión, etc.), | -Selecciona e identifica algúns transtornos emocionais. | **V** | **Activ. e Proba** |
| ▪b<br>▪e<br>m | CSC<br><br>CCL | 5. 5.Coñecer a importancia que na maduración da persoa teñen as relacións afectivas e sexuais, analizando criticamente os seus aspectos fundamentais. | 5.5.1. Identifica e aprecia a importancia que, no desenvolvemento e na maduración da persoa, teñen a afectividade e a sexualidade, como dimensións esenciais do ser humano, e describe os aspectos fundamentais da psicoloxía da sexualidade: fisioloxía da resposta sexual, conduta sexual, etc.<br>5.5.2. Diserta sobre a importancia da linguaxe verbal e non verbal como medios de comunicación emocional na nosa vida cotiá, e expón de xeito claro e argumentado as súas conclusións. | -Entende en gran medida os principais aspectos da afectividade e psicoloxía da sexualidade.<br><br>-Argumenta con claridade e de maneira reflexiva e crítica sobre a linguaxe como medio de comunicación emocional. | **V**<br><br>**V** | **Proba**<br><br>**Disert.4** |

## Bloque 6. Psicoloxía social e das organizacións

| Obx | Comp | Criterio av. | Estandar | Grao mín. estándar | Temp<br>1ºT 2º,3º | Proc./inst avaliac. |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ▪a<br>▪b<br>▪c<br>▪g | CSC<br><br>CD<br><br>CSC | B6.1. Comprender e apreciar a dimensión social do ser humano, e entender o proceso de socialización como a interiorización das normas e valores sociais, apreciando a súa influencia na personalidade e na conduta das persoas. | 6.1.1. Analiza e valora as diferenzas culturais e o seu impacto no comportamento das persoas ao exercer a súa influencia nos esquemas cognitivos, a personalidade e a vida afectiva do ser humano.<br>6.1.2. Realiza unha presentación, colaborando en grupo e utilizando medios informáticos, sobre o proceso de socialización humana e a influencia dos grupos, os papeis e os status sociais no desenvolvemento da persoa.<br>6.1.3. Investiga acerca da orixe social das actitudes persoais, valorando a súa utilidade para a predición da conduta humana e a súa influencia en condutas de violencia escolar, laboral, doméstica e de xénero, entre | -Comprende a influencia dos factores culturais na personalidade humana.<br><br>-.Expón de maneira clara e ordenada a información e coñece os principais conceptos sobre a socialización e os axentes socializadores.<br><br>-Selecciona e organiza a información establecendo relacións para entender certas condutas na nosa sociedade. | **V**<br><br>**V**<br><br>**V** | **Proba**<br><br>**Traballo 4 en grupo dixital**<br>**Proba**<br><br>**Observ. na aula** |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | outras. | | | |
| ▪a<br>▪b<br>▪c<br>▪d<br>▪e<br>▪g<br>▪h<br>▪m | CD<br><br>CSC<br><br>CSC | B6. 2. Coñecer e valorar os procesos psicolóxicos das masas, a súa natureza, as características e as pautas de comportamento, co fin de evitar as situacións de vulnerabilidade en que da persoa poida perder o control sobre os seus propios actos. | 6.2.1. Procura e selecciona información en internet acerca das características da conduta do individuo inmerso na masa, tales como impulsividade, intolerancia, inconsciencia, falta de perseveranza, volubilidade e falta de capacidade crítica, entre outras.<br>6.2.2. Utiliza e selecciona información acerca do estudo psicolóxico das masas, realizado por Gustav Le Bon, e elabora conclusións acerca do poder da persuasión, o contaxio de sentimentos e emocións que se produce nas masas e os seus efectos na perda temporal da personalidade individual e consciente da persoa.<br>6.2.3. Indaga na psicoloxía de Erikson e destaca algunhas das causas psicolóxicas explicativas que sinala acerca dos actos terroristas ou do pensamento radical e irracional que se pon de manifesto en seguidores/as de equipos deportivos, artistas, grupos políticos, relixiosos, etc. | -Recolle e interpreta ben a información<br><br>-Entende os elementos que inflúen no comportamento das masas.<br><br>-Coñece algunhas causas psicolóxicas de condutas radicais e irracionais. | V<br><br>V<br><br>V | **Proba**<br><br>**Traballo indiv. Película**<br><br>**Traballo indiv. película** |
| ▪b<br>▪e<br>▪h<br>▪m | | B6.3. Entender e describir a importancia da psicoloxía no campo laboral e o desenvolvemento das organizacións, reflexionando sobre a importancia do liderado como condición necesaria para a xestión das empresas, reflexionando sobre os erros psicolóxicos que se producen na súa xestión e procurando os recursos axeitados para afrontar os problemas. | PSB6.3.1. Comenta e aprecia a importancia da aplicación da psicoloxía no mundo laboral, en temas tales como os aspectos psicolóxicos que inflúen na produtividade e no desenvolvemento empresarial, a importancia dos métodos e das técnicas psicolóxicas para a selección de persoal segundo os perfís laborais e a resolución de conflitos, etc.<br>6.3.2. Procura e selecciona información sobre recursos humanos: selección de persoal e desenvolvemento de programas profesionais favorecedores da integración do persoal traballador na empresa, e a súa evolución persoal e profesional<br><br>6.3.3. Describe a importancia dos factores psicolóxicos que inflúen no desenvolvemento laboral, como a adaptación, a innovación, o traballo colaborador, a xestión de coñecementos, a creatividade e a autoestima, identificando factores fundamentais, como a proposición de retos, a motivación, o fomento da participación, a autonomía e a xeración de ambientes creativos, | -Entende a relación e importancia que ten a psicoloxía co mundo laboral<br><br>-Selecciona e recolle información sobre recursos humanos:selección de persoal e desenvolvemento de programas profesionais favorecedores da integración do persoal traballador na empresa, e a súa evolución persoal e profesional<br><br>-Coñece os factores psicolóxicos mais importantes que inflúen no desenvolvemento laboral e os aplica a casos concretos | V<br><br>V<br><br>V | **Proba**<br><br>**Observ. na aula**<br><br>**Resol. Casos prácticos** |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | mediante exemplos de casos concretos e reflexionando criticamente sobre a súa aplicación en diversos ámbitos de traballo.<br>.6.3.4. Investiga, en páxinas de internet, acerca dos principais riscos da saúde laboral, como son o estrés, a ansiedade, o mobbing e a síndrome de Burnout. | -Recolle información pertinente e coñece os problemas mais frecuentes no ámbito laboral:estrés, a ansiedade, | **V** | **Proba** |

## 7. Metodoloxía, materiais e recursos didácticos.

Dado o carácter humanístico-científico desta disciplina, cremos que debe desenvolverse preferentemente desde un punto de vista transversal e práctico. A fin de proporcionarlle ao alumnado un contexto en función dos seus intereses académicos e persoais, os traballos propostos terán un desenvolvemento transversal que permita, por unha parte, adquirir os coñecementos disciplinares e, por outra, aplicalos a contextos culturais, sociais ou disciplinares do seu interese.
Esta metodoloxía pasa pola xeración de tarefas ou situacións-problema que o alumnado deberá resolver facendo un uso axeitado dos coñecementos disciplinares e integrando diferentes competencias. Incluirá prácticas de traballo individual e cooperativo, tal e como figuran nos distintos estándares de aprendizaxe. Ademais destes traballos realizados por o alumnado, emprégase un libro de texto para facilitar a tarefa de asimilación dos principais contidos teóricos e asimesmo o profesor impartirá explicacións orais sobre os principais contidos.

### *Materiais e recursos didácticos:*

Con esta finalidade e atentendo a adquisición dos estándares de aprendizaxe requeridos os materiais e recursos curriculares son moi variados .Prócurase reforzar os contidos de maneira tanto auditiva como visual e por iso todos os temas se traballan con:

- Explicacións da profesora.
- Esquemas e mapas conceptuais realizados na aula.
- Cuestións ( escritas ou orais) sobre os principais conceptos da unidade.
- Actividades de minidebate e reflexión traballando en grupos.
- Análise de textos ( En ocasións faise oralmente ou por escrito na aula e de cando en vez a tarefa será realizada en casa)
- Emprego de videos, fragmentos de películas para reflexionar sobre os mesmos)
- Emprego de páxinas webs e diapositivas para reforzar os contidos.

**O libro de texto que se vai empregar será: Psicoloxía. *Edicións Xerais. I*SBN 978-84-9121-035-1, que se acompaña da versión para encerado dixital interactivo (Libro EDI).**

Ademais destes recursos empregaranse os seguintes:

**Libros de lectura:**

***O alienista.*** Machado de Assis

***O curioso incidente do can á medianoite.*** Mark Haddon.

COMIC: ***Engurras*** de Paco Roca.

Recomendadas e de apoio:

***El Lenguaje Secreto de la Mente: guia visual de los misterios de la conciencia de*** Cohen D.

***Neurociencia para Julia***. Xurxo Mariño. Edit. Laetoli.

***O Alienista***. Machado de Assis (2000). Edit. Zeta

***Pensar rápido, pensar despacio***. Daniel Kahneman (2014), Edit. Debate.

***Y o, robot***. Isaac Asimov (2009). Edhasa.

***El método Grönholm***. J. Galceran (2005).

**Películas:**

***Despertares***. Penny Marshall (1990)

***La Ola***. Denis Gansel (2008).

***Memento***. C. Nolan (2000)

***El milagro de Anna Sullivan***. Arthur Penn (1962)

***Del Revés (Inside Out)***. Pete Docter (2015).

**Freud, pasión secreta** de John Ford.(1962)

**Páxinas webs:**

**Unboxing Philosophy** de Daniel Rosende.

https://www.youtube.com/channel/UC5d5wLi2Feyd3FrBNyeEPgw

***Aula de Filosofía de Eugenio Sánchez Bravo***

https://auladefilosofia.net/

## 8. Criterios de avaliación e cualificación do alumnado

Tendo en conta que no currículo da materia aparecen sinalados os criterios e estándares de aprendizaxe necesarios para poder avaliar as distintas unidades temáticas, limitareime a sinalar os principais criterios de avaliación que se consideran mínimos:

1. Identificar as características teóricas e metodolóxicas da psicoloxía como ciencia e a súa complementariedade coas achegas doutras disciplinas.

2. Comparar os principais métodos que se empregan na investigación psicolóxica, comprendendo as súas achegas e as súas limitacións, e aplicar algún destes métodos á análise de situacións próximas sinxelas.

3. Recoñecer e identificar os principais ámbitos de aplicación e intervención da psicoloxía, diferenciando as achegas dos distintos enfoques e coñecendo como se aplican algunhas das técnicas de intervención máis usuais.

4. Coñecer e identificar os principais enfoques ou teorías vixentes na psicoloxía, comprendendo e aceptando as súas diferenzas metodolóxicas e as distintas concepcións que manteñen sobre a natureza da conduta humana.

5. Recoñecer as semellanzas e diferenzas entre a conduta humana e a doutras especies animais, comprendendo e valorando a continuidade que existe entre ambas, así como os trazos psicolóxicos que identifican os seres humanos.

6. Relacionar a conduta humana cos seus determinantes xenéticos e ambientais, comprendendo a súa distinta importancia para unhas condutas e outras, e como estes factores interactúan para producir condutas diferentes en distintas persoas e/ou en distintas culturas, aceptando e valorando estas diferenzas.

7. Explicar os procesos mediante os que as persoas adquiren. elaboran e comunican coñecementos, establecendo relacións entre os distintos procesos cognitivos e as condutas a que dan lugar.

8. Aplicar os coñecementos adquiridos sobre o funcionamento cognitivo á análise dalgúns problemas comúns na adquisición, comprensión e comunicación da información, tanto en situacións de instrución como en contextos cotiáns.

9. Comprender os principais motivos, emocións e afectos que están a influír na conduta humana, así como os procesos mediante os que se adquiren e as técnicas de intervención a través das cales se poden modificar.

10. Relacionar os compoñentes xenéticos, afectivos, sociais e cognitivos da conduta, aplicándoos á análise psicolóxica dalgúns problemas humanos complexos que teñen lugar na sociedade actual.

**Avaliación continua**

Para cualificar ao alumno/a por trimestre empregaranse os seguintes procedementos de avaliación:

**Cuestionarios** ou **Probas** sobre os contidos e realización de **Traballos** e **Tarefas** de maneira individual e grupal.

Entre os traballos considéranse mínimos por trimestre os seguintes:

**a)** Actividades na aula: análises de textos de contido psicolóxico, realización de esquemas conceptuais, explicación e exposición de casos prácticos .

**b)** Traballos: entran traballos individuais e grupais en soporte dixital ou traballos sobre libros e películas.

| **1. Criterios sobre a avaliación e cualificación** | |
|---|---|
| **1º Avaliación** | Cálculo da nota da 1º avaliación:<br><br>Traballos e actividades 50%<br>Proba escrita 50% |
| | Procedemento de recuperación da 1º avaliación:<br><br>Repetición de proba e de traballos e actividades cualificados negativamente |
| **2º Avaliación** | Cálculo da nota da 2º avaliación:<br><br>Traballos e actividades 50%<br>Proba escrita 50% |
| | Procedemento de recuperación da 2º avaliación:<br><br>Repetición de proba e de traballos e actividades cualificados negativamente |
| **3º Avaliación** | Cálculo da nota da 3º avaliación:<br><br>Traballos e actividades 50%<br>Proba escrita 50% |

| | |
|---|---|
| | Procedemento de recuperación da 3º avaliación:<br><br>Repetición de proba e de traballos e actividades cualificados negativamente |
| **Cualificación final** | Cálculo para obter a cualificación final de curso:<br><br>Nota media das 3 avaliacións (poidendo subir a cualificación na avaliación final tras realizar unha proba global) |
| **Proba extraordinaria para BAC** | Consistente en:<br><br>Proba global cualificada sobre 10 puntos. |

## 7. *PROBLEMAS ÉTICOS ACTUAIS*

***(2º Bacharelato)***

## *MATERIA DE LIBRE CONFIGURACIÓN (1 hora semanal)*

**1.** XUSTIFICACIÓN E CARACTERÍSTICAS DA MATERIA

***2****.CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.*

3**.** CONTIDOS.

4**.**CADRO COS OBXECTIVOS,CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE VINCULADOS COAS CORRESPONDENTES COMPETENCIAS

**5.**TEMPORALIZACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DE ESTES E PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

6**.**METODOLOXÍA, MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

**7.** CRITERIOS SOBRE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN DO ALUMNADO.

## 1. Xustificación e características da materia.

A materia está deseñada para dotar o alumnado de Bacharelato de instrumentos que lle permitan abordar dun xeito máis consciente e racional os distintos problemas éticos que se presentan nas sociedades contemporáneas, complexas e plurais no moral e no ideolóxico. Estas ferramentas inclúen conceptos básicos dos principais teóricos da filosofía moral e ferramentas de espresión oral e escrita que lle permitan argumentar con rigor , afastándose das principais falacias argumentativas que se atopan demasiado frecuentemente nos discursos públicos ( prensa, televisión...).
A importancia desta materia radica no seu carácter emninentemente interdisciplinar en tanto que abarca os ambitos linguístico, social e científico. A súa existencia deríva precisamente da súa relación con outras disciplinas tales como bioloxía, medicina, ecoloxía, dereito, política, filosofía... e debido a esta plasticidade e universalidade ,a materia resulta decisiva para acadar múltiples competencias. Os contidos organízanse en 5 bloques de diferente temática: a argumentación moral e debate, aproximación á bioética como disciplina, problemas actuais bioéticos, etica ambiental e os animais e os dereitos.
Esta variedade de contidos tanto lóxicos como científicos, favorece a importancia da materia para acadar con distinta intensidade todas as competencias que debe desenvolver o alumnado.
Proporciona ademais directamente ao alumnado, instrumentos para acadar os obxectivos do Bacharelato que figuran no **Decreto 86/2015, do 25 de xuño** polo que se establece o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e entre os cales sinalamos os seguintes:
a. Exercer a cidadanía democrática e adquirir unha conciencia cívica responsable, valorando criticamente as desigualdades e discriminacións existentes.
b.Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
c.Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa,traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
d. Acceder a coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais na sociedade contemporánea valorando de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida.
e. Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico.

A materia Problemas éticos actuais ofrécese como materia de libre configuración do centro, cunha carga lectiva de unha hora semanal, para 2º Bacharelato e será impartida por o departamento de Filosofía.

## 2 Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.

Para os efectos desta programación, as competencias clave do currículo serán as seguintes:

a) Comunicación lingüística (**CCL**).
b) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (**CMCCT**).
c) Competencia dixital (**CD**).
d) Aprender a aprender (**CAA**).
e) Competencias sociais e cívicas (**CSC**).
f) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (**CSIEE**).
g) Conciencia e expresións culturais **(CCEC).**

O significativo carácter interdisciplinar da materia pode axudar a desenvolver e adquirir as seguintes competencias clave: comunicación lingüística; competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía; competencia dixital; aprender a aprender; competencias sociais e cívicas; ecoconciencia e expresións culturais. Trátase, xa que logo, dunha materia que, dada a súa riqueza de contidos e amplitude de horizontes, pode converterse en paradigmática para a adquisición da maior parte das competencias clave.

A argumentación sobre problemas éticos está especialmente dirixida a fomentar as **competencias en comunicación linguística** , potencia o desenvolvemento das **competencias sociais e cívicas**,en tanto axuda a comprender e resolver problemas derivados da convivencia social. Ao mesmo tempo a temática de carácter bioético e mediambiental implica o desenvolvemento de **competencias cieníficas e tecnolóxicas. .**

As competencia de **aprender a aprender e a competencia dixital** están presentes en todo o curso nas tarefas que debe realizar o alumnado, buscando información e realizando exposicións de maneira cooperativa e axudándose das novas tecnoloxías.O curso contribúe por tanto a dotar ao alumnado de mecanismos e coñecementos que lle permitan comprender mellor unha realidade social plástica, multifacética e complexa.

Estas competencias preséntanse no curriculo relacionadas directamente cos obxectivos, contidos e estándares de aprendizaxe avaliables.

## 3. Obxectivos por curso

A materia no Bacharelato ten que contribuir a desenvolver no alumnado as seguintes capacidades:

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, fundamentalmente adquirindo os coñecementos científicos necesarios para sustentar unha igualdade de xénero e o respecto aos dereitos dos individuos.
b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais, para o que serán especialmente útiles os coñecementos adquiridos na materia.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

d )Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aprovei- tamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

e) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

f) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aprovei- tamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

g) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

h) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

i) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.

k) Comprender os coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais na sociedade contemporánea valorando as consecuencias da ausencia de principios éticos na investigación científica e tecnolóxica.

l) Impulsar condutas e hábitos saudables en relación coa saúde psiquíca.

m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa,

traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

n) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

## 4. Contidos e temporalización

**Tema1 Os dilemas morais : argumentación e debate.**
1.1 A ética aplicada e a súa concentración nos dilemas morais. Características.
1.2. Algúns pensadores: Peter Singer, Jonathan Glover (ética médica), R. M. Hare ( teoría prescriptivista que combina o utilitarismo e a universalización kantiana), John Passmore ( defende unha perspectiva moral liberal), John Rawls (a súa noción de equilibrio reflexivo combina o intuicionismo e a teoría contractualista), Mary Midgley ( relacións entre humanos e non humanos), Onora O'Neil ( unha ética kantiana sobre temas como a fame e a pobreza), J. Habermas (a noción de consenso para poder aplicar a teoría na práctica).
1.3. Os dilemas morais.Que son?Resolución e fases na discusión dos dilemas morais : toma de posición, argumentación e debate na aula. Casos prácticos.
1.4. O discurso argumentativo.A lóxica informal: elementos e recursos argumentativos( premisas, teses , siloxismos, coherencia, cohesión, claridade e rigor intelectual). Falacias mais frecuentes no discurso argumentativo
1.5. O debate. A preparación do debate e a selección das ideas: contidos informacionais ( datos, teorías, citas, etc.) e os emocionais (anécdotas, imaxes, vídeos, etc.).Realización práctica de debate.

**Tema2. A Bioética .Orixe e caracterización.**
2.1 .A Bioética: etimoloxía e definición.A relación con outras disciplinas que abordan o tema da vida: bioloxía, dereito, filosofía, socioloxía, antropoloxía, teoloxía...
2.2. A orixe (1971 Van Rensselaer) e a historia do movemento bioético, como fenómeno sociocultural de constitución da disciplina en EE.UU.
2.3. Características da bioética na actualidade segundo Marciano Vidal e Adela Cortina.
2.4. Principios da Bioética:autonomía, no maleficencia, beneficencia e xustiza.

**Tema3. A Bioética. Problemas actuais**
*3.1. Problemas actuais: a manipulación do xenoma, a clonación e o concepto de singularidade individual, a a reprodución asistida, o dereito á vida e morte digna, a experimentación con humanos, a privatización dos servicios públicos.*
3.2. Regulacións e documentos:
Declaración universal dos Dereitos Humanos(1948)
Declaración de Helsinki (1964)
Declaración Internacional sobre Bioética e Dereitos Humanos UNESCO (2005)
Código de Deontoloxía Médica. España (2011)

**Tema 4. Os problemas ecolóxicos, do medio ambiente e a biosfera.**

4.1. A ética ambiental. Definición e obxectivos.

4.2. Os principios de:
- responsabilidade (coidado do ser vulnerable: seres humanos actuais e futuros e a restante vida planetaria);
- xustiza ecolóxica nas súas tres vertentes: global ( desigualdades socioeconómicas a nivel planetario), interxeneracional (xeracións futuras) e interespecífica (principio de hospitalidade biosférica respecto aos outros seres vivos).

4.3. Algúns problemas: contaminación das aguas e a atmósfera por diversas causas,incorrecta utilización da enerxía, uso de enerxía nuclear, sobrexplotación dos recursos, o crecemento da poboación, industria de impacto medioambiental, a chuvia ácida, a desertización.
4.4. A necesidade de fomentar unha conciencia medioambiental. • Aprender a convivir coa natureza respectando ao mesmo tempo as necesidades humanss. Producir sobre bases sustentabeis para o presente e para o futuro.

**Tema 5. Os dereitos dos animais**

5.1.A natureza animal como un suxeito de dereitos.
5.2. O polémico concepto de "persona non humana".
5.3.Pensadores decisivos: Peter Singer , Tom Regan, Seven Wise, Helmut F. Kaplan e Gary Francine.
5.3. O grupo PETA (Personas por o Trato Ético dos Animales) na actualidade.
5.4. Algúns problemas: as granxas factoría, a experimentación con animais, pelexas de galos e tauromaquia, o consumo de carne.

**Temporalización**

Tendo en conta que a materia consta dunha unica hora a semana, en principio adicaranse sobre 7 ou 8 sesións a cada unidade.

**(1º Trimestre)** Impartiranse os Bloques 1 e 2 de contidos.
**(2º Trimestre)** Impartiranse os Bloques 3 e 4 de contidos.
**(3º Trimestre)** Impartirase o Bloques 5 de contidos.

## 5. Cadro cos obxectivos, contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe vinculados coas correspondentes competencias

### Tema 1. Os dilemas morais : argumentación e debate.

| | |
|---|---|
| Obxectivos | a, b, c, d, e, g, h, l, m |
| Contidos | **1.1. A ética aplicada e a súa concentración nos dilemas morais. Características.**<br>**1.2 Algúns pensadores: Peter Singer, Jonathan Glover (ética médica), R. M. Hare ( teoría prescriptivista que combina o utilitarismo e a universalización kantiana), John Passmore (quen defende unha perspectiva moral liberal), John Rawls (a súa noción de equilibrio reflexivo combina o intuicionismo e a teoría contractualista), Mary Midgley ( relacións entre humanos e non humanos), Onora O'Neil ( unha ética kantiana sobre temas como a fame e a pobreza), J. Habermas (a noción de consenso para poder aplicar a teoría na práctica).**<br>**1.3. Os dilemas morais.Que son?. Resolución e fases na discusión dos dilemas morais : toma de posición, argumentación e debate na aula. Casos prácticos.**<br>**1.4. O discurso argumentativo. A lóxica informal: elementos e recursos argumentativos( premisas, teses , siloxismos, coherencia, cohesión, claridade e rigor intelectual). Falacias mais frecuentes no discurso argumentativo.**<br>**1.5 .O debate. A preparación do debate e a selección das ideas: contidos informacionais ( datos, teorías, citas, etc.) e os emocionais (anécdotas, imaxes, vídeos, etc.).Realización práctica de debates.** |
| Criterios de avaliación | 1.1.Analizar e coñecer en que consiste a ética aplicada e valorar a súa importancia no desenvolvemento moral do ser humano.1.2.Coñecer e analizar criticamente conceptos como "ética teórica", "utilitarismo", "teoría dos dereitos liberais", "etica da virtude", "ética das consecuencias" , "ética do coidado", "ética comunicativa ou dialóxica"....<br>1.3.Resolver dilemas morais de forma oral e escrita, argumentando e razoando os propios puntos de vista con claridade e coherencia , evitando os prexuízos.<br>1.4. Recoñecer as principais falacias que se dan nun discurso argumentativo.<br>1.5.Obter e organizar a información para afondar no coñecemento do tema do discurso, mediante a documentación e a investigación usando as posibilidades das novas tecnoloxías para consolidar e ampliar a información.<br>1.6.Participar en debates cunha actitude dialóxica , disposto a valorar sen prexuízos as aportacións dos demais interlocutores. |

| | |
|---|---|
| Estándares de aprendizaxe | 1.1.Describe en que consiste a ética aplicada e valora a súa importancia no desenvolvemento moral do ser humano. **CSC**<br>1.2.Coñece e analiza textos sobre as principais ideas éticas dos seguintes pensadores: Peter Singer, Jonathan Glover , R. M. Hare, Rawls, Onora O'Neil e J. Habermas. **CCL**<br><br>1.3.Coñece e emprega conceptos como "ética teórica", "utilitarismo", teoría dos dereitos liberais", "etica da virtude", "ética das consecuencias" , "ética do coidado", "ética comunicativa ou dialóxica". **AA**<br>1.4.Resolve algún dilema moral de forma oral e escrita, argumentando e razoando os propios puntos de vista con claridade e coherencia. **CSIEE CCL**<br>1.5.Pode distinguir os razoamentos correctos dos razoamentos falaces nun discurso argumentativo. **CCL**<br>**1.6.**Emprega as fontes documentais máis pertinentes e as súas propias vivencias para extraer contidos e ideas variadas relacionadas co tema do discurso.**CSIEE**<br>1.7.Analiza de xeito crítico a información atopada e avalía a súa idoneidade para o obxectivo do seu discurso. **CCL**<br>1.8.Emprega no discurso as estratexias da retórica e da oratoria de maneira ética e honesta, recoñecendo as debilidades do razoamento propio e valorando as achegas dos demais. **CCL**<br><br>1.9. Organiza e fai exposicións dos coñecementos adquiridos usando as novas tecnoloxías. **CD**<br>1.10.Participa en debates cunha actitude dialóxica , disposto a valorar sen prexuízos as aportacións dos demais interlocutores **CCL, CSIEE** |

## Tema2. A Bioética .Orixe e caracterización.

| Obxectivos | a, b, c, d, e, g, k,i, l, m |
|---|---|
| Contidos | **2.1.A Bioética: etimoloxía e definición.A relación con outras disciplinas que abordan o tema da vida: bioloxía, dereito, filosofía, socioloxía, antropoloxía, teoloxía...**<br>**2.2.. A orixe (1971 Van Rensselaer) e a historia do movemento bioético, como fenómeno sociocultural de constitución da disciplina en EE.UU.**<br>**2.3. Características da bioética na actualidade segundo Marciano Vidal e Adela Cortina.**<br>**2.4. Principios da Bioética:autonomía, no maleficencia, beneficencia e xustiza.** |
| Criterios de avaliación | 2.1. Coñecer as características da Bioética e comprender a súa relación con outras disciplinas.<br>2.2. Analizar textos de pensadores vinculados á Bioética.<br>2.3.Recoller información e coñecer as principais etapas na historia desta disciplina.<br>2.4.Coñecer e reflexionar sobre o principios nos que se sustenta a Bioética e analizar as posibles implicacións prácticas dos mesmos. |

| | |
|---|---|
| Estándares de aprendizaxe | 2.1. Coñece as características da Bioética  e comprende a súa relación con outras disciplinas. **AA**<br>2.2.Analiza textos de pensadores vinculados á Bioética.**CCL  CMCCT**<br>2.3.Organiza e relaciona a información sobre a historia desta disciplina. **AA**<br>2.4.Diserta sobre a  importancia da Bioética como  aproximación entre a racionalidade científica e a racionalidade dos fins.**CCL**<br>2.5. Realiza esquemas conceptuais sobre a historia desta disciplina.**AA**<br>2.6.Coñece e reflexiona sobre o principios nos que se sustenta a Bioética e analiza as posibles implicacións prácticas dos mesmos.**CMCCT  CSC** |

***Tema3. A Bioética. Problemas actuais***

| Obxectivos | a, b, c, d, e, g, h,i,k, l, m |
|---|---|
| Contidos | **3.1. Problemas actuais:**<br>**- a manipulación do xenoma**<br>**- a clonación e o  concepto de singularidade individual**<br>**- a reprodución asistida**<br>**-o dereito á vida e morte digna**<br>**- a experimentación con humanos**<br>**-a privatización dos servicios públicos.**<br><br>**3.2.Regulacións e documentos:**<br>**Declaración universal dos Dereitos Humanos(1948)**<br>**Declaración de Helsinki (1964)**<br>**Declaración Internacional sobre Bioética e Dereitos Humanos UNESCO (2005)**<br>**Código de Deontoloxía Médica. España (2011)** |
| Criterios de avaliación | 3.1.Valorar a importancia dos criterios éticos vinculados á ciencia e tecnoloxía.<br>3.2.Comprender que os seres humanos non teñen “prezo” senón “dignidade” e son “fins” e non “medios”.<br>3.3. Coñecer algúns dos cambios mais importantes vinculados aos adiantos científicos e tecnolóxicos contemporáneos e entender as repercusións dos mesmos no concepto de “vida”.<br>3.4. Comprender e analizar a relación entre determinadas actuacións políticas e a vulneración da relación entre xustiza e sanidade.<br>3.5.Obter e organizar a información para afondar no coñecemento dos problemas a tratar, mediante a documentación e a investigación usando as posibilidades das novas tecnoloxías para consolidar e ampliar a información.<br>3.6. Participar en debates sobre algúns problemas dos  sinalados, cunha actitude dialóxica,desde o respecto, empatía e tolerancia polas opinións alleas. |
| Estándares de | 3.1. Valora a importancia dos criterios éticos vinculados á ciencia e a tecnoloxía. **CSC  CMCCT**<br>3.2. Coñece  algúns dos cambios mais importantes vinculados aos adiantos científicos e tecnolóxicos contemporáneos e entende as repercusións dos mesmos no concepto de “vida”. **CMCCT**<br>3.3. Diserta sobre as técnicas de manipulación xenética e as repercusións éticas e |

| | |
|---|---|
| aprendizaxe | sociais das mesmas. **CCL CMCCT**<br>3.4.Comprende e analiza a relación entre determinadas actuacións políticas e a vulneración da relación entre xustiza e sanidade**AA CSC**<br>3.5. Resolve algún dilema moral de forma oral , sobre a aplicación práctica do principio de beneficencia nun dilema de ética médica .**CSIEE**<br>3.6.Resolve algún dilema moral de forma escrita , sobre a aplicación práctica do principio de xustiza en relación cun caso de recortes en servicios sanitarios públicos .**CSIEE**<br>3.7.Obtén e organiza a información para afondar no coñecemento dos problemas a tratar, mediante a documentación e a investigación usando as posibilidades das novas tecnoloxías para consolidar e ampliar a información.**CD**<br>3.8. Fai unha exposición en soporte dixital sobre algún dos seguintes problemas: a manipulación do xenoma, a clonación, a reprodución asistida, o dereito á vida e morte digna, a experimentación con humanos. **CD**<br>3.9. Participa en debates sobre algúns problemas dos sinalados, cunha actitude dialóxica,desde o respecto, empatía e tolerancia polas opinións alleas.**CCL, CSIEE**<br>*3.10. Manexa e cita documentación relativa os principais Convenios e Regulamentos no campo da Bioética. **AA*** |

### *Tema 4. Os problemas ecolóxicos, do medio ambiente e a biosfera.*

| | |
|---|---|
| Obxectivos | a, b, c, d, e, g, h,i, l, m |
| Contidos | **4.1. A ética ambiental. Definición e obxectivos.**<br>**4.2.Os principios de:**<br>**- responsabilidade (coidado do ser vulnerable: seres humanos actuais e futuros e a restante vida planetaria);xustiza ecolóxica nas súas tres vertentes: global ( desigualdades socioeconómicas a nivel planetario), interxeneracional (xeracións futuras) e interespecífica (principio de hospitalidade biosférica respecto aos outros seres vivos).**<br>**4.3. Algúns problemas:contaminación das aguas e a atmósfera por diversas causas ,incorrecta utilización da enerxía,uso de enerxía nuclear,sobrexplotación dos recursos, o crecemento da poboación,industria de impacto medioambiental,a chuvia ácida,a desertización.**<br>**4.4. A necesidade de fomentar unha conciencia medioambiental: Aprender a convivir coa natureza respectando ao mesmo tempo as necesidades humanos. Producir sobre bases sustentabeis para o presente e para o futuro.** |
| Criterios de avaliación | 4.1.Valorar e coñecer a importancia da ética ambiental e comprender que a natureza debe ser un axente moral.<br>4.2.Coñecer algúns dos fenómenos industriais, tecnolóxicos e económicos , derivados da actuación humana que mais alteran o medio.<br>4.3. Obter e organizar a información para afondar no coñecemento dos temas a tratar, mediante a documentación e a investigación usando as posibilidades das novas tecnoloxías para consolidar e ampliar a información.<br>4.4. Comprender a necesidade dun cambio de conciencia a nivel mondial para aprender a convivir coa natureza de maneira respectuosa.<br>4.5.Comprender e valorar negativamente os intereses de tipo económico que favorecen unha industria de forte impacto medioambiental.<br>4.6. Participar en debates sobre algúns problemas dos sinalados, cunha actitude dialóxica,desde o respecto, empatía e tolerancia polas opinións alleas. |

| | |
|---|---|
| Estándares de aprendizaxe | 4.1.Valora e coñece a importancia da ética ambiental. **AA**<br>4.2.Explica os principios sobre os que se asenta a ética ambiental e pode aplicalos nalgún caso práctico**. CMCCT**<br>4.3.Obtén e organiza a información para afondar no coñecemento dos problemas mediambientais, mediante a documentación e a investigación usando as posibilidades das novas tecnoloxías para consolidar e ampliar a información.**CD**<br>4.4. Fai unha exposición en soporte dixital sobre algún dos seguintes problemas: contaminación das aguas e a atmósfera por diversas causas, incorrecta utilización da enerxía,-sobrexplotación dos recursos, o crecemento da poboación, industria de impacto medioambiental, a chuvia ácida, a desertización **CSIEE CD**<br>4.5. Participa en debates sobre algúns problemas dos sinalados, cunha actitude dialóxica,desde o respecto, empatía e tolerancia polas opinións alleas..**CCL, CSIEE** |

***Tema 5. Os Dereitos dos animais.***

| | |
|---|---|
| Obxectivos | a, b, c, d, e, g, h,k,i, l, m |
| Contidos | **5.1.A natureza animal como un suxeito de dereitos.**<br>**5.2.Pensadores decisivos: Peter Singer , Tom Regan, Seven Wise, Helmut F. Kaplan e Gary Francine.**<br>**5.3. O grupo PETA (Personas por o Trato Ético dos Animales) na actualidade.**<br>**5.4. Algúns problemas: as granxas factoría, a experimentación con animais, pelexas de galos e tauromaquia, o consumo de carne.** |
| Criterios de avaliación | 5.1. Comprender, en base ao principio de minimizar o sufrimento, que os animais non deben ser sometidos a prácticas cruentas e innecesarias por parte dos humanos.ece algúns dos cambios mais importantes vinculados aos adiantos científicos e tecnolóxicos contemporáneos e entender as repercusións dos mesmos no concepto de “vida”.<br>5.2.Expoñer e analizar as ideas mais novidosas no referente aos dereitos dos animais.<br>5.3. Citar e analizar textos dos pensadores mais preocupados polo sufrimento animal.<br>5.4.Participar en debates sobre algúns problemas dos sinalados, cunha actitude dialóxica,desde o respecto, empatía e tolerancia polas opinións alleas.<br>*5.5. Manexar e citar documentación relativa os principais documentos sobre os dereitos dos animais: O Proxecto Simio, Declaración de Helsinki de 2010.* |
| Estándares de aprendizaxe | 5.1. Pode disertar sobre a posibilidade de otorgar dereitos a determinadas especies animais. **CCL CMCCT**<br>5.2 Cita e analiza textos dos pensadores mais preocupados polo sufrimento animal. **CCL**<br>5.3.Participa en debates sobre algúns problemas dos sinalados, cunha actitude dialóxica,desde o respecto, empatía e tolerancia polas opinións alleas. **CCL CSIEE**<br>*5.4. Manexa e cita documentación relativa os principais documentos sobre os dereitos dos animais: O Proxecto Simio, Declaración de Helsinki de 2010.* ***AA*** |

## 7. Temporalización dos estándares de aprendizaxe avaliables, grao mínimo de consecución de estes e procedementos e instrumentos de avaliación.

A continuación establécese o nivel mínimo de consecución de cada estándar e os instrumentos cos que se avaliará. A ponderación dos diferentes instrumentos cos que se cualifica ao alumnado figura explícitamente no apartado de criterios sobre avaliación e cualificación do alumnado.

### Tema 1. Os dilemas morais : argumentación e debate.

| Estándares de aprendizaxe | Grao mínimo de consecución do estándar | Temporaliza 1ºT 2ºT 3ºT | Proced./ instAvaliac. |
|---|---|---|---|
| 1.1.Describe en que consiste a ética aplicada e valora a súa importancia no desenvolvemento moral do ser humano | 1.1.Describe en que consiste a ética aplicada e valora a súa importancia no desenvolvemento moral do ser humano. | V | **Disertac. 1** |
| 1.2.Coñece e analiza textos sobre as principais ideas éticas dos seguintes pensadores: Peter Singer, Jonathan Glover , R. M. Hare, Rawls, Onora O'Neil e J. Habermas. | 1.2.Analiza textos de tres ou catro pensadores. | V | **Análise de textos** |
| 1 .3.Coñece e emprega conceptos como "ética teórica", "utilitarismo", teoría dos dereitos liberais", "etica da virtude", "ética das consecuencias" , "ética do coidado", "ética comunicativa ou dialóxica". | 1 .3.Coñece e emprega conceptos como "ética teórica", "utilitarismo", teoría dos dereitos liberais", "etica da virtude", "ética das consecuencias" , "ética do coidado", "ética comunicativa ou dialóxica". | V | **Disertac. 1 e cuestións na aula** |
| 1.4.Resolve algún dilema moral de forma oral e escrita, argumentando e razoando os propios puntos de vista con claridade e coherencia | 1.4.Resolve algún dilema moral de forma oral e escrita, argumentando e razoando os propios puntos de vista con claridade e coherencia. | V V V | **Activ.na aula.** (Resolución de dilemas) |
| 1.5.Pode distinguir os razoamentos | 1.5.Pode distinguir os razoamentos | V V V | **Análise de textos.** |

| | | | |
|---|---|---|---|
| correctos dos razoamentos falaces nun discurso argumentativo. | correctos dos razoamentos falaces nun discurso argumentativo. | | |
| 1.6.Selecciona as fontes documentais máis pertinentes e as súas propias vivencias para extraer contidos e ideas variadas relacionadas co tema do discurso | 1.6.Selecciona as fontes documentais máis pertinentes e as súas propias vivencias para extraer contidos e ideas variadas relacionadas co tema do discurso | **V V V** | **Observ. na aula** |
| 1.7.Analiza de xeito crítico a información atopada e avalía a súa idoneidade para o obxectivo do seu discurso. | 1.7.Analiza de xeito crítico a información atopada e avalía a súa idoneidade para o obxectivo do seu discurso. | **V V V** | **Argumenta c.e expos. na aula** |
| 1.8.Emprega no discurso as estratexias da retórica e da oratoria de maneira ética e honesta, recoñecendo as debilidades do razoamento propio e valorando as achegas dos demais | 1.8.Emprega no discurso as estratexias da retórica e da oratoria de maneira ética e honesta, recoñecendo as debilidades do razoamento propio e valorando as achegas dos demais | **V V V** | **Argumenta c. e expos. na aula** |
| 1.9.O rganiza e fai exposicións dos coñecementos adquiridos usando as novas tecnoloxías. | 1.9. Organiza e fai exposicións dos coñecementos adquiridos usando as novas tecnoloxías. | **V V V** | **Traballo grupo en formato dixital 1** |
| 1.10.Participa en debates cunha actitude dialóxica , disposto a valorar sen prexuízos as aportacións dos demais interlocutores | 1.10.Participa en debates cunha actitude dialóxica , disposto a valorar sen prexuízos as aportacións dos demais interlocutores | **V V V** | **Partic. en Debate** |

## Tema 2.A Bioética .Orixe e caracterización.

| **Estándares** | **Grao mínimo de consecución do estándar** | **Temporaliza 1ºT 2º 3ºT** | **Procedem,/ instrument. avaliación** |
|---|---|---|---|
| 2.1. Coñece as características da Bioética e comprende a súa relación con outras disciplinas. | Realiza esquemas conceptuais organizando e relacionando os conceptos mais significativos de Bioética con corrección. | **V** | **Activ.na aula.** (esquema conceptual) |
| 2.2.Analiza textos de pensadores vinculados á Bioética. | Entende e analiza textos dos conceptos mais importantes de polo menos 3 autores | **V** | **Activ.na aula.**( análise |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | | | textos) |
| 2.3.Organiza e relaciona a información sobre a historia desta disciplina. | Describe e distingue os momentos mais significativos na historia da bioética | V | **Activ.na aula.** (esquema conceptual) |
| 2.4.Diserta sobre a importancia da Bioética como aproximación entre a racionalidade científica e a racionalidade dos fins. | Ten iniciativa e coñecementos para realizar valoracións críticas e personais sobre a bioética e capacidade de argumentación a favor dunha racionalide dos fins. | V | **Disertación 2** |
| 2.5. Realiza esquemas conceptuais sobre a historia desta disciplina. | Realiza esquemas conceptuais organizando e relacionando os conceptos mais significativos da historia da bioética con corrección. | V | **Activ.na aula** (esquema conceptual) |
| 2.6.Coñece e reflexiona sobre o principios nos que se sustenta a Bioética e analiza as posibles implicacións prácticas dos mesmos. | Entende os os conceptos e valora a súa importancia de maneira crítica e reflexiva. | V | **Disertación 2** |

## Tema3. A Bioética. Problemas actuais

| **Estándares** | **Grao mínimo de consecución do estándar** | **Temporaliz. 1ºT 2º 3ºT** | **Procedem,/ instrument. avaliación** |
|---|---|---|---|
| 3.1.A importancia dos criterios éticos vinculados á ciencia e a tecnoloxía. | Valora a importancia dos criterios éticos vinculados á ciencia e a tecnoloxía. | V | **Observ. Na aula** |
| 3.2. Coñece algúns dos cambios mais importantes vinculados aos adiantos científicos e tecnolóxicos contemporáneos e entende as repercusións dos mesmos no concepto de “vida”. | Coñece algúns dos cambios mais importantes vinculados aos adiantos científicos e tecnolóxicos contemporáneos e entende as repercusións dos mesmos no concepto de “vida”. | V | **Disertación 3** |
| 3.3. Diserta sobre as técnicas de manipulación xenética e as repercusións éticas e sociais das mesmas. | Ten iniciativa e coñecementos para realizar valoracións críticas e personais sobre a manipulación xenética. | V | **Disertación 3** |
| 3.4.Comprende e analiza a relación entre determinadas actuacións políticas e a vulneración da relación entre xustiza e sanidade | Argumenta sobre problemas de política sanitaria claridade, corrección e coherencia. | V | **Activ.na aula. (Resolución de dilemas)** |
| 3.5. Resolve algún dilema moral de forma oral , sobre a aplicación práctica do principio de beneficencia nun dilema de ética médica | Argumenta sobre casos prácticos oralmente con claridade, corrección e coherencia. | V V V | **Activ.na aula. (Resolución de dilemas)** |
| 3.6.Resolve algún dilema moral de forma escrita , sobre a aplicación práctica do principio de xustiza en | Agumenta sobre dilemas médicos con cla- ridade, corrección e coherencia. | V | **Activ.na aula. (Resolución** |

| | | | |
|---|---|---|---|
| relación cun caso de recortes en servicios sanitarios públicos. | | | **de dilemas)** |
| 3.7.Obtén e organiza a información para afondar no coñecemento dos problemas a tratar, mediante a documentación e a investigación usando as posibilidades das novas tecnoloxías para consolidar e ampliar a información. | Recolle e organiza de maneira clara e ordenada os coñecementos en soporte dixital | **V V V** | **Traballo en grupo en formato dixital 2** |
| 3.8. Fai unha exposición en soporte dixital sobre algún dos seguintes problemas: a manipulación do xenoma, a clonación, a reprodución asistida, o dereito á vida e morte digna, a experimentación con humanos | Expón e organiza de maneira clara e ordenada os coñecementos en soporte dixital. | **V V V** | **Traballo en grupo en formato dixital 2** |
| 3.9.Participa en debates sobre algúns problemas dos sinalados, cunha actitude dialóxica,desde o respecto, empatía e tolerancia polas opinións alleas. | Expón, argumenta e resposta ao interlocutor de maneira clara e madura, valorando criticamente e respectando opinións propias e alleas. | **V V V** | **Participación en Debate** |
| 3.10. Manexa e cita documentación relativa os principais Convenios e Regulamentos no campo da Bioética. | Entende e comenta os principais documentos en relación coa Bioética | **V** | **Activ.na aula.(análise de textos)** |

## Tema 4. Os problemas ecolóxicos, do medio ambiente e a biosfera.

| **Estándares** | **Grao mínimo de consecución do estándar** | **Temporaliz 1ºT 2 3ºT** | **Procedem,/ instrument. avaliación** |
|---|---|---|---|
| 4.1.Valora e coñece a importancia da ética ambiental. | Comprende e coñece certos conceptos de ética ambiental e valora a necesidade desta disciplina. | **V** | **Disertación 4** |
| 4.2.Explica os principios sobre os que se asenta a ética ambiental e pode aplicalos nalgún caso práctico. | Argumenta sobre dilemas relacionados co contorno con claridade, corrección e coherencia. | **V** | **Activ.na aula. (Resolución de dilemas)** |
| 4.3.Obtén e organiza a información para afondar no coñecemento dos problemas mediambientais, mediante a documentación e a investigación usando as posibilidades das novas tecnoloxías para consolidar e ampliar a información. | Recolle e organiza de maneira clara e ordenada os coñecementos sobre problemas mediambientais en soporte dixital | **V** | **Exposición individual en formato dixital.** |
| 4.4. Fai unha exposición en | Expón e organiza de maneira clara e | **V** | **Exposición** |

| | | | |
|---|---|---|---|
| soporte dixital sobre algún dos seguintes problemas: contaminación das aguas e a atmósfera por diversas causas, incorrecta utilización da enerxía,- sobrexplotación dos recursos, o crecemento da poboación, industria de impacto medioambiental, a chuvia ácida, a desertización. | ordenada os coñecementos en soporte dixital. | | **individual en formato dixital.** |
| .4.5. Participa en debates sobre algúns problemas dos sinalados, cunha actitude dialóxica,desde o respecto, empatía e tolerancia polas opinións alleas. | Expón, argumenta e resposta ao interlocutor de maneira clara e madura, valorando criticamente e respectando opinións propias e alleas. | **V** | **Participac. en Debate** |

## *Tema 5. Os Dereitos dos animais.*

| **Estándares** | **Grao mínimo de consecución do estándar** | **Temporaliz.**<br>**1ºT 2º 3ºT** | **Procedem,/ instrument. avaliación** |
|---|---|---|---|
| 5.1. Pode disertar sobre a posibilidade de otorgar dereitos a determinadas especies animais. | Entende o problema e valora a súas repercusións de maneira crítica e reflexiva. | **V** | **Disertación 5** |
| 5.2 Cita e analiza textos dos pensadores mais preocupados polo sufrimento animal. | Cita e analiza textos de polo menos 4 pensadores preocupados polo sufrimento animal. | **V** | **Activ. na aula.(análise de textos)** |
| 5.3.Participa en debates sobre algúns problemas dos sinalados, cunha actitude dialóxica,desde o respecto, empatía e tolerancia polas opinións alleas. | Expón, argumenta e resposta ao interlocutor de maneira clara e madura, valorando criticamente e respectando opinións propias e alleas. | **V V V** | **Participac. en Debate** |
| *5.4. Manexa e cita documentación relativa os principais documentos sobre os dereitos dos animais: O Proxecto Simio, Declaración de Helsinki de 2010.* | Entende e comenta os principais documentos en relación cos problemas dos animais. | **V** | **Activ. na aula.(análise de texto** |
| 5.6.Fai un traballo e exposición en grupoen soporte dixital sobre algún problema de maltrato animal ou experimentación con animais. | Expón e organiza de maneira clara e ordenada os coñecementos en soporte dixital aportando solucións ao problema. | **V** | **Traballo grupo dixital 3** |

## 6. Metodoloxía, materiais e recursos didácticos.

Nesta materia os recursos metodolóxicos teñen que ir dirixidos a propiciar a autonomía do alumnado e favorecer o desenvolvemento dos obxectivos do curso dentro dun clima de confianza. Considérase por iso necesario, fomentar iniciativas e estratexias dirixidas a despertar o interese polo traballo en grupo, axudar a compartir os coñecementos que posúen os alumno/as sobre os temas, motivar a cohesión e a convivencia diaria. Débese fomentar o traballo cooperativo, pois facilita a implicación do alumnado, permite desenvolver as competencias lingüística, social e cívica a través da interacción, propicia a creación dun clima adecuado para a autoavaliación e a coavaliación e resulta imprescindible para a preparación e desenvolvemento de determinadas técnicas comunicativas orais, especialmente o debate.
Interesa traballar de maneira práctica –por tanto, aprender máis e mellor– os conceptos explicados e, por suposto, facer máis dinámica e divertida a tarefa de ensinar-aprender. Debido a escasa carga lectiva da materia ( 1 hora semanal) non interesan tanto os contidos teóricos ,como a capacidade de resolver e argumentar sobre casos prácticos.
Por outra banda, para a adquisición das destrezas propias da materia realizaranse distintas actividades: exercicios diversos de técnicas de argumentación, tanto escrita como oral,resolución de dilemas morais, exercicios de análise de textos e esquemas conceptuais, disertacións....
Para acadar os obxectivos propostos, non se fixou como obrigatorio ningún libro de texto..Empregaranse explicacións orais e distinto material audiovisual ( videos, documentais, páxinas webs..)..e o alumnado será en moitas ocasións o encargado de buscar información sobre os temas.

### LECTURAS:

**GRACIA, D.** (1989): ***Fundamentos de Bioética***. Ed. Eudema, Madrid.

**JONAS, H**. (1997): ***Técnica, Medicina y Ética. La práctica del principio de responsabilidad***. Ed. Paidós, Barcelona.

**VIDAL, M**. (1989): ***Bioética. Estudios de bioética racional***. Ed. Tecnos, Madrid.

**CORTINA, Adela (**1994) : **La Ética de la Sociedad Civil**, Anaya, Madrid 1994.

**MORENO MUÑOZ, M.** (1996): ***El debate sobre las implicaciones científicas, éticas, sociales y legales del Proyecto Genoma Humano. Aspectos epistemológicos***. Tesis de Doctorado, Universidad de Granada.K.

**APEL, O.** (1998)**: Teoría de la verdad y ética del discurso**, Barcelona, Paidós 1998

**DOCUMENTAIS:** .

***Earthlings*** *de* **Shaun Monson**
***Guerriller@s*** *de* **Montse Pujantell**

## 7. Criterios e procedementos de cualificación do alumnado.

De acordo coas e obxectivos da materia, os principais criterios de avaliación serán os seguintes:
1.Coñecer e realiza definicións dos principais conceptos de cada unidade temática, establecendo relacións entre eles e saber aplicalos a distintos contextos.
2.Realizar esquemas completos, persoais e ben estructurados sobre os distintos temas.
3.Disertar sobre os temas propostos con claridade, e argumentar con madurez e rigor conceptual.
4.Coñecer e comprender textos dos principais teóricos da ética aplicada e de bioética.
5.Valorar a importancia dos principios éticos nos campos científicos e tecnolóxicos.
6.Obter e organizar a información de maneira persoal e crítica para afondar no coñecemento dos problemas sinalados no currículo.
7.Participar en debates sobre algúns problemas dos sinalados, cunha actitude dialóxica,desde o respecto, empatía e tolerancia polas opinións alleas e expresándose com madurez e rigor conceptual.
8. Expresar as súas opinións, valoracións e sentimentos de forma asertiva e respectuosa.
9.Utilizar adecuadamente as novas tecnoloxías e busca información en internet sobre os problemas sinalados.
10. Coñecer algúns dos cambios mais importantes vinculados aos adiantos científicos e tecnolóxicos contemporáneos e entende as cosecuencias da ausencia de criterios e valores éticos na sociedade actual.
11.Comprender e empatizar co sufrimento animal.

**Avaliación continua**

Para cualificar o alumno/a por trimestre empregaranse os seguintes instrumentos de avaliación:

Realización de **TRABALLOS PROPOSTOS, participación en DEBATES e Actividades e TAREFAS** na aula de maneira individual e grupal.

**1.** Actividades e tarefas na aula:comentario e análise de textos relacionados con cada unidade, cuestionario e realización de esquemas conceptuais, resolución casos prácticos prácticos de dilemas morais, elaboración dunha disertación ou exposición oral sobre algún dos problemas éticos.
**2.** Investigación e participación en debates

| **1. Criterios sobre a avaliación e cualificación** | |
|---|---|
| **1º Avaliación** | Cálculo da nota da 1º avaliación:<br><br>Traballos e actividades 50%<br>Preparación e participación en Debate 50% |

| | |
|---|---|
| | Procedemento de recuperación da 1º avaliación:<br><br>Repetición de traballos e actividades cualificados negativamente |
| **2º Avaliación** | Cálculo da nota da 2º avaliación:<br><br>Traballos e actividades 50%<br>Preparación e participación en Debate 50% |
| | Procedemento de recuperación da 2º avaliación:<br><br>Repetición de traballos e actividades cualificados negativamente |
| **3º Avaliación** | Cálculo da nota da 3º avaliación:<br><br>Traballos e actividades 50%<br>Preparación e participación en Debate 50% |
| | Procedemento de recuperación da 3º avaliación:<br><br>Repetición de traballos e actividades cualificados negativamente |
| **Cualificación final** | Cálculo para obter a cualificación final de curso:<br><br>Nota media das 3 avaliacións |
| **Proba extraordinaria para BAC** | Consistente en:<br><br>Proba global cualificada sobre 10 puntos. |

## 8. CONCRECIÓN DE ELEMENTOS TRANSVERSAIS.CONTRIBUCIÓN AOS PROXECTOS DO CENTRO

No artigo 6 “Elementos transversais” do RD 1105/2014, do 26 de decembro, (B.O.E. do 3 de xaneiro de 2015), contémplanse unha serie de destrezas e competencias que teñen que figurar como elementos transversais nas programacións das diferentes materias.

No punto 1 podemos ler: “Na Educación Secundaria Obrigatoria, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas materias de cada etapa, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as Tecnoloxías da Información e a Comunicación, o emprendimento e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as materias”

No punto 2 indícase: “A programación docente debe comprender en todo caso a prevención da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera tipo de violencia, racismo ou xenofobia, incluído o estudo do Holocausto xudeu como feito histórico”. “Evitaranse os comportamentos e contidos sexistas e estereotipos que supoñan discriminación”.

O Departamento de Filosofía , debido as materias que imparte é un departamento privilexiado para o traballo dos elementos transversais, pois en Valores éticos, Filosofía, Historia da Filosofía e Problemas éticos actuais, varios destes elementos forman parte do currículo.
A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as Tecnoloxías da Información e a Comunicación, o emprendimento e a educación cívica e constitucional aparecen en todas estas materias como competencias que é necesario acadar para poder promocionar e por tanto todas se traballan directamente asociadas os distintos estándares de aprendizaxe recollidos no desenvolvemento curricular.
Na ESO en Valores éticos, **a educación cívica e constitucional** é o eixo artellador do todos os contidos e estándares de aprendizaxe requeridos na materia e en 4º no currículo de Filosofía aparece tamén formando parte do currículo nos temas de acción moral e política.
Asimesmo a **comprensión lectora e a expresión oral e escrita**, tráballase durante todo o curso en todas as materias mediante lecturas ( concretizado no apartado do Plan Lector mais abaixo), análises de textos, debates e disertacións.
Á **comunicación audiovisual**, se lle presta unha especial atención e en todos os cursos se realizan actividades a partir do visionado de curtametraxes e películas. Ademais, se promove e fomenta o uso responsable das **TIC** , ferramentas privilexiadas de comunicación co profesorado (Aula virtual do IES Pontecaldelas) pero non exentas de prácticas de abuso. ( información mais concreta no apartado de Plan de integración das TIC)
En todos os niveis, potenciase a **iniciativa** e **autonomía individual** para elaborar xuízos propios a vez que se promove a capacidade de traballar cooperativamente para resolver distintas tarefas. O desenvolvemento curricular das materias do Departamento de Filosofía impulsa a participación do alumnado en actividades que lle permitan afianzar aptitudes como a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico. Nas actividades complementarias e extraescolares se contemplan clubs de lectura, colaboración con Dinamización Lingüística, colaboración coa revista do centro Falabarato, asistencia a representacións teatrais...

Ademais de traballar as competencias mencionadas no propio currículo, insístese dun xeito

especial na práctica do **diálogo** como vía de resolución de conflitos e na necesidade de manter unha mente crítica sen prexuízos. Ponse especial coidado na **prevención de todo tipo de violencia** e actitudes racistas, sexistas ou homófobas, pois os valores de **convivencia** forman parte do currículo de Valores éticos e Filosofía en todos os niveis.
Promóvese a lectura e a argumentación como medio de enriquecimento intelectual e personal e asimesmo valórase a iniciativa e autonomía individual para seleccionar información e elaborar xuízos propios a vez que se promove a capacidade de traballar cooperativamente para resolver distintas tarefas.

Promóvese ademais a adquisición de **valores ecoloxistas**, de respecto pola natureza e de precaución ante a primacía de intereses económicos na práctica empresarial, industrial ou médica.

A materia contribue tamén a reforzar a **empatía** non so respecto os demais humanos, senón respecto a outros seres vivos,( animais particularmente) e permite valorar a precariedade e importancia da vida, promovendo hábitos de vida saudabeis.

Insístese tamén na necesidade de valorar a nosa contorna e a nosa lingua como sinal de identidade que non é incompatible coa condición de cidadán/á dun mundo global.

Para reforzar estes valores o Departamento de Filosofía forma parte dos equipos de Dinamización Lingüística, Dinamización da Convivencia e Dinamización da Biblioteca e promove a participación nas actividades realizadas nas seguintes xornadas: **DÍA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO**, **ENTROIDO** , **DIA DA MULLER, DÍA DAS LETRAS GALEGAS** e **XORNADA DE CONVIVENCIA.**

**-CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR E AO PROXECTO LINGÜÍSTICO:**

En relación co obxectivo específico de fomentar a lectura, este Departamento colabora co equipo de Dinamización Lingúística para promover o uso normalizado da língoa galega e colabora tamén coa Dinamización da Biblioteca organizando un Club de Lectura para alumnado de 2º en Psicoloxía, pois entende que aspectos como a comprensión lectora e a expresión oral e escrita, requiren de reforzo constantemente pois están intimamente relacionadas co fracaso escolar
En todas as materias impartidas, ademais de traballar en profundidade a competencia lingúística, figura una selección de lecturas recomendadas ,nalgún caso obrigatoria, para reforzar estas destrezas:

En **VALORES ÉTICOS**, figuran como recomendadadas as seguintes:

**( 2º ESO)**

**22 segundos** de Eva Mejuto

**O diario violeta de Carlota** de Gemma Lienas

**Armán e a fábrica podre** de Llort e Macip

**O neno do pixama a raias** de John Boyne

**Ética para Amador** de Fernando Savater.

**Rosas blancas para Claudia** de Carlos Puerto

**El chico que quería convertirse en ser humano** de J. Riel

**Las furias** de Sierra i Fabra.

**Los caminos de la felicidad** de G. Trespaderne

**26 cuentos para pensar** de Jorge Bucay. (Algún de eles é lido na aula e se realiza unha reflexión crítica sobre o seu contido.)

**( 4º ESO)**

**Xa non estou aquí de Iria Misa**

**Madonna e outros contos de inverno** de Manuel Rivas

**O diario vermello de Carlota** de Gemma Lienas. (Selecciónase algún capítulo para ler e facer unha reflexión crítica)

**Iridium** de Francisco Castro

**As palabras poden matar** de Marcos Calveiro

**A ira dos mansos** de Manuel Esteban

**Malala.Mi historia** de Malala Yousafzai. (Selecciónase algún capítulo para ler e facer unha reflexión crítica)

Comic: **A. Spiegelman** de Maus.

Comic: **Alleos** de Idoia de Luxán Vázquez.

En **FILOSOFÍA EN 4ºESO** o alumnado traballará algunha das seguintes obras:

**Filosofía para bípedos sen plumas** *de Daniel Rosende*

**El país de los ciegos** *de H. G. Wells*
**O curioso incidente do can á media noite** de Mark Haddon
**El juego de pensar** *de Tobbies Grimaltos*
**El diccionario de Carola** *de Carmen Gómez Ojea*
**O señor das moscas** *de William Golding.*

En **HISTORIA DA FILOSOFÍA EN 2º DE BACHARELATO**, consíderase obrigatoria a lectura e análise ( escrito ou oral) de todos os fragmentos propostos pola **CIUG** dos distintos autores. Ademais, ofrécese a posibilidade de ler voluntariamente un dos seguintes libros:

**A caverna de Saramago** ( revisión e profundización na filosofía de Platón)

**O señor das moscas** de W. Golding (a construción social segundo Hobbes, Locke e Rousseau)

**O círculo** de D. Egger (Marx e escola de Frankfurt) na actualidade.

**El mundo feliz** de Luisgé Martin

- **CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TIC:** En todos os cursos e materias, faise un uso frecuente das Tic: emprégase a Aula virtual do IES Pontecaldelas, onde o alumnado pode atopar todos os recursos e actividades realizadas durante o curso, así como enlaces a material de páxinas web.

Ademais de favorecer deste xeito a comunicación co alumnado, en todos os niveis algún dos traballos realizados preferentemente en grupo, será unha presentación en soporte dixital e se empregan como apoio das explicacións en clase con moita frecuencia, fragmentos de películas, documentais, curtametraxes, videos e páxinas webs relacionadas cos contidos dos diferentes currículos.O material elaborado polo profesor e o alumnado en soporte dixital( videos, presentacións...) compártese con eles para favorecer e estimular o uso das ferramentas dixitais.

## 9. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Entendemos por **atención á diversidade** o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado. (Artigo 3, D. 229/11) Estas medidas poden ser ordinarias ( non requiren cambios significativos no currículo) ou extraordinarias ( requiren cambios significativos no currículo e se aplican cando non sexan suficientes as medidas ordinarias.)

Para detectar estas medidas de alumnado con necesidades especiais (NEAE), reálizase una avaliación inicial por parte do profesorado e o Departamento de Orientación e posteriormente a **avaliación contínua** trata de revisar e mellorar o proceso de ensino aprendizaxe e permite modificar as medidas de atención á diversidade que se levan a cabo.

O Departamento de Filosofía, debido as materias que imparte na ESO ( Valores éticos) e as características do alumnado matriculado en Bacharelato, en principio non contempla ningunha medida de carácter extraordinario ( non ten agrupamentos, nin desdobramentos nos grupos e non realiza ningunha adaptación curricular), pero sí reforzos e estratexias a desenvolver por a profesora na aula. Dirixidas a reforzar a aprendizaxe no caso do alumnado que precisa unha atención mais individualizada.Entre estas medidas de carácter ordinario ,figuran as seguintes:

a) Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos

b) Adaptación dos tempos e instrumentos na avaliación.( Mais tempo para alumnado mais lento na realización de probas escritas, proba oral e non escrita para quen ten mais problemas coa expresión escrita, emprego do ordenador para escribir, flexibilidade no tempo de entrega de traballos)

c) Ubicación do alumno/a mais cerca da profesora ( no caso de alumnado con déficit de atención e hiperactividade (TDAH), por exemplo.

d) Recordatorio por escrito das tarefas a realizar.

e) Maior frecuencia na comunicación co Departamento de Orientación, titor/a e pais do alumnado con mais dificultades.

f) Selección de lecturas mais sinxelas e simplificación dos enunciados nas cuestións e tarefas escritas.

g) Material complementario mais complexo e profundo de carácter voluntario para o alumnado de altas capacidades intelectuais.

## 10. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS.

A avaliación inicial permitirá coñecer a situación da que parte o alumno/a: a súa motivación, os seus coñecementos previos , as súas seus preconcepcións, etc. Tamén permite ao alumno/a familiarizarse cos problemas e termos que se van traballar: sitúalle ante problemas novos, orienta as súas reflexións, familiarízalle cunha nova linguaxe. Esta avaliación realizarase de maneira exhaustiva e por escrito ao comezo de curso e en cada grupo despois dunhas 2 semanas de actividade lectiva. Posteriormente, ao comezo de cada unidade nova a indagación farase de maneira oral ou escrita alternativamente.Os resultados desta avaliación (Informativa para o profesorado) non serán usados para recompensar ou penalizar ao alumnado senón que servirán para detectar as principais dificultades con que se vai atopar ao alumnado na materia do curso e permitirán atender especialmente aos alumno/as que precisan apoio educativo (NEAE).

En **Valores éticos,** en todos os niveis, o alumnado responderá a 5 cuestións sobre habilidades e destrezas emocionais e se lle pide que, ante un dilema moral, decida e xustifique a súa actuación. Con esta sinxela proba, estamos en condicións de detectar problemas relacionados coa comprensión e expresión escrita e actitudes pouco empáticas e irracionais.En Outubre, realízase unha sesión de avaliación inicial con todo o profesorado e o Departamento de Orientación do centro, e se cubre unha ponderación inicial sobre as competencias, motivación e hábitos do alumnado.

Cando se detecten dificultades de aprendizaxe nun alumno ou alumna, o profesorado poñerá en marcha medidas de carácter ordinario (adecuando a súa programación ás necesidades do alumnado, adaptando a metodoloxía ou a temporalización ou realizando adaptacións non significativas do currículo) ou extraordinario se é o caso.

En **Filosofía en 4º de ESO** a proba inicial consistirá na lectura dun texto sobre distintas formas de coñecemento. tras a cal cada alumno/a responderá a unhas cuestións para determinar se comprende o sentido do mesmo.

Cando se detecten dificultades de aprendizaxe nun alumno ou alumna, o profesorado poñerá en marcha medidas de carácter ordinario (adecuando a súa programación ás necesidades do alumnado, adaptando a metodoloxía ou a temporalización ou realizando adaptacións non significativas do currículo) ou extraordinario se é o caso.

## 11. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

Un dos aspectos que non podemos esquecernos de avaliar é o proceso de ensino e a nosa propia práctica docente. Para un desenvolvemento axeitado e á vez simplificado deste apartado elaboramos unha serie de indicadores de logro que recollen as catro dimensións básicas que cremos reúnen os indicadores máis significativos para abordar a práctica docente:

- Seguimento da programación.
- Atención á diversidade
- Exercicios, actividades e tarefas na aula
- Aplicación dos criterios de avaliación e cualificación.

Os resultados desta avaliación serán utiles a hora de introducir as modificación necesarias e os principais problemas que xurdan serán recollidos no libro de actas do Departamento e na memoria de fin de curso.Para esta tarefa o Departamento deseñou este instrumento, cualificando os indicadores con 1 (deficiente), 2 ( Insuficiente), 3 (Aceptable) e 4 ( Moi Ben).

| INDICADORES DE LOGRO | 1 | 2 | 3 | 4 |
|---|---|---|---|---|
| 1.Cando comezamos unha unidade ou tema novo,presentámoslles aos alumnos os obxectivos e competencias que se queren desenvolver, as diferentes actividades a realizar, como serán avaliados? | | | | |
| 2.Motivamos aos alumnos comunicándolles os obxectivos que queremos conseguir e a finalidade das actividades, partindo dos seus coñecementos previos, relacionando os contidos con situacións reais, informándoos da utilidade e creándolles expectativas. | | | | |
| 3.Deseñamos distintas actividades de aprendizaxe para o logro de cada un dos obxectivos. | | | | |
| 4.Organizamos ben o tempo da clase en función das actividades a realizar. | | | | |
| 5. Corriximos e explicamos de forma habitual os traballos e actividades do alumnado , e damos pautas para a mellora da súa aprendizaxe. | | | | |
| 6.En función das características de cada alumno/a, plantexamos tarefas e logros diferentes. | | | | |
| 7. Variamos a organización do grupo-clase (traballo individual,en parellas, en pequeno grupo, en gran grupo, organizamosaxudas entre iguais en base aos perfís diferentes dos alumnos…) | | | | |
| 8.Empregamos recursos e materiais variados para a aprendizaxe da lingua: libro, material audiovisual, material impreso, ferramentas TIC… e seleccionámolos en función da súa idoneidade. | | | | |
| 9.Traballamos os temas transversais. | | | | |
| 10.Utilizamos diferentes tipos de probas de avaliación(exames,traballosindividuais, traballos en grupo, exposicións | | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| orais…) | | | | |
| 11.Utilizamos diversos instrumentos de rexistro e diferentes medios para informar dos resultados aos estudantes e aos pais. | | | | |
| 12.Propoñemos novas actividades que faciliten a adquisición dos obxectivos cando estes non foron acadados. | | | | |

## 13. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.

A programación de todas as materias será obxecto de avaliación e poderá sufrir algunha variación en beneficio do proceso educativo con vistas á mellor consecución dos obxectivos alumnado. Tales modificacións, debidamente xustificadas, recolleranse nas actas do Departamento mensualmente e na memoria final de curso e se sinalarán por cada materia aqueles estándares previstos que non se poideron impartir, os resultados académicos por grupos en cada trimestre e propostas para mellorar a programación didáctica.

A avaliación da programación farase a través dos indicadores de logro que avalían a adecuación entre o programado e a práctica educativa do presente curso.
Para valorar o axuste entre a programación e os resultados obtidos, o Departamento deseñou este instrumento, cualificando os indicadores con 1 (deficiente), 2 ( Insuficiente), 3 (Aceptable) e 4 ( Moi Ben).

**INDICADORES DE LOGRO**

| | 1 | 2 | 3 | 4 |
|---|---|---|---|---|
| **1.Adecuación á secuenciación temporal dos estándares** | | | | |
| **2.Consecución dos obxectivos didácticos** | | | | |
| **3.Respecto do grao mínimo de consecución dos estándares para aprobar a materia** | | | | |
| **4.Contribución a adquisición das competencias básicas** | | | | |
| **5.Medidas correctas de atención á diversidade** | | | | |
| **6. Medidas de reforzo educativo dirixidas a recuperación .** | | | | |
| **7. Adecuación da metodoloxía prevista** | | | | |
| **8. Uso racional dos materiais e recursos didácticos programados** | | | | |
| **9. Os procedementos e instrumentos da avaliación se corresponden cos programados.** | | | | |
| **10. Adecuación da proba de avaliación inicial** | | | | |
| **11. Adecuación aos criterios e procedementos de cualificación programados. Avaliación continua.** | | | | |
| **12. Adecuación aos criterios de cualificación na proba extraordinaria.** | | | | |

## 13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

Contemplase a posibilidade de realizar unha saída en 1º Bacharelato para visita guíada ao Museo do pobo galego no 1º trimestre, e a asistencia do alumnado de 2º Bacharelato ( Historia da Filosofía e Psicoloxía) á exposición sobre Intelixencia artificial na Afundación de Coruña en Xaneiro.

**En Ponte Caldelas a 8 de Marzo de 2023**

**A xefa do Departamento: Begoña Rivas Cao**

**Cristina Rigueira**